

Lexislación da Educación Infantil en Galicia

XUNTA DE GALICIA

Lexislación da Educación Infantil en Galicia

XUNTA DE GALICIA

Edita:

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Imprime:

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

DL: C 3921-2009

Índice

Presentación	5
--------------------	---

PRIMEIRA PARTE

1.- O currículo da educación infantil.....	9
---	----------

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2009).

Preámbulo.....	11
Articulado.....	13
Disposición adicional.....	19
Disposición derogatoria.....	19
Disposicións derradeiras.....	19
ANEXO I. Currículo do primeiro e do segundo ciclo de educación infantil.....	21
ANEXO II. Contribución da etapa educativa á adquisición das competencias básicas	78

2.- Regulación da implantación, o desenvolvemento e a avaliación do alumnado do segundo ciclo da educación infantil	85
--	-----------

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10 de xullo de 2009).

Preámbulo.....	87
Articulado.....	88
CAPÍTULO I. Disposicións de carácter xeral.....	88
CAPÍTULO II. Planificación.....	91
CAPÍTULO III. Profesorado.....	93
CAPÍTULO IV. Atención á diversidade.....	94
CAPÍTULO V. Medidas de apoio para o desenvolvemento do currículo	95
CAPÍTULO VI. Avaliación.....	96
Disposición adicional.....	101

	Disposición transitoria	102
	Disposición derogatoria	102
	Disposicións derradeiras	102
ANEXO I.	Informe persoal	104
ANEXO II.	Informe de avaliación inicial	106
ANEXO III.	Informe anual de avaliación individualizado	107
	Informe individualizado final do 2.º ciclo de EI	109
ANEXO IV.	Informe persoal por traslado en educación infantil	111
ANEXO V.	Proposta metodolóxica para o ensino de inglés en educación infantil	112

SEGUNDA PARTE

3.- **Avaliación: Indicadores observables específicos** 117

	ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.....	119
	ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO	129
	ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	140
	ENSINANZA DE RELIXIÓN	151

4.- **Orientacións metodolóxicas para o segundo ciclo da educación infantil** 157

	ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.....	159
	ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO	165
	ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	173

5.- **Achega da etapa da educación infantil á adquisición de competencias básicas**..... 181

	Competencia en comunicación lingüística	184
	Competencia matemática	186
	Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico	188
	Tratamento da información e competencia dixital	190
	Competencia social e cidadá.....	191
	Competencia cultural e artística	193
	Competencia para aprender a aprender	195
	Autonomía e iniciativa persoal	196

PRESENTACIÓN

Presentación

Este volume recolle a normativa e documentos oficiais para o desenvolvemento da educación infantil. Distribúese en dúas partes que teñen diferente contido e rango normativo.

A primeira parte contén a lexislación vixente:

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Trátase dunha norma que corresponde ao primeiro nivel de concreción do currículo para esta etapa: o nivel do currículo oficialmente establecido, que constitúe a base e o marco de sucesivos niveis de elaboración e concreción curricular. O profesorado concretará ese currículo establecido no proxecto educativo e nas programacións didácticas, e desenvolverao na súa práctica docente.

Neste decreto establécense aqueles elementos do currículo que teñen carácter prescriptivo para todos os centros (obxectivos, contidos e criterios de avaliación das áreas), pero inclúe outros elementos de carácter orientador (orientacións metodolóxicas e contribucións ás competencias básicas). Tanto uns coma outros pretenden axudar as/os profesionais na tarefa de concreción e adaptación do currículo ao seu contexto e ao alumnado.

- Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Ten por obxecto regular a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo. Será de aplicación nos centros docentes que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

A segunda parte da publicación recolle documentos que non son estritamente normativos, así facilitanse:

- Indicadores observables específicos das diferentes áreas.

A súa finalidade é facilitar a realización da avaliación, e considérase que é necesario definir uns indicadores co fin de concretar os aspectos ou trazos que teñen que ser observados e valorados polos/as docentes nas diferentes manifestacións do alumnado.

Na listaxe de indicadores que se presenta queda explícita a correspondencia co criterio de avaliación establecido no Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta relación de indicadores será a que se empregará para cubrir electronicamente os documentos oficiais de avaliación a través dos módulos correspondentes incorporados ao sistema informático XADE, como se indica na Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **Orientacións metodolóxicas para o tratamento das áreas.**

Con carácter orientador remárcanse as actitudes e as respectivas accións que as persoas docentes deben realizar, co fin de xerar ambientes propicios para o logro das aprendizaxes esperadas; e destácase, así mesmo, a necesidade de variación dos recursos pedagóxicos, a partir de diferentes criterios, como forma de promover a motivación nas nenas e nos nenos.

- **Achega da etapa da educación infantil á adquisición de competencias básicas.**

Recolle unha reflexión de como dende as diferentes áreas do currículo de educación infantil estase contribuíndo á adquisición de competencias, e puntualízase a necesidade de poñer en práctica modelos educativos que permitan a mobilización de diferentes recursos cognitivos, onde o paradigma educacional referente debe ser o de "aprender a aprender" e o de "aprender facendo".

A escola infantil non pode ser concibida como un espazo e un tempo de transmisión de ensinanzas e coñecementos, senón como un espazo e un tempo para apoiar, favorecer e potenciar o pleno desenvolvemento das capacidades dos pequenos e das pequenas. Esperamos e confiamos que os novos retos que se lle demandan á educación infantil, atopen na escola unha boa resposta e que esta publicación poida servir de guía e reflexión a aquelas persoas implicadas na tarefa de educar os nenos e as nenas da educación infantil.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

1. 0 CURRÍCULO DA EDUCACIÓN INFANTIL

1. O currículo da educación infantil

Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Preámbulo

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 6, define o currículo como o conxunto de obxectivos, competencias básicas, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación. Así mesmo, establece que lle corresponde ao goberno fixar os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas para todo o Estado, sendo competencia das diferentes administracións educativas determinar o currículo para os seus respectivos ámbitos territoriais. En virtude destas competencias, correspóndelle á Administración educativa galega establecer o currículo do primeiro e do segundo ciclo de educación infantil. Deste último forman parte as ensinanzas mínimas fixadas no Real decreto 1630/2006, do 29 de decembro.

Neste decreto establécense para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia os principios xerais, fins e obxectivos referidos ao conxunto da etapa.

Ao establecer o currículo de educación infantil preténdese garantirle unha educación común ao conxunto da poboación e asegurar unha educación non discriminatoria que considere as posibilidades de desenvolvemento do alumnado, sexan as que foren as súas condicións persoais e sociais -capacidade, sexo, raza, lingua, orixe sociocultural, crenzas e ideoloxía-, mediante o exercicio de actuacións positivas ante a diversidade do alumnado.

O currículo desta etapa oríentase a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos -físico, motor, emocional,

afectivo, social e cognitivo- e a procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible o devandito desenvolvemento.

As aprendizaxes da etapa preséntanse en tres áreas diferenciadas das cales se describen os obxectivos xerais, contidos e criterios de avaliación; porén, boa parte dos contidos dunha área adquiren sentido desde a perspectiva das outras dúas, coas cales está en estreita relación, dado o carácter globalizador da etapa.

A organización en bloques establecida neste decreto ten como finalidade a presentación dos contidos de forma coherente. Posibilitalle ao equipo docente a planificación e o deseño dun esquema de interrelación e de transacción entre os bloques propostos que reflecta a globalidade da acción das aprendizaxes das nenas e dos nenos.

A avaliación terá como fin a identificación das aprendizaxes consolidadas polo alumnado, así como a valoración do desenvolvemento alcanzado. Ten, polo tanto, un carácter netamente formativo. Nesta formulación, os criterios de avaliación concíbense como unha referencia para orientar a acción educativa.

Os centros educativos xogan tamén un activo papel na determinación do currículo, xa que lles corresponde desenvolver e completar os currículos que se establecen.

Aínda que a educación infantil constitúe unha etapa educativa cos seus propios obxectivos, en que se debe coidar a transición entre os ciclos, non se pode esquecer que se trata dunha etapa que ten a súa continuidade na educación primaria. Isto exige a coordinación entre ambas as etapas. Coordinación que en ningún caso se entenderá como supeditación dunha etapa a outra, senón como un instrumento que asegure a coherencia dos procesos educativos iniciados.

Nesta etapa, máis que en calquera outra, desenvolvemento e aprendizaxe son procesos dinámicos que teñen lugar como consecuencia da interacción co contorno. Cada nena e cada neno ten o seu ritmo e o seu estilo de maduración, desenvolvemento e aprendizaxe; por iso, a súa afectividade, as súas características persoais, as súas necesidades, intereses e estilo cognitivo deberán ser tamén elementos que condicionen a práctica educativa nesta etapa. Un currículo aberto servirá como instrumento fundamental para dar unha resposta adecuada ao tratamento da diversidade.

No proceso educativo desta etapa adquire unha relevancia especial a participación e colaboración coas familias. Na nosa sociedade a transfor-

mación histórica do medio familiar e social leva a que a escola comparta coa familia o papel de proporcionarlles aos nenos e ás nenas experiencias que faciliten as súas primeiras aprendizaxes. En todo caso, familia, escola e os demais axentes educativos deben formular a súa actuación de forma coordinada e complementaria, buscando a colaboración e a coherencia nas súas intervencións.

Este decreto establece aqueles elementos do currículo que teñen carácter prescritivo para todos os centros (obxectivos, contidos e criterios de avaliación das áreas), pero inclúe tamén outros elementos de carácter orientador (orientacións metodolóxicas e contribucións ás competencias básicas). Tanto uns coma outros pretenden axudar as/os profesionais na tarefa de concreción e adaptación do currículo ao seu contexto e alumnado.

Neste decreto determínanse o currículo do 1º e do 2º ciclo, e a contribución da etapa educativa á adquisición das competencias básicas, que se publican como anexos a el coa seguinte numeración:

Anexo I-Currículo do primeiro ciclo e do segundo ciclo de educación infantil.

Anexo II-Contribución da etapa educativa á adquisición das competencias básicas.

De conformidade co exposto, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no exercicio da facultade outorgada polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, logo do informe do Consello Escolar de Galicia, de acordo co ditame do Consello Consultivo de Galicia, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do catro de xuño do dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º.- *Obxecto e ámbito de aplicación.*

Este decreto ten como obxectivo establecer os currículos do primeiro e do segundo ciclo da educación infantil que serán de aplicación nos

centros educativos que impartan estas ensinanzas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.- Principios xerais.

1. A educación infantil constitúe a etapa educativa con identidade propia que atende a nenas e nenos desde o nacemento ata os seis anos.

2. Esta etapa ordénase en dous ciclos. O ciclo constitúe unha unidade curricular temporal de programación e avaliación. O primeiro ciclo comprende desde o nacemento ata os tres anos e o segundo, desde os tres aos seis anos de idade.

3. Todo o profesorado do mesmo ciclo desenvolverá o seu traballo en equipo, co fin de garantir a necesaria unidade da acción educativa.

4. A educación infantil ten carácter voluntario. O segundo ciclo desta etapa educativa será gratuito. As administracións competentes procurarán que haxa unha oferta suficiente de prazas no 1º ciclo e garantirán a mesma no 2º.

Artigo 3º.- Fins.

1. A finalidade da educación infantil é a de contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual das nenas e dos nenos.

2. Na educación infantil atenderase progresivamente ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do medio. Ademais, facilitarase que nenas e nenos elaboren unha imaxe de si mesmos positiva e equilibrada e adquiran autonomía persoal.

3. Potenciarase a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.

Artigo 4º.- Obxectivos.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h) Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i) Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Artigo 5º.- Currículo.

1. Enténdese por currículo da educación infantil o conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación que regularán a práctica educativa nesta etapa.
2. Os currículos da educación infantil, que deberán desenvolver e completar os centros educativos que impartan estas ensinanzas, son os que se recollen no anexo I deste decreto; pasando a formar parte da súa proposta pedagóxica.
3. A contribución desde as diferentes áreas dos currículos de educación infantil ao desenvolvemento das competencias básicas é a que se recolle no anexo II deste decreto.

Artigo 6º.- Áreas de coñecemento.

1. Os contidos educativos da educación infantil organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento.

mento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para as nenas e os nenos.

2. As áreas da educación infantil son as seguintes:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Estas áreas deben entenderse como ámbitos de actuación, como espazos de aprendizaxes de toda orde: de actitudes, procedementos e conceptos, que contribuirán ao desenvolvemento de nenas e nenos e propiciarán a súa aproximación á interpretación do mundo, outorgándolle significado e facilitando a súa participación activa nel.

3. Desde o 1º ciclo prestarase atención ao desenvolvemento da autonomía da nena e do neno, á creación dos primeiros vínculos sociais e á conquista da linguaxe. Fomentarase unha primeira aproximación á lectura e á escritura, así como a experiencias de iniciación temperá en habilidades numéricas básicas, nas tecnoloxías da información e a comunicación e na expresión visual e musical. Así mesmo, fomentarase unha primeira aproximación á lingua estranxeira nas aprendizaxes do segundo ciclo da educación infantil, especialmente no último ano.

4. Os métodos de traballo en ambos os ciclos basearanse nas experiencias, nas actividades e no xogo, e aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza para potenciar a autoestima e integración social.

Artigo 7º.- Distribución horaria.

A distribución horaria organizarase dentro dunha perspectiva globalizada e incluírá actividades que permitan respectar os ritmos de actividade, xogo e descanso das nenas e dos nenos.

Será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade que lle permitan ao profesorado adecualo ás características das tarefas, de xeito que o horario estea sempre ao servizo da metodoloxía. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas, segundo as características e necesidades dos nenos e nenas.

Artigo 8º.- Avaliación.

1. Na etapa da educación infantil, a avaliación será global, continua e formativa. A observación directa e sistemática constituirá a técnica principal do proceso de avaliación.

2. A avaliación nesta etapa debe servir para identificar as aprendizaxes adquiridas e o ritmo e características da evolución de cada nena ou neno. Para estes efectos, tomaranse como referencia os criterios de avaliación de cada unha das áreas.

3. As persoas profesionais que desempeñan o seu labor na educación infantil avaliarán, ademais dos procesos de aprendizaxe, a súa propia práctica educativa.

4. As familias recibirán periodicamente a información necesaria sobre o progreso das nenas e dos nenos, e as canles que se creen para este efecto terán que facerse explícitas nos correspondentes proxectos educativos.

Artigo 9º.- Atención á diversidade.

1. A intervención educativa debe recoller como principio a diversidade do alumnado, adaptando a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo dos nenos e nenas, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

2. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá os procedementos que permitan identificar aquelas características que poidan ter incidencia na evolución escolar das nenas e dos nenos coa finalidade de dar a resposta educativa axeitada para a atención á diversidade.

3. Os centros adoptarán as medidas oportunas dirixidas ao alumnado que presente necesidade específica de apoio educativo.

4. Os centros atenderán as nenas e os nenos que presenten necesidades educativas especiais buscando a resposta educativa que mellor se adapte ás súas características e necesidades persoais.

5. Terase en conta o principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa.

Artigo 10º.- Titoría.

1. Cada grupo de alumnado contará cun titor ou titora que desenvolverá tarefas relacionadas coa organización, participación e control.

2. A educación nesta etapa enténdese como un proceso compartido coas familias que se favorecerá desde o centro docente a través da titoría, de aí que a persoa responsable manterá actividades periódicas para intercambiar información coas familias.

Artigo 11º.- Cooperación e participación no proceso educativo.

1. Co obxecto de respectar a responsabilidade fundamental das nais e pais ou titores nesta etapa, os centros cooperarán estreitamente con eles e establecerán mecanismos para favorecer a súa participación no proceso educativo dos seus fillos e das súas fillas.

2. A persoa responsable da titoría manterá actividades periódicas para intercambiar información coas familias e adoptará as medidas necesarias para que nais, pais ou titores teñan unha implicación máis directa no proceso de ensino-aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.

Artigo 12º.- Autonomía dos centros.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria favorecerá a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros, favorecerán o traballo en equipo do profesorado e a súa actividade investigadora a partir da práctica docente.

2. Os centros educativos desenvolverán e completarán o currículo establecido pola Administración educativa adaptándoo ás características das nenas e dos nenos e á súa realidade educativa.

3. Os centros educativos poderán programar o período de adaptación do alumnado para favorecer a transición á nova situación de ensino-aprendizaxe.

Artigo 13º.- Tratamento das linguas oficiais.

Na etapa de educación infantil o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios desta etapa.

Disposición adicional

ÚNICA.-ENSINANZAS DE RELIXIÓN.

1. As ensinanzas de relixión incluíranse no segundo ciclo da educación infantil.

2. Ao inicio de cada curso académico os pais/nais ou tutores/as das alumnas e dos alumnos manifestarán a súa vontade de que as súas fillas ou fillos reciban ou non ensinanzas de relixión.

3. A Administración educativa galega velará para que as ensinanzas de relixión respecten os dereitos de todo o alumnado e das súas familias e para que non supoña discriminación ningunha recibir ou non as devanditas ensinanzas.

4. A determinación do currículo do ensino de relixión católica e das diferentes confesións relixiosas coas que o Estado español subscribiu acordos de cooperación en materia educativa será competencia, respectivamente, da xerarquía eclesiástica e das correspondentes autoridades relixiosas.

Disposición derogatoria

ÚNICA.-DERROGACIÓN NORMATIVA.

Queda derogado o Decreto 426/1991, do 12 de decembro, polo que se establece o currículo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as demais normas de igual ou inferior categoría que se opoñan ao establecido neste decreto.

Disposicións derradeiras

PRIMEIRA.-HABILITACIÓN NORMATIVA.

Autorízase a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a ditar as disposicións que sexan necesarias para a execución e desenvolvemento do establecido neste decreto para a etapa de educación infantil.

SEGUNDA.—ENTRADA EN VIGOR.

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, catro de xuño de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

CURRÍCULO DO PRIMEIRO E DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

1.1. Introducción.

A educación infantil constitúe unha etapa educativa de capital importancia para o desenvolvemento integral e harmónico da persoa. Así, establécese como principal finalidade nesta etapa contribuir ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual do alumnado en estreita cooperación coas familias.

A educación infantil constitúe unha única etapa con dous ciclos, o primeiro abrangue desde 0 a 3 anos e o segundo de 3 a 6 anos. Os contidos educativos organízanse arredor das seguintes áreas:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Estas áreas, que se corresponden con ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil, deberán concibirse cun criterio de globalidade e de mutua dependencia, e desenvolveranse mediante a realización de experiencias significativas.

No currículo dáse especial relevancia ás aprendizaxes orientadas ao coñecemento, valoración e control que nenos e nenas van adquirindo da súa propia persoa, das súas posibilidades e da capacidade para utilizar con certa autonomía os recursos dispoñibles en cada momento. Neste proceso resulta relevante a adquisición de destrezas para realizar as actividades habituais cun certo grao de responsabilidade, autonomía e iniciativa, tanto no emprego axeitado de espazos e materiais como no desempeño das diversas tarefas.

As interaccións co medio, o crecente control motor, a constatación das súas posibilidades e limitacións, o proceso de diferenciación das outras persoas, farán que vaian adquirindo unha progresiva independencia con respecto ás persoas adultas. Todo iso contribuirá ao autoconecemento e a

«aprender a facer», sentando as bases do desenvolvemento da autonomía e iniciativa persoal.

Neste proceso de adquisición de autonomía, a linguaxe verbal cobra unha especial importancia, xa que é nesta etapa cando se inicia de forma sistemática a adquisición da lingua ao proporcionar contextos variados que permiten ampliar o marco familiar e desenvolver as capacidades comunicativas de nenas e nenos. Pero non se debe esquecer que interveñen tamén outro tipo de linguaxes, como son a corporal, a plástica, a musical, a audiovisual, a escrita, a matemática e a dramática, e que no seu conxunto son básicas para enriquecer as posibilidades de expresión e contribúen ao desenvolvemento da competencia comunicativa.

Á vez, o desenvolvemento das destrezas e capacidades individuais e a súa interacción co medio e cos iguais contribúen á evolución do pensamento, ensinando a pensar e a aprender (pensamento crítico, toma de decisións, resolución de problemas, utilización de recursos cognitivos...) e sentan as bases para posteriores aprendizaxes.

Nesta etapa o contorno das nenas e dos nenos amplíase e diversifícase, o que os pon en situación de afrontar novas experiencias e interaccións. Xorde a necesidade de relacionarse coas demais persoas e de respectar as normas de convivencia, aprendendo a vivir xuntos e contribuíndo ao posterior desenvolvemento da competencia social.

Queda xustificada a necesidade do traballo colaborativo, o intercambio de puntos de vista, compartir e construír coñecementos, darlles posibilidades aos nenos e ás nenas para que expresen e argumenten as súas opinións; para que busquen solucións creativas a problemas prácticos da súa vida cotiá e do seu contorno. Todo iso nun clima de respecto e de aceptación mutua, colaboración e solidariedade, potenciando a análise de comportamentos e accións discriminatorias.

O motor principal da acción educativa debe ser, polo tanto, o desenvolvemento integral da persoa, a través de experiencias e actividades didácticas de carácter lúdico, partindo da realidade individual de cada neno para chegar a acadar, de xeito gradual, os obxectivos sinalados para esta etapa educativa.

Coa presentación deste currículo trátase de dotar o profesorado dun instrumento que lle permita desenvolver e revisar a súa actividade desde un marco de referencia actualizado e con base científica, á vez que contribúa eficazmente á innovación educativa.

1.2. Currículo do primeiro ciclo.

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.

Na primeira infancia toda a experiencia das nenas e dos nenos pasa polo coñecemento, polo dominio e polo coidado do propio corpo. O corpo, formado por segmentos e por órganos, medra, ten unha historia, está situado e móvese no espazo, ten que ser alimentado, coidado e o propio corpo é diferente do das demais persoas.

Moitas definicións da infancia toman características motrices para a súa descrición: a idade de gatear, a idade de correr. A sede de movemento na primeira infancia depende en gran parte dun contorno estimulante, da utilidade que proporcionan unha serie de habilidades e destrezas para o coñecemento do mundo e da propia motivación por acadar a autonomía persoal. A intervención educativa na escola de primeiro ciclo debe ofertar espazos interiores e exteriores onde nenas e nenos se poidan desprazar, describir traxectorias e sortear obstáculos, gabear e esvarar, caer; espazos que oscilen entre a necesaria seguridade e o risco calculado; en fin, que propoñan desafíos adaptados á súa idade.

Ao longo dos tres primeiros anos van aparecendo diversos sentimentos e emocións tanto positivos como negativos. As principais manifestacións emotivas neste período son a leducia, a tristura, o interese, o medo, a ansiedade, a ira e o apego. O xeito en que nenas e nenos expresan estas emocións toma a forma de choro, risa, movemento e actividade.

A autoconfianza ten ademais a súa base na elaboración axeitada da separación dos nenos e nenas do seu medio familiar. Como primeira experiencia de educación formal, a escola infantil de primeiro ciclo debe asegurar a satisfacción das necesidades dos nenos e nenas con cariño, prontitude e sensibilidade. A continuidade do apego entre pais e nais e educadoras ou educadores é imprescindible para a creación dunha correcta autoestima. Nenos e nenas poderán, a través dun adulto securizante, aceptar a interacción con outros estraños e, sobre todo, explorar o contorno. Resulta por tanto de especial importancia o planeamento coidadoso e individualizado do período de transición entre ambos os contextos.

As experiencias de aprendizaxe do autocoidado relativas á alimentación, hixiene e descanso convértense na escola infantil de primeiro ciclo en situacións educativas particularmente proveitosas, non só por promover a competencia das nenas e dos nenos, senón por establecer momentos de

valiosa interacción coa persoa adulta que as introduce nas formas socialmente establecidas para a satisfacción das necesidades básicas.

OBXECTIVOS

-Tomar conciencia do propio corpo identificándoo global e segmentariamente.

-Recoñecer os sentidos como fontes de sensacións empregándoos para o coñecemento do seu mundo circundante.

-Adquirir destrezas e habilidades manipulativas aplicándoas ao manexo de útiles e materiais presentes no seu contorno.

-Adquirir o control postural e dinámico do seu corpo mantendo o equilibrio necesario entre a seguridade e o desafío na exploración e no descubrimento.

-Tomar conciencia das características persoais identificando as calidades que o definen como individuo singular.

-Afianzar a propia personalidade equilibrando a afirmación das preferencias co respecto ás necesidades comúns do grupo.

-Adquirir autoestima esforzándose no desenvolvemento das actividades cotiás.

-Iniciarse no control do propio comportamento relacionando a identificación das emocións e intereses coa interiorización das normas e valores sociais.

-Iniciarse na tolerancia da frustración demorando a satisfacción dos desexos.

-Satisfacer as súas necesidades básicas adquirindo hábitos de coitado persoal.

CONTIDOS

Bloque 1. O corpo.

-Descubrimento e control global e segmentario do propio corpo.

-Descubrimento dos sentidos como fonte de sensacións.

- Construción progresiva e toma de conciencia mental do propio corpo.
- Potenciación das destrezas e habilidades na manipulación de instrumentos, ferramentas e materiais.
- Adquisición progresiva do equilibrio estático e dinámico.
- Vivencia e control do corpo en relación ao movemento, ás dimensións do espazo e ao movemento dos/as demais.
- Adaptación do ton muscular e da postura ás distintas situacións cotiás.
- Axuste do propio movemento ao espazo e aos movementos dos e das demais.
- Potenciación da iniciativa e do esforzo na conquista dos desprazamentos do corpo e dos obxectos.
- Exploración e identificación das posibilidades motrices.

Bloque 2. *A identidade, a autoestima e as emocións.*

- Identificación e recoñecemento das características e calidades persoais cara a unha aceptación da propia imaxe, valorando positivamente as diferenzas como elemento definidor.
- Identificación co propio nome, co grupo familiar de pertenza e co lugar onde vive como vehículos da expresión da identidade.
- Toma de conciencia progresiva do seu sexo, evitando a instalación prematura de estereotipos de xénero.
- Identificación e afirmación dos propios gustos, e do que desagrada, evitando situacións de submisión ou dilución do individuo no grupo.
- Establecemento de hábitos elementais de esforzo e perseveranza para abordar as tarefas cotiás, amosando confianza nas propias competencias.
- Fomento da capacidade de escolla entre varias alternativas, asumindo as consecuencias das propias accións.
- Identificación das emocións básicas e das súas manifestacións habituais empregando expresións socialmente aceptadas.

-Actitude de paciencia e espera, na procura dunha resposta axeitada diante da demora dos desexos.

-Evitación da resposta agresiva diante da frustración para camiñar cara ao emprego da negociación para a xestión de problemas cos e coas demais.

-Ampliación dos lazos afectivos con outras persoas adultas, para obter seguridade e aceptar axuda.

Bloque 3. O coidado persoal.

-Iniciativa na comida autónoma.

-Incorporación paulatina na dieta de novos alimentos e texturas na súa gradual presentación.

-Discriminación progresiva dos alimentos saudables valorando o seu consumo.

-Recoñecemento da comida como feito pracenteiro e non só nutricio.

-Adquisición da autonomía progresiva nos hábitos de hixiene e limpeza.

-Vivencia da sensación de limpeza e aspecto coidado.

-Regulación progresiva dos ritmos de sono e vixilia, actividade e descanso, acción e relaxación.

-Recoñecemento da propia roupa e colaboración progresiva no vestido.

-Emprego axeitado da roupa segundo as condicións climáticas e as actividades que realiza.

-Identificación dos riscos habituais no seu contorno e utilización de estratexias e recursos adecuados para evitalos.

-Equilibración da necesaria prevención e o desafío precisos para a exploración e o descubrimento.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Nomea e localiza no seu corpo e no das demais persoas as partes elementais que o compoñen.

-Identifica os sentidos e os seus órganos como fontes de sensacións para o descubrimento propio e do seu contorno.

-Manexa os obxectos, útiles e ferramentas precisos para a vida cotiá.

-Amosa destreza e disposición na exploración de materiais.

-Emprega os distintos tipos de postura e desprazamento segundo os seus intereses e necesidades.

-Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo.

-Toma consciencia da súa resistencia física, explorando as súas capacidades e limitacións.

-Identifica e mostra satisfacción coas características (tanto psicolóxicas como corporais) que definen a súa individualidade: nome, filiación, sexo...

-Identifica as características do seu sexo e participa en xogos, actividades, etc. independentemente do xénero.

-Decide de acordo coas súas preferencias entre distintas opcións respecto de actividades, temas, grupos, materiais, tempos...

-Intégrase en xogos de grupo cooperando coas demais persoas e asume progresivamente tarefas e responsabilidades.

-Persevera na realización das súas actividades e na busca de estratexias para a resolución dos problemas cotiáns.

-Acepta e amosa afecto, recoñecendo os sentimentos e emocións propios e das demais persoas.

-Amosa confianza ante persoas e situacións novas aceptando a súa axuda.

-Identifica situacións e obxectos perigosos adoptando as precaucións apropiadas en cada caso.

-Resolve positivamente os conflitos cotiáns, regulando os seus impulsos e emocións.

-Realiza con progresiva autonomía e activa disposición as prácticas encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, o descanso, a hixiene e o coidado propio e do seu contorno.

-Practica un estilo de vida saudable e de benestar integral atendendo a unha alimentación equilibrada e pracenteira, un descanso autónomo e suficiente, o gusto pola sensación de limpeza e a orde no seu contorno.

-Móstrase prudente ante os desafíos.

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO.

O ámbito do coñecemento do contorno fai referencia ao descubrimento e comprensión daquilo que configura a realidade dos nenos e das nenas destas idades, considerando as súas múltiples relacións e interdependencias, coa finalidade de ir construíndo un coñecemento sobre o medio físico, natural e social cada vez máis axustado.

A exploración e experimentación con obxectos e materiais diversos van permitir o coñecemento das características morfolóxicas e funcionais dos obxectos e materiais do seu medio: forma, tamaño, olor, son, cor, uso. Isto supón a base para o coñecemento lóxico-matemático que provén das accións, tanto físicas como mentais, que se realizan con estes obxectos e materiais como ordenar, comparar, agrupar. Permitiralles tamén a construción progresiva das nocións espaciais e temporais en relación cos obxectos e as accións.

Os contidos relacionados cos seres vivos, a natureza e o medio social deben ofertarlles aos nenos e ás nenas a posibilidade de achegarse ao mundo do coñecemento científico desde unha perspectiva global e lúdica. Aprenderán cuestións relativas ás características e formas de vida dos seres vivos, aos fenómenos naturais e ás organizacións e características dos grupos humanos. Así mesmo, desenvolverán o interese, a curiosidade e actitudes de participación e responsabilidade no coidado e conservación dos hábitats.

A posibilidade que representa a incorporación das nenas e dos nenos á escola infantil 0-3 de vivir experiencias máis amplas achegaraos ao coñecemento doutras persoas e de novas relacións interpersoais, xerando vínculos e desenvolvendo actitudes de confianza, empatía, amizade e apego que constituirán a base sólida para a súa sociabilidade.

OBXECTIVOS

-Observar o seu contorno, identificando as propiedades dos obxectos para establecer comparacións.

-Establecer relacións causa-efecto, percibindo as consecuencias das súas accións nos obxectos ou persoas do seu contorno.

-Resolver situacións problemáticas con obxectos, ensaiando diferentes estratexias de resolución.

-Empregar cuantificadores e medidas relacionándoas con situacións cotiás.

-Identificar as nocións espaciais establecendo relacións cos obxectos e as persoas coas que interactúa.

-Identificar secuencias temporais relacionándoas coas rutinas e períodos de tempo habituais.

-Descubrir as características dos animais e vexetais, diferenciando os seres vivos doutros elementos e materiais presentes no seu contorno inmediato.

-Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración e pertenza baseándoas no respecto ás persoas e ás normas da sociedade.

-Apreciar as celebracións persoais e comunitarias importantes para as persoas valorándoas como actividades que constrúen a vida en sociedade.

-Apreciar algúns elementos significativos propios da cultura galega.

-Identificar as funcións dos grupos e das organizacións da comunidade descubrindo as principais características e actividades das persoas que as conforman.

CONTIDOS

Bloque 1. O medio físico.

-Exploración de obxectos e materiais diversos a través dos sentidos e de diferentes accións.

-Identificación, denominación e comparación de calidades sensoriais, características morfolóxicas e funcionais de obxectos e materiais do seu medio.

-Identificación dos principais produtos elaborados polos seres humanos presentes no seu contorno.

- Emprego dalgunha das ferramentas tecnolóxicas máis habituais.
- Identificación de características constantes e variables.
- Establecemento de relacións: ordenación, correspondencia, clasificación.
- Estimación de cantidades e medidas.
- Experimentación de diferentes accións sobre os obxectos e materiais.
- Construción de nocións xeométricas e topográficas.
- Construción de nocións temporais.

Bloque 2. Achegamento á natureza.

- Identificación de características de animais, plantas e elementos naturais.
- Identificación dos hábitats dos animais e das plantas.
- Experimentación de accións sobre o medio natural.
- Curiosidade, coidado e respecto polos animais e plantas e polos seus hábitats.
- Coñecementos diversos sobre os fenómenos naturais.
- Recoñecemento de posibles perigos dalgúns fenómenos naturais.
- Coñecementos diversos sobre os elementos xeográficos.
- Interese e respecto polo coidado e conservación do seu contorno.

Bloque 3. Cultura e vida en sociedade.

- Recoñecemento de diversos aspectos sobre a familia.
- Coñecemento de diversos aspectos sobre a escola infantil.
- Coñecementos diversos sobre algunhas profesións e servizos: ferramentas, vestuario e espazos onde desenvolven a súa actividade, sempre cunha perspectiva coeducativa e evitando estereotipos sexistas.
- Coñecemento e participación en costumes, tradicións da cultura galega e celebracións persoais.

-Sentimento de pertenza aos grupos máis próximos e actitude de respecto e valoración cara ás outras persoas.

-Interese e curiosidade polos acontecementos que suceden ao seu arredor.

-Identificación e adopción de comportamentos socialmente axeitados.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Identifica as propiedades físicas empregando os seus sentidos.

-Compara, clasifica ou agrupa os obxectos segundo as súas propiedades físicas.

-Experimenta cos obxectos e materiais para obter información e observar as reaccións.

-Identifica problemas relacionados coas propiedades físicas dos obxectos e materiais.

-Pregunta e formula hipóteses baseadas nas experiencias cos obxectos e materiais.

-Ordena tres ou máis obxectos tendo en conta as diferenzas de magnitude.

-Usa accións e palabras para indicar a posición e o movemento dos obxectos, as características das figuras e as relacións entre elas.

-Identifica os elementos do espazo topográfico.

-Asocia as figuras xeométricas coas formas presentes no seu contorno.

-Usa a linguaxe relacionada coa ordenación temporal dalgúns situacións cotiás.

-Anticipa e recorda unha secuencia de eventos.

-Realiza preguntas sobre os seres vivos e a natureza.

-Identifica que os seres vivos seguen un ciclo vital: nacen, medran, reproducense e morren.

-Busca a seguridade das persoas adultas e desenvolve empatía e hábitos cooperativos cos iguais.

-Ten en conta as demais persoas nas súas accións e rutinas diarias.

-Mostra interese polas celebracións ou eventos da escola, a familia ou a localidade.

-Identifica algunhas manifestacións culturais próximas.

-Adapta o seu comportamento ás regras dos diferentes contextos.

-Relaciona cada actividade profesional cos elementos que a identifican.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

Na perspectiva globalizadora que ten que ter o traballo nesta etapa educativa, e especialmente no 1º ciclo, esta área desempeña un importante papel á hora de relacionar as outras dúas. Achega os instrumentos para comunicar o propio individuo coa sociedade en que está inserido, para expresar os seus sentimentos e tamén para comprender as representacións da realidade que fan os seres humanos.

Entre as adquisicións fundamentais propias desta área está a lingua oral. Neste ámbito o profesorado dos nenos e das nenas menores de tres anos ten unha función fundamental como modelo, ao presentarlles estruturas lingüísticas correctas e falar con precisión e corrección.

En calquera caso, a situación central da comunicación oral non pode ocultar a importancia fundamental que ten tamén a comunicación xestual e corporal nestes primeiros anos e que deberá ser reforzada pola acción dos educadores e educadoras tratando de dar sentido a estes intentos de comunicación.

Destácase en cada unha das linguaxes a súa dimensión receptiva e produtiva, a capacidade de experimentar e expresar as súas emocións e sentimentos, gozando coas producións propias e coas da sociedade; así como o coñecemento dos rudimentos das técnicas empregadas en cada unha destas linguaxes.

E finalmente tamén se incorporan as diferentes maneiras que ten o ser humano de representar a realidade, que vén sendo o xeito que ten unha sociedade de comunicar a súa cultura.

OBXECTIVOS

-Utilizar as diversas linguaxes entendéndooas como instrumentos de comunicación entre as persoas, de expresión das ideas e sentimentos e de representación da realidade.

-Comprender a intencionalidade comunicativa das persoas, adoptando unha actitude positiva para esa comunicación.

-Empregar a xestualidade e as manifestacións corporais identificándooas como unha forma de comunicación humana.

-Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais valorándooas como ferramentas de relación cos demais.

-Empregar a linguaxe plástica identificándooa como un medio de expresión de sentimentos e desexos e de representación da realidade.

-Sentir o feito musical identificándoo como un medio de expresión e manifestación cultural.

-Empregar creativamente as diferentes linguaxes axustando as técnicas expresivas aos seus intereses e sentimentos.

-Descubrir a escrita identificándooa como representación de ideas, pensamentos e conceptos elaborados pola comunidade.

-Amosar interese polas producións dramáticas valorándooas como unha posibilidade de gozo persoal.

CONTIDOS

Bloque 1. *Comunicación xestual e oral.*

-Recoñecemento e utilización das posibilidades do corpo para comunicar.

-Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e mais para o intercambio afectivo.

-Interese e creatividade na utilización do corpo como medio de expresión.

-Utilización do movemento e da danza como medios de expresión.

-Iniciarse na participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, xogos colectivos e outros.

-Iniciarse no emprego de vocabulario preciso, usándoo con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as súas competencias comunicativas.

-Iniciarse no emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas.

-Valoración da lingua oral como o instrumento esencial para a comunicación.

Bloque 2. *Expresión plástica e musical.*

-Utilización de técnicas e elementos básicos para a expresión plástica.

-Interese e gozo pola experimentación e creación de obras plásticas.

-Observación, interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes no contorno.

-Valoración e respecto polas producións propias e polas dos/as demais.

-Exploración das posibilidades sonoras do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.

-Recoñecemento de sons do contorno natural e social.

-Interese e gozo coa audición e recoñecemento das diferentes obras musicais.

-Participación activa e gozo na interpretación de cancións e xogos musicais.

-Utilización de instrumentos musicais para acompañar as producións musicais.

Bloque 3. *Representación escrita e dramática.*

-Observación e interese polo significado de signos e símbolos presentes na vida cotiá.

-Descuberta e interese da funcionalidade de textos diversos.

-Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.

-Interese e gozo ao mirar libros e escoitar a súa lectura.

-Recoñecemento dos elementos básicos dos relatos escoitados ou vistos.

-Interese por comunicar interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias.

-Comprensión das situacións representadas nos relatos escoitados ou vistos.

-Identificación de diferentes xeitos de representación dramática.

-Interese e gozo ao mirar e participar en representacións dramáticas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas.

-Manifesta interese por comunicarse con outras persoas.

-Asocia xestos e manifestacións corporais con diversos estados anímicos.

-Comprende os xestos e as manifestacións corporais como unha forma de comunicación.

-Manifesta oralmente, cada vez con maior precisión e complexidade, as súas necesidades e intereses.

-Comprende as manifestacións orais máis habituais no seu contorno.

-Exprésase empregando recursos propios da expresión plástica.

-Identifica as producións plásticas como un medio de representación.

-Expresa sentimentos e emocións utilizando a música como canle.

-Mostra interese polas producións musicais que forman parte da súa cultura.

-Emprega os recursos expresivos coñecidos en situacións novas.

-Combina diferentes recursos expresivos de maneira orixinal.

-Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno próximo.

-Asocia producións escritas con significados.

-Participa activamente nas representacións e no xogo dramático.

-Evoca e comunica situacións representadas previamente.

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS DO PRIMEIRO CICLO

1. O ambiente de aprendizaxe.

Os nenos e nenas constrúen as súas aprendizaxes en interacción co medio en que se desenvolven, e este medio está constituído tanto polas persoas como polos obxectos, a estrutura e a organización que teñen. Dependendo da calidade da interacción que establezan co medio, así será a calidade da súa construción.

A organización dos contextos onde se desenvolve a vida dos pequenos e pequenas incide de maneira directa na construción que fan dos coñecemento e favorece o desenvolvemento da autonomía e a interiorización de normas e actitudes de orde.

Espazos.

-O equipo educativo deseñará o ambiente e organizará os espazos tendo en conta que dean resposta aos diferentes tipos de necesidades das nenas e nenos: planificando espazos para satisfacer as súas necesidades de tipo físico, pero tamén as de tipo afectivo, as de convivencia, as de exploración, as de autonomía, as de actividade, de movemento e de expresión en todas as súas facetas.

-A escola no seu conxunto conformarase como un ambiente amable e agradable que lles posibilite aos cativos e cativas sentirse cómodos e seguros, favorecendo a súa introdución no mundo artístico. Por iso debe coidarse a estética da escola, ofrecendo un ambiente visual rico pero equilibrado, no que se coide non caer nos estereotipos nin no exceso.

-A organización dos espazos debe garantir a súa flexibilidade, é dicir, debe posibilitar que non todas as nenas e nenos fagan o mesmo ao mesmo tempo, e tamén debe permitir unha variedade de usos dos diferentes espazos ao longo da xornada e mesmo ao longo do curso.

-A concepción da escola como un marco seguro ten que permitirlles aos nenos e nenas experimentar, expresarse e desprazarse de maneira autónoma sen coartar as súas ansias de aventura e o necesario desafío que impón o crecemento.

-Os espazos exteriores deberán ser obxecto do mesmo coidado e planificación que os interiores, explorando as diversas posibilidades de aprendizaxe e interacción que ofertan, sobre todo nuns momentos en que

a actividade se desenvolve maioritariamente entre iguais, libre da carga dirixista do adulto.

-Na escola de primeiro ciclo deben ademais establecerse espazos para que os adultos que comparten a vida dos pequenos e pequenas (as súas familias e as educadoras e educadores) atopen un ambiente onde se encontrar e relacionar con comodidade.

Materiais.

-O equipo educativo deberá seleccionar todo tipo de materiais para a estimulación das nenas e nenos, dispoñéndoo de maneira que se incentive a súa manipulación e facéndoas/os partícipes na responsabilidade do seu coidado e organización.

-Nas aulas de primeiro ciclo de educación infantil contarase cunha oferta ampla de materiais de diferente tipo -comerciais, de refugallo, recollidos nas saídas, traídos polos nenos e nenas- e permitiráselles elixilos libremente para proporcionarlles múltiples oportunidades para a aprendizaxe. Son especialmente enriquecedores neste ciclo os materiais continuos e naturais que ofrecen oportunidades de experimentación coa materia e as súas modificacións pola acción humana: auga, area, rochas, follas, froitas...

-As novas tecnoloxías introducíranse nas aulas de primeiro ciclo de educación infantil como un elemento cotián en relación cos acontecementos e situacións que se viven nela, consideradas nunha dobre vertente: como ferramentas para a propia escola e como instrumentos do desenvolvemento das nenas e nenos.

-Cómpre ter especial coidado na selección e utilización dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.

Tempos.

-A organización do tempo das nenas e nenos menores de tres anos debe ser moi flexible para adecuarse aos seus ritmos de actividade e descanso.

-O equipo educativo do primeiro ciclo da educación infantil deberá organizar o tempo de maneira que permita pasar dunha organización rexida polo ritmo biolóxico dos nenos e nenas nos primeiros momentos a outra en que progresivamente irá aumentando o peso do ritmo externo marcado pola actividade da propia escola.

-A distribución da xornada debe establecer unha alternancia de períodos tranquilos e estables, esenciais para crear un clima de seguridade que lles permita aos nenos e nenas anticipar as situacións, e outros momentos que favorezan situacións novas e estimulantes que esperten a súa curiosidade e unha actitude de descubrimento permanente.

-Na organización das actividades deberase considerar sempre un tempo abondo para desenvolverlas sen prisa e incluíndo un momento para recoller a experiencia vivida e falar dela, poñendo especial énfase nos procesos vividos e non tanto nos produtos obtidos. Así mesmo, deberase ter en conta que as nenas e os nenos necesitan un tempo de transición entre unha e a seguinte.

-Terase especial precaución en evitar a diferenciación entre momentos lectivos e outros máis lúdicos ou asistenciais, xa que toda a vida da escola infantil se desenvolverá baixo un prisma de aprendizaxe, non só de destrezas instrumentais, senón de hábitos, emocións e interacción social.

-Asemade reduciranse no posible os tempos de espera que ás veces resultan inherentes á vida en colectividade, contando con actividades alternativas, organizando subgrupos, etc.

2. A relación co contorno.

Os dous polos principais de relación co medio social durante o primeiro ciclo da educación infantil son a escola e a familia, de ambas as dúas recibirán os nenos as normas e os valores que marcarán o seu desenvolvemento, polo que as relacións que se establezan entre unha e outra serán fundamentais para unha intervención educativa apropiada.

Así mesmo, un obxectivo de toda intervención educativa debe ser o de aspirar a unha escola libre de actitudes de discriminación por razón de sexo, raza, costumes, relixión ou limitacións físicas ou psíquicas.

Con este motivo deberían seguirse as seguintes orientacións ao desenvolver as actuacións na escola infantil.

-O equipo educativo debe ter en conta o contexto sociocultural e familiar dos nenos e nenas para garantir a necesaria conexión entre os dous ámbitos. A escola debe falar por si mesma da comunidade onde está inmersa, sen menoscabo da introdución de elementos doutras culturas que mostren un mundo diverso e multicultural.

-Deberanse propoñer actividades que dean a coñecer a cultura e costumes das nenas e nenos que integran o grupo, favorecendo a súa identidade co seu medio físico e social.

-Para facilitar o tránsito do ambiente familiar ao escolar, deberase coidar dun xeito especial o período de adaptación, para que as nenas e nenos poidan elaborar o tránsito á nova situación que implica establecer e coñecer espazos diferentes, establecer apego con adultos descoñecidos e adaptar os seus ritmos individuais á vida en comunidade.

-Na planificación da intervención educativa do primeiro ciclo, o equipo educativo deberá ter en conta a colaboración coas familias establecendo canles para o intercambio de información, así como a súa consecuente participación na vida da escola.

3. O carácter globalizado da aprendizaxe.

A globalización é a capacidade que permite que cada suxeito establece a súa propia rede de relacións intelectuais e conexións entre diferentes campos do saber. Os nenos e nenas a estas idades teñen unha visión global do mundo que se manifesta na súa forma de xogar e actuar. É importante ter en conta que a división en áreas que establece o currículo non ten máis valor que o puramente organizativo e que, polo tanto, un mesmo contido pode estar desenvolvendo obxectivos de áreas diferentes. Insístese así no carácter globalizador que debe rexer a intervención educativa, especialmente no primeiro ciclo da educación infantil, en que os eixes vertebradores da actividade educativa van ser fundamentalmente as rutinas e o xogo.

-A intervención educativa deberá evitar o parcelamento das actividades procurando que cando unha criatura xogue ou realice calquera actividade, esta sirva para desenvolver todas as áreas, para coñecerse mellor a si mesma, para relacionarse emocionalmente coas demais persoas, para comunicarse, para aumentar o seu coñecemento do medio, para progresar motrizmente, para cubrir as súas necesidades físicas e psíquicas, para poder sentirse valorada e querida, para expresar os seus sentimentos, etc.

-Deberanse aproveitar especialmente as situacións da vida cotiá para favorecer o traballo globalizado. As rutinas do sono, da comida, da hixiene propia e do contorno, etc. teñen neste ciclo unha función claramente educativa, pois ofrécenlles ás nenas e nenos un marco seguro para o seu desenvolvemento e favorecen multitude de aprendizaxes e a consecución da autonomía.

-Deberanse propoñer situacións educativas que ofrezan múltiples posibilidades de percibir, actuar, experimentar e descubrir, aproveitando, deste xeito, a capacidade das nenas e nenos de aprender a través dos sentidos, actuando, manipulando e experimentando con obxectos e materiais diversos.

4. A individualización do traballo educativo.

As aprendizaxes que fagan os nenos e nenas teñen que ser significativas, o que require necesariamente un ensino individualizado. Dado que cada neno ou nena ten unha bagaxe de aprendizaxes diferente, un ritmo propio de desenvolvemento, uns intereses determinados, etc.

-O persoal educativo da escola infantil ten que ofrecerlle a cada nena ou neno o que precisa para que, por medio desta individualización da intervención, se consiga unha auténtica igualdade de oportunidades.

-Deberanse realizar propostas educativas que lles resulten interesantes aos nenos e nenas, o que suporá unha motivación para realizar o esforzo que implica poñer en relación as novas aprendizaxes cos coñecementos previos.

-Deberanse propoñer aprendizaxes funcionais, útiles para a vida cotiá e que poidan ser aplicadas en diversas situacións.

-Débese ter presente que neste ciclo as diferenzas individuais son especialmente relevantes e o grupo tende a ser moi heteroxéneo aínda que os nenos e nenas estean nun mesmo estadio de desenvolvemento.

-Deberanse detectar e valorar os coñecementos previos do alumnado para que, á hora de propoñerlle novas aprendizaxes, este poida relacionalas coas xa adquiridas, asegurando así que sexan significativas para el.

-Deberase prestar especial atención á capacidade dos nenos e nenas para aprender manipulando, explorando, probando, etc. Estas accións externas son o medio para realizar unha actividade cognitiva interna, requisito tamén imprescindible para conseguir unha aprendizaxe significativa.

5. O desenvolvemento das potencialidades.

Os nenos e nenas son capaces de realizar unha serie de accións e aprender sós/as, pero tamén precisan da intervención e axuda das demais persoas, adultos e nenos/as, para realizar outras moitas conquistas.

-Os/as profesionais que desenvolven o seu traballo no primeiro ciclo da educación infantil deben deseñar proxectos de intervención coherentes cun ambiente ben estruturado para permitir unha acción educativa dirixida a desenvolver as potencialidades sensoriomotrices, intelectuais, sociais, afectivas e lingüísticas dos nenos e nenas.

-A actividade educativa debe planificarse para ser realizada na zona que se sitúa entre o que o/a neno/a xa é capaz de facer só e aquilo que pode realizar con axuda.

-Debe favorecerse o movemento nas súas distintas vertentes, prestando especial atención ás principais competencias motoras adquiridas neste ciclo educativo –o desprazamento e a pinza–, que lle abren as portas da autonomía.

-Propiciaranse actividades de xogo, tendo en conta que é a actividade que dá unha mellor resposta ao desenvolvemento das nenas e nenos.

6. A interacción coas demais persoas.

A construción de novos vínculos afectivos cos adultos e co grupo de iguais é un dos aspectos básicos neste ciclo educativo, no cal ademais da satisfacción das necesidades biolóxicas, os nenos e nenas teñen a necesidade de ter unha boa relación afectiva coa persoa adulta.

Esta relación de apego que establecen cos adultos permitiralles sentir equilibrio e seguridade emocional na escola, sen a cal as demais experiencias quedarían diminuídas ou deterioradas.

Tamén neste primeiro ciclo comeza a aprendizaxe dos valores.

-A educadora ou educador do primeiro ciclo da educación infantil deben relacionarse coas nenas e nenos coñecendo as súas posibilidades de desenvolvemento e confiando nas súas capacidades nun clima de seguridade, respecto, valoración e confianza.

-Deberase manter unha permanente actitude de escoita dos cativos e cativas para percibir as súas necesidades e desexos e poder darlles respostas adecuadas.

-Deberase procurar desenvolver nas nenas e nenos principios como o autocontrol, a responsabilidade, a tolerancia e a solidariedade, tendo en conta que estas aprendizaxes se fan a través da interiorización e da práctica e que as persoas adultas que rodean aos nenos e nenas teñen un importante papel como modelos.

-Deberanse aproveitar todas as situacións de interacción que se producen ao longo da xornada para fomentar os intercambios lingüísticos, sen descoidar outras formas de comunicación, dentro do grupo, deseñando situacións específicas que requiran da linguaxe. O persoal da escola debe ser consciente do seu importante papel como modelo para as nenas e nenos, coidando especialmente a calidade das súas interaccións comunicativas.

-Aproveitaranse as posibilidades de interacción co grupo de iguais que a escola posibilita. Mediante estas -na clase, no patio, nas saídas, durante as comidas...- as nenas e nenos amplían os escenarios de socialización, establecendo o seu lugar na comunidade, aprendendo a xestionar conflitos, a facer amizades, etc.

7. O persoal da escola infantil.

Os equipos humanos que compoñen unha escola de primeiro ciclo de educación infantil adoitan ser moi heteroxéneos pola formación, polas distintas tarefas que exige unha organización que contempla a faceta educativa pero tamén a de servizos, etc.

-Deberán establecerse acordos previos sobre cuestións que incidirán sobre a proposta pedagóxica da escola: a idea dunha infancia competente, o respecto ás familias como primeiro axente educativo ao que non se substitúe e co que se debe cooperar, etc.

-A integración de distintos estilos educativos e persoais deberá configurar, desde todas as contribucións, un modelo de atención á infancia que debe dotar de coherencia e unidade a todo o centro.

8. A avaliación.

Dada a interrelación estreita entre todos os actores, escenarios e actividades desenvolvidas nunha escola de primeiro ciclo de educación infantil, o proceso de avaliación deberá recoller non só información de como vai evolucionando o desenvolvemento dos nenos e nenas nos ámbitos de aprendizaxe, senón tamén a propia planificación educativa, a organización de tempos e traballo dos equipos educativos e de servizos, e a interrelación coas familias e coa comunidade.

-A avaliación terá un carácter permanente e sistemático, de maneira que proporcione información veraz e continua sobre os procesos de toda índole que teñen lugar no centro e posibilite axustar ou mellorar os programas establecidos.

-Os equipos educativos das escolas deberán deseñar instrumentos de avaliación que reflictan, non soamente os estándares esperados en cada nivel de idade, senón tamén o proceso de evolución nas aprendizaxes que cada neno percorre, de xeito que poidan obter información individualizada.

-Esta información, que debe subliñar os logros e avances acadados, ten que ser comunicada e compartida coas familias para, desde diferentes puntos de vista, atopar entre todos estratexias de apoio que lle permitan ao alumnado afrontar os seguintes retos.

1.3. Currículo do segundo ciclo.

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL.

Nesta área trátase de desenvolver o proceso de construción persoal en que resultarán relevantes as interaccións de nenas e nenos co medio, o crecente control motor, o desenvolvemento da conciencia emocional, a constatación das súas posibilidades e limitacións, o proceso de diferenciación das demais persoas e a independencia cada vez maior con respecto ás persoas adultas.

O coñecemento propio é un proceso permanente e continuo na vida das persoas que involucra diversas dimensións interdependentes. Estas comprenden aspectos tan importantes como o desenvolvemento e a valoración propia, a autonomía, a identidade, a convivencia cos outros... Contando con estes aspectos, esta área de coñecemento e experiencia fará referencia, de forma conxunta, á construción gradual da propia identidade e da súa madurez emocional, ao establecemento de relacións afectivas coas demais persoas e á autonomía persoal como procesos inseparables e necesariamente complementarios.

O autoconhecimento fórmase en gran medida pola interiorización das valoracións positivas ou negativas que proceden das interaccións sociais cos iguais e coas demais persoas, polo que depende do tipo e calidade dos vínculos afectivos que se establecen coa nai e/ou co pai, a familia e outras persoas que son significativas. Vaise así configurando a autoestima e a propia identidade, o que posibilita o logro progresivo da autonomía. Na construción do coñecemento propio interveñen diferentes factores, como a imaxe positiva propia e os sentimentos de eficacia, seguridade

e autoconfianza. Tales sentimentos deben contribuír á elaboración dun concepto propio axustado que lles permita ás nenas e aos nenos percibir e actuar conforme as propias posibilidades e limitacións.

A autonomía está estreitamente vinculada con procesos que se inician desde idade temperá e que durante os primeiros anos se manifestan, tanto na capacidade de explorar, aventurarse e actuar, como no exercicio de opinar, propoñer, contribuír, escoller, decidir, autodirixirse e autoxestioñarse, convivindo con outras persoas e educándose en valores socialmente compartidos.

Os contidos educativos que atinxen a esta área agrúpanse en catro bloques, que non son unidades independentes, senón que deben visualizarse de forma inclusiva e relacional, xa que comprenden aspectos que se conteñen e vinculan uns cos outros, e mesmo non poden ser traballados separadamente dos contidos do resto das áreas. Faise, polo tanto, imprescindible un enfoque global e significativo das situacións de ensino e aprendizaxe. Estes bloques de contidos son:

- **Bloque 1.** *O corpo e a propia imaxe.*

Ao longo desta etapa educativa as experiencias das nenas e dos nenos co contorno deben axudalos a coñecer global e parcialmente o seu corpo, as súas posibilidades sensitivas, perceptivas e motrices; a que poidan identificar as sensacións que experimentan, gozar con elas e servirse das posibilidades expresivas do corpo para manifestalas. Unha imaxe axeitada do esquema corporal é a base para a elaboración da propia identidade persoal.

O coñecemento e control progresivo do corpo é un proceso que ocuparán os nenos e nenas desde o seu nacemento e que se converterá nun dos primeiros referentes para que se coñezan e recoñezan como persoas. A identificación das súas características individuais -sexo, tamaño, trazos físicos, etc.-, así como das dos seus compañeiros e das súas compañeiras, son instrumentos básicos para o seu desenvolvemento e para a adquisición de actitudes non discriminatorias. A presenza de trazos persoais diferentes -por razón de sexo, orixe social ou cultural, características físicas- será utilizada polo profesorado para atender a diversidade, de maneira que se propicie un ambiente de relacións presidido polo respecto e a aceptación das diferenzas.

A necesidade de abordar estes contidos atopa a súa xustificación no feito de que o corpo é o instrumento primordial de aprendizaxe que posúen as nenas e os nenos nas primeiras idades. Os nenos e nenas potencian a súa intelixencia a partir do que poden ver, tocar, ulir, gustar, sentir, escoitar, manipular...

- **Bloque 2.** *Xogo e movemento.*

A través da experiencia do propio movemento, o alumnado irá coordinando os seus esquemas perceptivo- motrices e coñecendo o seu propio corpo, as súas sensacións e emocións. Será, pois, a partir da acción corporal como aprenda a percibir o seu corpo e a asumilo, o que lle permitirá ademais establecer unha mellor relación coas demais persoas, ir coñecendo pouco a pouco as súas posibilidades e descubrir os seus límites. Sobre esta base, irá construíndo a súa identidade persoal.

A través dos movementos poderá mellorar e aumentar as posibilidades de desprazamento, recorrer espazos cada vez máis amplos e abrir, deste xeito, o ámbito da súa experiencia.

Para contribuír ao coñecemento propio e á autonomía persoal, convén promover o xogo como actividade privilexiada que integra a acción coas emocións e mais o pensamento e favorece o desenvolvemento social.

- **Bloque 3.** *A actividade cotiá.*

Neste bloque abórdanse os contidos relacionados co establecemento de relacións interpersoais positivas baseadas no respecto ás persoas e ás normas e valores socialmente compartidos. Espérase potenciar a capacidade de establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza, baseadas no respecto ás persoas e en normas e valores da súa sociedade. Así, a partir de situacións e actividades variadas con outras nenas e outros nenos, cada cativo e cativa irá construíndo o coñecemento propio, poderá ir controlando as condutas agresivas e aprenderá a xestionar desexos, sentimentos e emocións.

- **Bloque 4.** *O coidado persoal e a saúde.*

Este bloque inclúe unha serie de contidos que favorecerán que os nenos e nenas vaian adquirindo, na medida das súas posibilidades, a autonomía necesaria en actividades cotiás para atender a súa saúde: a hixiene, o vestido, a alimentación...

Así, aprenderán a recoñecer situacións perigosas e a previr accidentes na casa, na escola e na rúa, empregando axeitadamente os instrumentos e as instalacións, así como a colaborar nas medidas que se tomen en caso de enfermidade ou accidente, respondendo con actitudes de tranquilidade e colaboración.

No contexto da interacción de grupo, as nenas e os nenos interiorizarán as actitudes de aprecio polo benestar propio e das compañeiras e dos compañeiros, de respecto ás necesidades e á saúde das demais persoas, de axuda a quen o necesite e de colaboración na conservación e mellora do contorno.

OBXECTIVOS

-Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.

-Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.

-Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.

-Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.

-Adecurar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e mais evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.

-Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.

-Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.

-Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...

-Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

CONTIDOS

Bloque 1. *O corpo e a propia imaxe.*

-Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.

-Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo.

-Adquisición de confianza nas capacidades propias.

-Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.

-Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que a nena ou o neno recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos. Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran.

-Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas -que proveñen dos propios músculos e articulacións- e as percepcións exteroceptivas -relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...-

-Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo -a través de xestos, movementos, xogos, danzas...-

-Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.

-Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias.

-Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que o rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.

-Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo. Identificación das diferentes etapas da vida valorándoas positivamente.

-Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.

-Recoñecemento e vivencia das referencias espazo- temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co contorno e coas demais persoas.

-Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.

Bloque 2. Xogo e movemento.

-Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia.

-Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas. Aceptación do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais.

-Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación.

-Satisfacción polo crecente dominio persoal.

-Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio, fortalecendo vínculos afectivos -amizade, cooperación, axuda, solidariedade...-. Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar.

-Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade e abríndose ao coñecemento e gozo dos das outras.

-Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas.

-Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración.

-Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos.

-Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo.

-Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas.

Bloque 3. A actividade cotiá.

-Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.

-Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos.

-Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.

-Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo.

-Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas.

-Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda.

-Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, respon-

sabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións.

-Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias.

Bloque 4. O coidado persoal e a saúde.

-Recoñecemento das necesidades básicas do corpo -hixiene, alimentación, descanso...-.

-Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso.

-Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.

-Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran.

-Valoración da axuda doutras persoas.

-Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde.

-Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpios e ordenados.

-Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas -vestimenta, peiteados, adobios, coloridos...-.

-Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

-Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.

Este criterio trata de avaliar a capacidade para recoñecer e nomear as diferentes partes do corpo, situándoas espacialmente na súa persoa e nas demais. Así mesmo, avaliarase a complexidade na representación do esquema corporal.

-Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.

Por medio deste criterio preténdese observar o desenvolvemento do ton, da postura e do equilibrio, do control respiratorio e da coordinación motriz nos diferentes desprazamentos e actividades, así como a utilización das posibilidades motrices, sensitivas e expresivas do propio corpo. As nenas e os nenos deberán manifestar un control progresivo deles en distintas situacións e actividades, como xogos, rutinas ou tarefas da vida cotiá.

-Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.

Con este criterio avaliarase se o alumnado identifica os sentidos, se recoñece a súa funcionalidade e se pode explicar con exemplos sinxelos as principais sensacións asociadas a cada sentido.

Así mesmo, valorarase se aprecia a súa importancia como medio de percepción e comprensión do mundo que o rodea.

-Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.

Avaliase a través deste criterio a formación dunha imaxe persoal axustada e positiva, a capacidade para utilizar os recursos propios, o coñecemento das súas posibilidades e limitacións, a confianza para emprender novas accións e a superación das dificultades.

-Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.

Este criterio trata de avaliar se as nenas e os nenos son quen de manifestar respecto e aceptación polas características das demais persoas, sen discriminacións de ningún tipo e amosando actitudes de axuda e colaboración.

-Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.

Avaliase con este criterio se o alumnado se mostra sensible aos sentimentos e estados anímicos, propios e das demais persoas, e se é quen de solicitar ou de prestar axuda; se manifesta e percibe os estados de alegría, preocupación, enfado, tristeza..., xestionando os propios e tendo en conta os dos demais; así como se mostra interese polos motivos que os causan, dando mostras de comprensión e tratando de consolar.

-Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.

Trátase de avaliar con este criterio a capacidade do alumnado para participar activamente en distintos tipos de xogo valorando positivamente tanto os propios da súa cultura como os doutras. Observarase o desenvolvemento dos elementos motrices que se manifestan en desprazamentos, marcha, carreira ou saltos; así como a coordinación e control das habilidades manipulativas de carácter fino que cada actividade require -repartir, deixar pegadas, encaixar, pinzar, suxeitar...-.

-Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.

Trátase de avaliar con este criterio a participación activa en distintos tipos de xogo, sendo capaces de gozar do xogo colectivo, de controlar a propia vontade, de ter constancia e de superar a frustración. Valorarase tamén a utilización adecuada das normas que os rexen e as actitudes de colaboración e axuda que eviten adoptar posturas de submisión ou de dominio.

-Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.

Preténdese avaliar con este criterio as destrezas adquiridas para realizar as actividades habituais da vida diaria. Estimarase o grao de autonomía e a iniciativa para levar a cabo as devanditas actividades, utilizando adecuadamente os espazos e materiais apropiados e facendo uso das normas establecidas para cada caso. Así mesmo, observarase a constancia, organización, hábitos, atención, planificación, interacción, autorregulación, autovaloración, perseveranza...

-Manifestar hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.

Avaliarase a través deste criterio o gusto por participar en actividades que favorecen un aspecto persoal coidado e máis un contorno limpo e

esteticamente agradable, así como por colaborar na creación dun ambiente xerador de benestar, de xeito que asuman un enfoque proactivo cara á súa seguridade e benestar. Esta asunción demóstrase en rutinas de aula, saídas educativas, zonas de xogo...

-Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.

Avaliarase a través deste criterio se o alumnado emprega axeitadamente instrumentos e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.

ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO.

Nesta área de coñecemento e experiencia preténdese que as nenas e os nenos descubran, coñezan e comprendan -segundo as súas posibilidades- os aspectos que conforman a realidade, considerando as súas múltiples relacións e interdependencias, coa finalidade de ir construíndo un coñecemento sobre o medio físico, natural e social cada vez máis axustado.

O medio é un todo integrado, onde os elementos naturais e culturais se relacionan e se inflúen mutuamente. É importante que a nena e o neno, ademais de identificar os distintos elementos que conforman o medio, vaian descubrindo e comprendendo progresivamente as relacións entre os distintos obxectos, fenómenos e feitos.

En síntese, nesta área preténdese favorecer o proceso de descubrimento e representación dos diferentes contextos que compoñen o contorno do alumnado facilitando a súa inserción participativa e potenciando a súa competencia matemática. Estas aprendizaxes levaranse a cabo na interacción constante das nenas e dos nenos co contorno social e natural, polo que é necesario abrir a escola ao medio nun ambiente educativo que estimule a súa curiosidade, incluíndo a participación das familias.

Establécense tres grandes bloques de contidos:

- **Bloque 1.** *Medio físico: elementos, relacións e medida.*

Este bloque recolle os contidos que potencian o desenvolvemento do pensamento lóxico-matemático a través dos cales a nena e o neno intentan interpretar e comprender o mundo, favorecendo as nocións de tempo, espazo, causalidade, cuantificación e a resolución de problemas que se presentan na súa vida cotiá.

Así, para coñecer e comprender como funciona a realidade, a nena e o neno indagan sobre o comportamento e as propiedades de obxectos e materias presentes no seu contorno: actuando e establecendo relacións cos elementos do medio físico, explorando e identificando os devanditos elementos, recoñecendo as sensacións que producen, anticipándose aos efectos das súas accións sobre eles, detectando semellanzas e diferenzas, comparando, ordenando, cuantificando, pasando así da manipulación á representación, orixe das incipientes habilidades lóxico-matemáticas.

- **Bloque 2.** *Achegamento á natureza.*

O bloque de achegamento á natureza refírese ás aprendizaxes relacionadas co descubrimento, coñecemento e comprensión do mundo animal e vexetal; aos procesos de cambio que viven os nenos e nenas no seu desenvolvemento e crecemento e ás relacións dinámicas que establecen cos elementos e fenómenos que conforman o seu contorno. Preténdese que establezan relacións identificando procesos e interdependencias co contorno inmediato, os seus elementos e fenómenos, desenvolvendo actitudes indagatorias e de interese por aprender, permanentemente, a través dunha exploración activa.

O medio, os seres e elementos que o integran, convértese ben axiña en obxecto preferente da curiosidade e interese infantil. As vivencias que as nenas e os nenos teñen en relación cos elementos da natureza e a reflexión sobre elas levaranos, co apoio adecuado da escola, á observación dalgúns fenómenos naturais, das súas manifestacións e consecuencias, así como a achegarse gradualmente ao coñecemento dos seres vivos, das relacións que se establecen entre eles, das súas características e dalgunhas das súas funcións.

A apreciación da diversidade e riqueza do medio natural, o descubrimento de que as persoas formamos parte dese medio e a vinculación afectiva a el son a base para fomentar desde a escola actitudes habituais de respecto e coidado.

- **Bloque 3.** *Cultura e vida en sociedade.*

Este bloque de contidos considera a dimensión sociocultural do medio. Comprende os contidos relacionados coas formas de organización dos seres humanos que forman parte do contorno das nenas e dos nenos -familia, escola, barrio, aldea...-, recollendo aqueles contidos a través dos

cales descubren e comprenden progresivamente as características dos grupos humanos, as súas formas de vida, organización e acontecementos relevantes.

Aprender a convivir nos distintos grupos sociais suporá coñecer as relacións que neles se dan -parentesco, amizade, veciñanza...- así como as súas normas e o respecto destas. Con elas van construindo as nenas e nenos a súa identidade individual e social.

Así mesmo, establécese no currículo o coñecemento dos diversos servizos comunitarios relacionados co ocio, a cultura, a sanidade... e o respecto e valoración das distintas funcións de cada persoa na sociedade.

OBXECTIVOS

-Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e mais mostrando interese polo seu coñecemento.

-Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.

-Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.

-Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.

-Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.

-Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.

-Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega -expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.-.

-Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e mais establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

-Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.

CONTIDOS

Bloque 1. *Medio físico: elementos, relacións e medida.*

-Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns e mais mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos.

-Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria.

-Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións.

-Identificación de formas planas e tridimensionais en elementos do contorno.

-Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas.

-Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.

-Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais.

-Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación...

-Utilización de xogos de mesa como actividades lúdicas que unen o razoamento, a reflexión e o divertimento en grupo.

-Investigación do comportamento físico de diferentes materiais e obxectos, en diferentes situacións e con variadas accións.

-Achegamento a algunhas magnitudes físicas -peso, lonxitude, capacidade, tempo- a través da estimación: comparando, sopesando, observando...

-Recoñecemento e identificación de situacións en que se fai necesario medir. Interese e curiosidade polos instrumentos de medida convencionais e non convencionais facendo unha aproximación ao seu uso.

-Adquisición progresiva da noción do paso do tempo mediante as actividades da vida cotiá.

-Orientación temporal en situacións cotiás empregando diferentes nocións e relacións. Aproximación ao uso do calendario.

-Establecemento de relacións de orientación espacial de localización, dirección, distancia e posición respecto a obxectos, persoas e lugares, nomeándooos axeitadamente e empregando o vocabulario topolóxico elemental.

-Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.

-Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.

Bloque 2. Achegamento á natureza.

-Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.

-Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiras e compañeiros.

-Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos.

-Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos.

-Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas.

-Descubrimento das diferentes formas en que se encontra a auga na natureza, comprendendo a súa contribución ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela.

-Identificación dos cambios que se producen en canto á luminosidade, á posición do sol, aos ciclos da lúa... ao longo dun día, dos meses e das estacións do ano.

-Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural –calor, choiva, vento, día, noite, erosión, ciclo vital...- e dos producidos pola acción humana – pontes, encoros, aeroxeradores, muiños de auga...-.

-Gozo ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e conservación, a realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.

-Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.

Bloque 3. *Cultura e vida en sociedade.*

-Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades. Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.

-Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.

-Interese e disposición favorable para iniciar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.

-Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.

-Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.

-Recoñecemento dalgúns signos de identidade cultural galega apreciando os cambios que se producen no modo de vida co paso do tempo. Sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións segundo distintos criterios.

Preténdese valorar con este criterio a capacidade e o interese para explorar os obxectos e materias presentes no seu contorno mediante actividades manipulativas, sendo quen de identificar propiedades físicas observables como forma, cor, tamaño, peso... Valorarase, así mesmo, a capacidade para establecer relacións entre as súas características ou atributos e o seu comportamento físico -caer, rodar, escorregar, botar...- despois de observar mediante unha experimentación sinxela estas accións.

Este criterio permitirá avaliar tamén a competencia para organizar -agrupando, clasificando e ordenando- a información obtida das calidades e características dos obxectos.

-Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.

Con este criterio comprobarase a competencia das nenas e dos nenos para aplicar a situacións variadas os coñecementos adquiridos sobre o uso dos números: expresar cantidades, identificar datas, indicar medidas, identificar números de teléfono, das casas, das matrículas de coches...

Comprobarase así mesmo o modo en que nenas e nenos van desenvolvendo determinadas habilidades lóxico-matemáticas en situacións contextualizadas e significativas -preparación de receitas, rexistros, creación

de coleccións, xogos de mesa...- establecendo relacións cualitativas e cuantitativas entre elementos e coleccións, estimando cantidades pequenas, expresándoas oralmente ou mediante escritura convencional ou non convencional, facendo uso da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas.

-Propoñer e resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás, empregando e comparando magnitudes de peso, lonxitude e capacidade.

Observarase, a través deste criterio, a capacidade das nenas e dos nenos para propoñer e resolver sinxelos problemas da súa vida cotiá, formulando hipóteses e buscando alternativas, solucións e novas posibilidades, anticipando consecuencias, individualmente e en grupo, tendo en conta as opinións e as achegas das demais persoas, o consenso e a negociación. Isto pode implicar a aplicación de operacións como engadir, quitar, repartir, medir, ordenar... e facer uso da medida, empregando unidades non convencionais.

-Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.

Avaliarase se o alumnado identifica e recoñece no seu contorno inmediato -construcións, natureza, arte...- aspectos xeométricos básicos como liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas ou cubos mediante a observación e a exploración lúdica.

-Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación a obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico elemental.

Avaliarase a competencia para interpretar e empregar as nocións básicas espaciais elementais -arriba, abaixo; dentro, fóra; preto, lonxe...- en actividades de orientación e de representación espacial variadas.

-Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.

Trátase de comprobar que o alumnado é quen de secuenciar e relatar empregando o vocabulario axeitado: antes e despois, mañá e tarde, día e noite, ontehoxe- mañá, día-semana-meses, estacións do ano; en momentos significativos que teñen que ver coa súa actividade.

-Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e de respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.

Con este criterio valórase o interese, coñecemento e grao de sensibilización polos elementos da natureza, tanto vivos como inertes; a indagación dalgunhas características e funcións xerais, achegándose á noción de ciclo vital e constatando os cambios que este implica. En canto aos seres vivos, valoraranse os hábitos de coidado destes e a sensibilidade e o respecto pola súa vida.

Estimarase, así mesmo, o interese que manifestan as nenas e os nenos polo coñecemento do medio, as observacións que fan, así como as conxecturas que sobre as súas causas e consecuencias formulan. Apreciarase tamén a capacidade do alumnado para valorar a necesidade da adopción de medidas de protección do medio por parte das persoas, participando en actividades para conservalo e reflexionando sobre os cambios na paisaxe producidos pola intervención humana.

-Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e outros seres vivos.

Avaliarase a capacidade para recoñecer os cambios que se producen nas persoas ao longo da súa vida.

Valorarase tamén se as nenas e os nenos son capaces de establecer algunhas relacións entre medio físico e social, identificando os cambios naturais que afectan a vida cotiá das persoas -cambios de estacións, temperatura...-.

-Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización.

Con este criterio avalíase o coñecemento dos grupos máis próximos -familia, escola, veciñanza...- superando estereotipos sociais.

Observarase, así mesmo, a súa integración e vinculación afectiva aos grupos máis próximos e a acomodación da súa conduta aos principios, valores e normas que os rexen, recoñecendo e valorando a necesidade destas para convivir. Especial atención merecerá a capacidade que nenas e nenos mostren para a análise de situacións conflitivas e as competencias xeradas para un adecuado tratamento e resolución.

-Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.

Por medio deste criterio tratarase de avaliar o grao de sensibilización cara á valoración dos servizos sociais e comunitarios do seu contorno - mercado, atención sanitaria, medios de transporte...- superando os estereotipos sexistas referidos ás persoas usuarias destes servizos e profesionais que os desenvolven.

-Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.

Avaliarase con este criterio o coñecemento das principais manifestacións culturais propias e a comprensión dalgúns signos ou elementos que identifican outras culturas.

Valorarase, así mesmo, o interese e o respecto pola diversidade cultural.

ÁREA: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN.

A comunicación nas súas diversas manifestacións implica a capacidade de producir, recibir e interpretar mensaxes. Ao fomentar a aprendizaxe das diversas formas de comunicación e expresión, outorgaráselles ás nenas e aos nenos a oportunidade de manifestar os seus sentimentos, emocións e ideas con maior elaboración e riqueza de matices. As linguaxes contribúen tamén ao desenvolvemento dunha competencia artística que vai acompañada do espertar dunha conciencia crítica neste mundo cambiante e que se pon en xogo ao compartir coas demais persoas as experiencias estéticas.

O propósito desta área é contribuír a mellorar a relación entre o alumnado e o medio, xa que será a través das distintas formas de comunicación e representación como a nena e o neno establezan relacións co resto das persoas. A interacción, a través dos diferentes instrumentos de comunicación, permite exteriorizar as vivencias emocionais, acceder aos contidos culturais, producir mensaxes cada vez máis elaboradas e ampliar progresivamente a comprensión da realidade.

A comunicación constitúe o proceso mediante o cal nenas e nenos, desde os primeiros anos de vida, intercambian e constrúen significados. Serán as distintas formas de comunicación e representación as que sirvan

de nexos entre o mundo interior e exterior, na medida en que fan posible a representación da realidade, a expresión de pensamentos, sentimentos e vivencias, posibilitando as interaccións.

A través das linguaxes, os nenos e nenas desenvolven a súa imaxinación e creatividade, aprenden, constrúen a súa identidade persoal, mostran as súas emocións, o seu coñecemento do mundo e a súa percepción da realidade.

As linguaxes considéranse fundamentais para potenciar o desenvolvemento do pensamento e as capacidades comunicativas, expresivas e creativas.

Os bloques de contidos que constitúen esta área recollen as diferentes formas de comunicación e representación: a linguaxe verbal, a linguaxe artística, a linguaxe corporal, a linguaxe audiovisual e das tecnoloxías da información e a comunicación.

- **Bloque 1.** *Linguaxe verbal.*

Este bloque de contidos refírese á capacidade para relacionarse escoitando, recibindo comprensivamente e producindo diversas mensaxes, mediante o uso progresivo e axeitado da linguaxe, nas súas expresións oral e escrita.

O dominio progresivo da linguaxe verbal axudará as nenas e os nenos a interpretar de forma máis axeitada o mundo que os rodea. A linguaxe oral é especialmente relevante nesta etapa, xa que pode considerarse o instrumento por excelencia de aprendizaxe, de regulación da conduta e de manifestación de vivencias, sentimentos, ideas, emocións, etc.

A apropiación da linguaxe, nas súas formas oral e escrita, dependerá da amplitude, variedade e calidade das experiencias comunicativas que os nenos e nenas teñan.

No segundo ciclo de educación infantil preténdese así mesmo que o alumnado descubra e explore os usos da lectura e a escritura, espertando e afianzando o seu interese por elas.

Farase un achegamento á literatura infantil a partir de textos comprensibles e accesibles para que esta iniciación literaria sexa fonte de gozo, de diversión e de xogo.

Así mesmo, é necesario o desenvolvemento de actitudes positivas cara á propia lingua e á dos demais, espertando sensibilidade e curiosidade por coñecer outras linguas.

- **Bloque 2.** *Linguaxe artística: plástica-musicalcorporal.*

Este bloque inclúe todos aqueles medios de expresión artística que favorecen a sensibilidade estética, a apreciación e a manifestación creativa das nenas e dos nenos. Recollerá todos aqueles contidos que se refiran á capacidade creativa para comunicar, representar e expresar a realidade a partir da elaboración orixinal que fan os nenos e nenas desde os seus sentimentos, ideas, experiencias e sensibilidade, a través de diversas linguaxes artísticas:

- Linguaxe plástica.
- Linguaxe musical.
- Linguaxe corporal.

- **Bloque 3.** *Linguaxe audiovisual.*

A linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación presentes na vida infantil requiren un tratamento educativo que, a partir do uso apropiado, inicie as nenas e os nenos na comprensión das mensaxes audiovisuais e na súa utilización adecuada.

A educación sobre e, en especial, cos medios de comunicación debe iniciarse desde idades temperás. A planificación do uso do ordenador e de toda a tecnoloxía debe estar pensada como un recurso e ferramenta máis de que dispón o profesorado, igual que un libro ou o encerado e, como tal, debe estar recollido o seu uso.

OBXECTIVOS

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.

- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais -o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuíños da comunicación humana.

-Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.

-Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos -expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...- con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.

-Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.

-Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.

-Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.

-Comprender, reproducir, reescribir -tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita-, e recrear textos.

-Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.

-Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...

-Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.

-Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.

-Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC -ordenadores, a internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo ...- como ferramentas de busca de información, creación, expresión e comunicación.

CONTIDOS

Bloque 1. Linguaxe verbal.

- **Escoitar, falar e conversar.**

-Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas.

-Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases.

-Participación de forma oral en conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas.

-Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversas, respectando quendas e escoitando atentamente.

-Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais.

-Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas - saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...-.

-Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.

- **Aproximación á lingua escrita.**

-Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.

-Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

-Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.

-Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas -cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas- e propiedades cualitativas -variedade de grafías-. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.

-Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

- Achegamento á literatura.

-Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro...; tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida.

-Dramatización de textos literarios, disfrute e interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos.

-Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen.

-Participación creativa en xogos lingüísticos -encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...- acompañados de respostas corporais -xestos, movementos, ritmos...- para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas.

-Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios.

-Introdución ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento.

Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.

-Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.

-Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.

-Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica -liña, forma, cor, textura, espazo e volume-.

-Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión -cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros- que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.

-Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproyector, encerado dixital, fotografías...- e das distintas técnicas -debuxo, pintura, collaxe, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...- como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...

-Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.

-Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proyector...

-Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesás manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.

-Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquejos para a consecución dunha melloría na produción.

-Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical.

-Vivencia do son e do silencio.

-Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos.

-Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música.

-Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.

-Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións.

-Vivencia de xestos e movementos como recursos corporais para a expresión e a comunicación e máis o intercambio afectivo.

-Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal -mimo, monicreques, teatro de sombras...- colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.

Bloque 3. *Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e a comunicación.*

-Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación.

-Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos.

-Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

-Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas.

-Achegamento ao uso do ordenador, á cámara fotográfica... nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como series de animación, presentacións, vídeos..., a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.

-Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.

Mediante este criterio avalíase o desenvolvemento da capacidade para expresarse e comunicarse oralmente, con claridade e corrección suficientes, respondendo a diferentes intencións comunicativas.

Valorarase, así mesmo, se a nena ou o neno toma en consideración os hábitos e as normas que rexen as situacións comunicativas -respetar quendas de intervención, escoitar atentamente, respectar a opinión das demais persoas...-. Tamén se avalía o uso de fórmulas e tratamento axeitadas para saudar, despedirse, presentarse, escusarse, solicitar axuda, agradecer...

-Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.

Este criterio refírese á capacidade para escoitar e comprender mensaxes, relatos, producións literarias, descricións, explicacións, informacións de diferentes emisores e emisoras: iguais, persoas adultas, diversos medios de comunicación -televisión, radio, webs...-, que lles permitan participar na vida da aula e na vida cotiá.

-Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

Preténdese avaliar a súa participación en producións orais sinxelas relativas a situacións e temas do seu interese: xogos, cancións, rimas, dramatizacións previamente traballadas e contextualizadas.

-Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.

Con este criterio avalíase se as nenas e os nenos valoran e se interesan pola linguaxe escrita, iniciándose na utilización funcional da lectura e a escritura como medios de comunicación, de información e de gozo.

-Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo...

Valorarase o achegamento á escritura para a produción de textos.

Valorarase o interese por explorar os mecanismos básicos do código escrito e o coñecemento das súas características; coñecementos que se consolidarán na educación primaria.

-Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...

Este criterio avaliará o interese que demostra en participar nas actividades de escoita e lectura de textos literarios, apreciando a súa estética, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen e mais amosando interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.

-Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo.

Con este criterio valorarase se as nenas e os nenos entenden a necesidade das normas de funcionamento da biblioteca -manter silencio, colocar os libros no seu sitio, cumprir os prazos de préstamo- e se as respectan. Valorarase, así mesmo, se recoñecen este espazo como recurso de pesquida de información e lugar de entretemento.

-Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.

Con este criterio comprobarase se o alumnado se serve das diferentes representacións -plásticas, musicais, corporais e audiovisuais- para plasmar as súas vivencias, emocións e sentimentos, facendo uso dos diferentes materiais, instrumentos e técnicas propios destas linguaxes.

Así mesmo, valorarase o interese e curiosidade que o alumnado manifesta por incorporar ás súas producións libres diferentes materiais, técnicas e recursos tecnolóxicos.

-Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.

Observarase o gusto por experimentar e explorar as posibilidades expresivas do corpo, da voz, dos elementos plásticos e dos sons.

Valorarase tamén a capacidade para expresar as distintas impresións que lle producen a cadaquén as obras artísticas.

-Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.

Este criterio permite valorar a súa competencia para acceder e empregar as tecnoloxías da información e comunicación. Deste xeito, observarase se é quen de prender e apagar o ordenador, manexar o rato, identificar e usar iconas para acceder aos programas con progresiva autonomía, escanear, imprimir unha creación, facer debuxos, facer fotografías...

ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS PARA O SEGUNDO CICLO.

A esixencia de orientar e dar un sentido educativo á educación infantil fai necesario facer explícitos os principios metodolóxicos que deben enmarcar a acción pedagóxica neste ciclo. As distintas orientacións preséntanse agrupadas en seis epígrafes, co fin de facilitar a súa lectura.

1. Ambiente de aprendizaxe.

Unha axeitada organización do ambiente, incluíndo espazos, recursos e distribución do tempo, será fundamental para a consecución das intencións educativas.

Espazos.

-Na distribución do espazo preverase que as nenas e os nenos dispoñan de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sós e para xogar e para relacionarse cos demais; espazos para actividades que requiran unha certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento. A persoa docente preverá as distintas situacións xerando un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ao alumnado sentirse cómodo, seguro e acollido.

Materiais.

-Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, consecuentemente, ás características individuais do alumnado. Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento.

-Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e socio-cultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor.

Tempos.

-Será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade, de xeito que permitan ao profesorado adecualo ás características das tarefas. No desenvolvemento da xornada escolar combinaranse tempos de rutinas con tempos de actividades específicas segundo as características e necesidades dos nenos e nenas.

2. Perspectiva didáctica.

Organizaranse os contidos tendendo cara a un «enfoque globalizador», que debe entenderse como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais -situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo...- nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Na proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos ou as unidades didácticas que engloben contidos de diferente tipo e de distintas áreas, aínda que tamén é conveniente planificar outras actividades que alternen coas propostas globalizadas. Atenderase os seguintes aspectos:

-É importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas cales poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso pódense empregar diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro, e mesmo a caixa de suxestións.

-A organización de proxectos, consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo, ou a realización de asembleas para

comentar acontecementos ou discutir e decidir determinados aspectos da actividade diaria constitúen valiosas estratexias que a persoa docente utilizará porque son altamente motivadoras e favorecen o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos afectivos, así como que a nena e o neno se sintan membros do grupo e participen activamente nel.

-A formulación de preguntas abertas por parte da mestra ou mestre acerca de determinados feitos ou situacións, á parte de estimular a lingua infantil, contribúe eficazmente a ensinarlles ás nenas e aos nenos a facerse interrogantes pertinentes e a buscar respostas axeitadas, promovendo o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se estea investigando na aula.

-É imprescindible destacar a importancia do xogo como actividade propia desta etapa, xa que as cativas e os cativos, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman -formas, tamaños, espazos, volumes-, establecen relacións, deseñan situacións e invisten a acción da súa emotividade e simbolismo; manifestan a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e de interacción.

-A afectividade debe ser o fío condutor de toda situación de ensino-aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

3. O papel do profesorado.

-É fundamental que a mestra e o mestre sexan quen de potenciar no seu alumnado unha serie de habilidades de pensamento que o axuden a encontrarlle sentido á súa experiencia; isto é: involucrarse en proxectos con xogos e actividades que o fagan observar, pescudar, imaxinar, adiviñar, buscar alternativas, formular hipóteses, anticipar consecuencias...; habilidades esenciais todas elas para conectar as experiencias presentes coas pasadas, formular problemas, facer estimacións, medir..., ademais de proporcionarlles ás nenas e aos nenos ferramentas que lles permitan evolucionar nos coñecementos e nas habilidades que desenvolveron, co fin de garantir a construción de novas aprendizaxes.

-Para ofrecer unha intervención que conecte co saber, co saber facer e co saber estar de cada criatura é necesario partir dos esquemas de coñecemento do alumnado e do significado que lles atribúe. A mestra ou mestre posicionarase como mediadora entre o alumnado e a cultura, atenden-

do á súa diversidade e tendo en conta situacións que requirirán, ás veces, dirixir, suxerir, e outras acompañar. A partir da observación do que as nenas e nenos saben, podemos intervir en cada caso de xeito máis próximo aos seus coñecementos -axudar a reflexionar sobre o modo de indagar o que di un texto, buscar pistas, buscar coherencia, etc.-.

-A educadora ou educador velarán por crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións, a desvalorización, estigmatización ou ridiculización. É importante favorecer que as nenas e os nenos expresen libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións, e que os adultos creen condicións para que sexan escoitados, aceptados e respectados nas súas diferenzas.

-As persoas adultas deben ter altas expectativas nas posibilidades das nenas e dos nenos en todos os planos e darlles sinais claros das súas potencialidades, animando e preocupándose de que os nenos e nenas poidan superar desafíos, perseverando e desenvolvendo a tolerancia á frustración.

-Débese evitar valorar máis os acertos que os erros e corrixilo todo. Cambiar a idea de evitar os erros pola de empregar os erros, e tamén os acertos, como fonte de información dos coñecementos dos nenos e nenas. Crear un clima de aceptación e de respecto mutuo no cal equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, en que cada criatura se sinta retardada e ao tempo con confianza para pedir axuda.

-A persoa adulta será prudente á hora de facer valoracións sobre as producións infantís para preservar a espontaneidade da creación fronte aos estereotipos e aos criterios preestablecidos de beleza ou de perfección.

-A intervención da persoa docente -guiando, animando, apoiando, abrindo novos camiños, suxerindo...- estimulará a creatividade e contrarrestará estereotipos e convencionalismos.

4. O papel do alumnado.

-Terase en conta que cando os nenos e nenas chegan á escola xa teñen un percorrido no seu coñecemento, e potenciarase a súa capacidade para descubrir e sentirse exploradores activos, poñendo á súa disposición os medios que llo possibiliten, así como tamén o acceso a obxectos ou a novas fontes de coñecemento.

-Cando a un grupo de nenas e nenos se lles confiren responsabilidades de progresiva complexidade en relación con ámbitos referidos a si mesmos, ás demais persoas e ao medio natural, estamos abríndolle a posi-

bilidade de que aprecie e valore os seus logros e esforzos e os das outras persoas, avanzando no proceso de autonomía persoal.

-É igualmente importante ofrecerlle ao alumnado situacións de aprendizaxe que incentiven e potencien a realización das súas propias propostas, a toma de decisións, así como a posibilidade de anticipar as súas accións, a organización das actividades, os materiais e recursos que se van empregar, facéndolle ver que todas e todos poden realizar accións por si mesmos e compartilas cos demais.

-Potenciarase que o alumnado reflexione sobre os seus progresos mostrándolle as súas producións e realizando unha coavaliación. Isto resulta sempre satisfactorio e un motivo de fortalecemento da autoestima.

5. Agrupamentos.

Para poder atender á diversidade do alumnado e á aprendizaxe de contidos de distinta natureza, organizaranse diversas formas de agrupamento tendo en conta as potencialidades de cada unha delas:

-O gran grupo é apropiado cando se trata de planificar conxuntamente as actividades, exposicións, lectura dalgúns textos, distribución de tarefas, explicacións, presentación de modelos, debates, asemblea, conferencias, etc.

-O grupo pequeno é o ideal para favorecer a interacción cooperativa, permite asignar a cada nena ou neno tarefas concretas e estruturadas de tal xeito que a mestra ou mestre poida prestar as axudas axeitadas segundo o grao de realización da tarefa. Deben ser variables, homoxéneos e heteroxéneos. A organización en parellas acostuma a ser moito máis rendible polo grao de implicación que comporta.

-A actividade individual é un bo recurso para a interacción máis específica coa persoa docente, ao tempo que promove as estratexias de planificación da acción, a responsabilidade, a autonomía e a autoxestión.

6. Apertura ao contorno.

A educación infantil acada o seu pleno sentido nun marco de colaboración e coordinación entre os elementos que inciden no proceso educativo das nenas e dos nenos: o equipo docente, as familias e o contorno.

En canto á relación coas familias, é necesaria unha boa comunicación e coordinación con ela, xa que a eficacia da educación infantil depende, en gran medida, da unidade de criterios educativos na casa e na escola.

En canto á apertura ao contorno, planificaranse tanto saídas como visitas de membros da comunidade educativa. Así:

-Aproveitarase o potencial educativo das saídas e das visitas, planificadas detidamente, para sacar delas o maior partido educativo posible. É importante que a persoa docente teña moi claros cales son os contidos que pretende traballar coa visita, e non saír por saír, ou pretender observar e explorar todos os elementos do contorno. En calquera caso, sempre existirá unha finalidade -traducida en obxectivos-, un deseño e unhas actividades que estean inseridas na programación xeral e que permitan aproveitar ao máximo este recurso. O aproveitamento da actividade non finaliza coa volta ao centro. Durante o día ou os días seguintes pódense crear situacións de comunicación e intercambio do que se viu e do material recollido, así como animar os nenos e nenas a que o expresen mediante distintas linguaxes. Todo iso dará lugar a suscitar actividades que provoquen novos interrogantes e reforcen certas adquisicións.

-De igual forma, a persoa docente propiciará experiencias nas cales teñan cabida as relacións con nenas e con nenos doutras aulas e con persoas adultas, xa que así, non só se contribúe en gran medida a que os nenos e nenas vaian ampliando as súas relacións, senón que se permite descentrar positivamente a tarefa educativa da persoa docente e da aula.

ANEXO II

O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN INFANTIL E AS COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Introducción.

A LOE establece oito competencias básicas que o alumnado debe desenvolver e acadar ao longo do ensino básico.

Aínda que estas veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie desde o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente. Estas competencias, polo tanto, orientarán e impregnarán o currículo de educación infantil, téndose como referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamento das áreas.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea establecéronse oito competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

2. As competencias básicas e a súa repercusión na metodoloxía.

A incorporación das competencias básicas no currículo obriga a reformular a práctica educativa. Precísase un cambio, débense abandonar os tradicionais modelos de transmisión do coñecemento por modelos que permitan a mobilización de diferentes recursos cognitivos. O paradigma educacional referente debe ser o de «aprender a aprender» e de «aprender facendo». Cómpre unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica.

Unha xestión docente baseada na formación de competencias ten que asumir estratexias didácticas que afonden no proceso e que destaquen a función orientadora da mestra e do mestre.

Para desenvolver as competencias é necesario traballar, sobre todo, por proxectos e resolvendo problemas; así propoñeranse tarefas e retos que inciten as alumnas e os alumnos a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

Desde a metodoloxía de proxectos trátase de achegar a escola á vida diaria. Empregando un enfoque globalizador, partindo dos intereses das nenas e dos nenos, das súas experiencias e coñecementos previos. Desde a perspectiva didáctica, o proxecto artículase como un itinerario formativo planificado en situacións de ensino nas cales se poñen en práctica as diferentes competencias básicas.

3. Definición e contribución desde as áreas de educación infantil ao desenvolvemento das competencias básicas

• Competencia en comunicación lingüística.

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico, xerar ideas, estruturar o coñecemento, darlle coherencia a un discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral ou escrita, todo o cal contribuirá ademais ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.

Contribuirase á mellora da competencia lingüística desde a educación infantil fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

• Competencia matemática.

Consiste na habilidade para empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoa-

mento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información, como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade, e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral. Así mesmo, esta competencia implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos -distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.- en situacións reais ou simuladas da vida cotiá, e a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á resolución dos problemas ou á obtención de información.

Contribuirase á mellora da competencia matemática na educación infantil na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos sexan empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen.

- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.**

Esta competencia refírese á habilidade para interactuar co mundo físico, de modo que se facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias, así como o coidado do medio natural e a protección da saúde individual e colectiva. Así mesmo, a competencia de interactuar co espazo físico leva implícito ser consciente da influencia que ten a presenza das persoas no espazo, a súa actividade, as modificacións que introducen e as paisaxes resultantes, así como da importancia de que todos os seres humanos se beneficien do desenvolvemento e de que este procure a conservación dos recursos e a diversidade natural, mantendo a solidariedade global e interxeracional. Supón, así mesmo, demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsable na vida cotiá. En definitiva, esta competencia implica o desenvolvemento e aplicación do pensamento científico- técnico para interpretar a información que se recibe e para predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal nun mundo en que os avances que se van producindo nos ámbitos científico e tecnolóxico teñen unha influencia decisiva na vida persoal, na sociedade e no mundo natural.

Contribuirase, polo tanto, á adquisición desta competencia desde educación infantil iniciando o alumnado no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións...

- **Tratamento da información e competencia dixital.**

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e mais para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse. Está asociada coa busca, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte a que se acuda e o soporte que se empregue: oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia.

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas. Tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario e respectando as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información.

Se desde a educación infantil se quere contribuír a mellorar esta competencia, é preciso que se propoñan situacións nas cales sexa necesario resolver problemas reais, para o cal se recorrerá ao tratamento da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

- **Competencia social e cidadá.**

Esta competencia posibilita comprender a realidade social en que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

En consecuencia, entre as habilidades desta competencia destacan coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar do outro e de comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio, así como tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo. Ademais, implica a valoración das diferenzas á vez que o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.

Igualmente, supón a práctica do diálogo e da negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos, tanto no ámbito persoal como no social.

Así, desde a educación infantil contribuírase ao desenvolvemento desta competencia traballando as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos de convivencia, axudan a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía.

- **Competencia cultural e artística.**

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e de gozo e considéralas como parte do patrimonio dos pobos. Apreciar o feito cultural en xeral, e o feito artístico en particular, leva implícito dispoñer daquelas habilidades e actitudes que permiten acceder ás súas distintas manifestacións, así como habilidades de pensamento, perceptivas e comunicativas, sensibilidade e sentido estético para poder comprendelas, valoralas, emocionarse e gozalas.

Na educación infantil contribuírase ao desenvolvemento desta competencia cando o centro estea aberto ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdose nun espazo en que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais, onde se potencie o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; onde se manteña unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulse cultivar a capacidade estética e creadora de cada criatura e o interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio.

- **Competencia para aprender a aprender.**

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma de acordo cos propios obxectivos e necesidades. Esta competencia ten dúas dimensións fundamentais: a adquisición da conciencia das propias capacidades -intelectuais, emocionais, físicas-, do proceso e das estratexias necesarias para desenvolvelas; e a conciencia do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer con axuda doutras persoas ou recursos. Significa ser consciente do que se sabe e do que é necesario aprender, de como se aprende e de como se xestionan e con-

trolan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.

Contribuirase á mellora desta competencia deseñando unha práctica educativa que incida na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos e nenas a planificación e organización da tarefa que se vai realizar, a selección e o tratamento da información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos.

- **Autonomía e iniciativa persoal.**

Esta competencia refírese, por unha parte, á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas como a responsabilidade, a perseveranza, o autoconhecimento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos. Por outra parte, remite á capacidade de elixir con criterio propio, de propoñer proxectos e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais -no marco de proxectos individuais ou colectivos- responsabilizándose deles tanto no ámbito persoal, como no social e no laboral.

Poderase contribuír a mellorar esta competencia cando se permita imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

O enfoque por competencias modifica os puntos de vista convencionais sobre a forma de aprender e de ensinar, pois o aspecto central non é a acumulación de coñecementos, senón o desenvolvemento das posibilidades que posúe calquera individuo mediante fórmulas «de saber» e «de facer» contextualizadas.

2. REGULACIÓN DA IMPLANTACIÓN, O DESENVOLVEMENTO E A AVALIACIÓN DO ALUMNADO DO SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL

2. Regulación da implantación

Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Preámbulo

O Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo cal se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, na súa disposición derradeira primeira autoriza a persoa titular da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para ditar as disposicións que sexan necesarias na execución e desenvolvemento do establecido neste decreto para a etapa de educación infantil.

Esta orde regula a implantación do segundo ciclo da educación infantil, o desenvolvemento e a avaliación do alumnado, así como a definición dos documentos en que se recolla o seu resultado, garantindo a autenticidade dos datos, a súa supervisión e custodia. Implantación que se organiza en dous ciclos educativos para facilitar a adaptación dos procesos de ensino aos ritmos de desenvolvemento e aprendizaxe das nenas e dos nenos.

A educación, sendo unha responsabilidade fundamental das familias, debe configurarse tamén como un proxecto global, colectivo e compartido entre a escola e a familia, que teña como perspectiva a formación e convivencia do conxunto da cidadanía, desde o seu nacemento e ao longo de toda a vida.

Considérase que a educación infantil é un proceso de construción e cooperación entre nenas, nenos e persoas adultas, que comparten habilidades, dificultades, logros, conquistas e cuxo obxectivo se centra en aproveitar ao máximo as capacidades do alumnado, potenciándoas e afianzán-

doas a través da acción educativa, respectando a diversidade e as posibilidades de cada alumna e de cada alumno. Os obxectivos desta etapa contribuirán a desenvolver capacidades que se corresponden cos procesos evolutivos propios destas idades.

A avaliación nesta etapa, concibida como un instrumento regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo, realizarase de forma continua e considerarase un elemento máis da actividade educativa coa finalidade de obter información sobre o desenvolvemento das nenas e dos nenos, mellorar e reaxustar a intervención das persoas responsables deste proceso e tomar decisións tanto individuais coma colectivas.

Os criterios de avaliación de cada unha das áreas serán os referentes para coñecer, por unha parte, en que medida o alumnado desenvolveu as capacidades enunciadas tanto nos obxectivos da etapa como nos de cada unha das áreas e, por outra, para identificar as aprendizaxes adquiridas e valorar o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas.

Tendo en conta as características da avaliación na educación infantil derivadas do marco normativo referido, procede un desenvolvemento complementario que defina e describa as características, o procedemento e os documentos oficiais de avaliación coa finalidade de garantir a coordinación ao longo desta etapa educativa, a mobilidade do alumnado e unha orientación para a súa continuidade escolar nas etapas seguintes.

En consecuencia co exposto, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

CAPÍTULO I

Disposicións de carácter xeral

Artigo 1º.- *Obxecto e ámbito de aplicación.*

1. Esta orde ten por obxecto regular a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil.

2. Será de aplicación nos centros docentes que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.- *Condicións de acceso.*

1. O segundo ciclo de educación infantil comprende desde os tres aos seis anos.

2. Con carácter xeral, as nenas e os nenos poderán incorporarse ao segundo ciclo de educación infantil no comezo do curso do ano natural en que cumpran tres anos de idade e poderán permanecer escolarizados ata final do curso correspondente ao ano natural en que cumpran os seis anos.

3. Con posterioridade á idade sinalada anteriormente, poderá permanecer no segundo ciclo de educación infantil o alumnado con necesidades educativas especiais ao cal se lle autorizase a permanencia dun ano máis no citado ciclo.

4. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal nos termos que determine a Administración educativa, con carácter excepcional poderá flexibilizarse de modo que poida anticiparse un curso o inicio da escolarización na etapa da educación primaria, cando se prevea que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e da súa socialización.

Artigo 3º.- *Período de adaptación.*

1. Os centros educativos planificarán un período de adaptación do alumnado para favorecer a transición desde a familia ou desde a escola infantil de primeiro ciclo á nova situación de ensino aprendizaxe.

2. A organización deste período garantirá a integración gradual, do alumnado de nova incorporación desde o inicio das actividades lectivas. En todo caso, estableceranse no proxecto educativo do centro as medidas organizativas e pedagóxicas para este período. Este período en ningún caso poderá superar o mes de setembro e concretarase anualmente na orde que establece o calendario escolar para cada curso académico.

Artigo 4º.- *Número de alumnado por aula.*

1. Os centros que impartan o segundo ciclo da educación infantil terán, como máximo, 25 alumnas e alumnos por aula.

2. Na aulas de agrupamentos mixtos, nas cales se escolarice alumnado de distintos niveis (1º, 2º e 3º de educación infantil) a ratio máxima reducirase a 20 alumnas e alumnos por aula.

3. Nos centros dunha ou mais liñas, contemplarase a posibilidade de establecer agrupamentos de idades mixtas tendo en conta a riqueza de interaccións que nestas aulas se producen, o que favorece en gran medida situacións positivas de aprendizaxe. Isto será posible cando non supoña modificación de unidades e se conte coa autorización previa do Servizo Provincial da Inspección Educativa.

4. A escolarización do alumnado con necesidades educativas específicas aterase ao prescrito polo artigo 87 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e pola normativa da Comunidade Autónoma sobre a admisión do alumnado.

Artigo 5º.- *Horario semanal.*

1. O horario lectivo do alumnado, incluídos os períodos de recreo, será de vinte e cinco horas semanais.

2. O tempo de recreo será de trinta minutos. A realización de calquera outra actividade fóra da aula responderá a criterios educativos e estará xustificada na programación de aula, ciclo e/ou a programación xeral anual.

3. O horario escolar organizarase desde un enfoque globalizador e incluírá prácticas que permitan alternar diferentes tipos e ritmos de actividades e descanso das nenas e nenos.

4. A impartición da lingua estranxeira será dunha hora semanal para cada un dos cursos do segundo ciclo de educación infantil.

5. As ensinanzas de relixión impartiranse ao alumnado cuxos pais/nais/titores legais así o soliciten dentro da xornada escolar e nun horario específico dunha hora semanal.

Artigo 6º.- *Tratamento das linguas oficiais.*

Na etapa de educación infantil o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, terá en conta a lingua do contorno e coidará que o alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios desta etapa.

Artigo 7º.- *Ensino da lingua estranxeira.*

1. Os centros educativos realizarán actividades que impliquen unha aproximación á lingua estranxeira cuxas orientacións metodolóxicas son as que se recollen no anexo V desta orde.

2. Cada centro educativo concretará a distribución da hora de lingua estranxeira, que en ningún caso será nun período semanal único.

CAPÍTULO II

Planificación

Artigo 8º.- *Proxecto educativo.*

1. Os centros docentes recollerán no proxecto educativo do centro o carácter educativo da etapa e a súa concreción para o segundo ciclo, seguindo as orientacións metodolóxicas, os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación que conforman o currículo deste ciclo, segundo a proposta do equipo de ciclo.

2. Esta concreción incluirá:

a) A adecuación dos obxectivos xerais da educación infantil ao contexto socioeconómico e cultural de cada centro e ás características do alumnado, tendo en conta o establecido no propio proxecto educativo.

b) As decisións de carácter xeral sobre metodoloxía, criterios para o agrupamento do alumnado e para a planificación educativa dos espazos e a organización do tempo.

c) Aspectos xerais para a elaboración das programacións docentes.

d) Incorporación, a través das distintas áreas, da educación en valores.

e) Liñas xerais de atención á diversidade.

f) Os criterios, procedementos e instrumentos para a avaliación.

g) Liñas xerais para a elaboración dos plans de orientación e acción tutorial.

h) Os criterios para a selección e uso dos recursos materiais.

i) As accións previstas para a participación, colaboración e implicación permanente coas familias.

j) Os criterios e estratexias para a coordinación entre ciclos e etapas.

k) Proxecto lingüístico.

l) Liñas xerais de planificación do período de adaptación.

m) As actuacións previstas en canto ao fomento do uso das tecnoloxías da información e da comunicación, da lectura e da mellora da convivencia.

n) Atención educativa ao alumnado que non opte por ensinanzas de relixión.

Artigo 9º.- Programacións didácticas.

1. A programación didáctica é o instrumento específico de planificación, desenvolvemento e avaliación de cada unha das áreas do currículo.

2. A programación didáctica será elaborada polo profesorado que integra o equipo de ciclo e terá un carácter globalizado e integrador, atendendo á necesaria coordinación entre os cursos que compoñen o ciclo, así como entre as áreas que integran o currículo.

3. As programacións didácticas incluírán, polo menos, os seguintes aspectos: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía, materiais e recursos, medidas de atención á diversidade, procedementos e instrumentos de avaliación, actividades complementarias e extraescolares, concreción do plan de convivencia e do plan das tecnoloxías da información e da comunicación para o ciclo.

4. As programacións didácticas de ciclo desenvolveráse cada mestra ou mestre en programacións de aula, organizadas en secuencias didácticas e/ou proxectos de traballo.

5. Será competencia do profesorado que compón cada un dos equipos de ciclo realizar as programacións de aula seguindo as directrices establecidas para o ciclo pola comisión de coordinación pedagóxica.

Artigo 10º.- Coordinación entre ciclos e con educación primaria.

1. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establecerá mecanismos que favorezan a coordinación das propostas pedagóxicas

dos centros que impartan o segundo ciclo de educación infantil con aqueles que impartan o primeiro ciclo da etapa, co obxectivo de garantir a continuidade do proceso educativo do alumnado.

2. Os centros con unidades de educación infantil establecerán mecanismos de coordinación entre o profesorado que imparte nesta etapa e o profesorado que imparte no primeiro ciclo da educación primaria.

3. Cando o alumnado se traslade dun centro a outro, seguiranse os procedementos establecidos nesta orde para garantir o intercambio de información entre ambos os centros.

Artigo 11°.- *Participación e colaboración coas familias.*

1. Os profesionais que atenden o alumnado da educación infantil promoverán a participación e colaboración das familias, ofrecéndolles o apoio necesario para contribuír a que estas coñezan e valoren as actividades que as súas fillas e fillos realizan no centro educativo.

2. As persoas titoras manterán unha relación permanente coas familias das nenas e dos nenos, facilitando situacións e canles de comunicación e colaboración; promoverán a súa presenza e participación na vida dos centros e, en todo caso, celebrarán unha reunión global ao inicio de curso.

3. Para favorecer a educación integral, as persoas titoras achegaranlles ás familias a información relevante sobre a evolución dos fillos e fillas que sirva para levar á práctica, cadaquén no seu contexto, modelos compartidos de intervención educativa.

4. Os centros docentes promoverán, en colaboración coas ANPAS e/ou departamentos da Administración local, accións formativas orientadas ao apoio e formación das familias en materia educativa, a fin de que a familia e o centro se convertan en comunidades de prácticas compartidas.

CAPÍTULO III

Profesorado

Artigo 12°.- *Equipo de ciclo.*

O equipo do segundo ciclo de educación infantil agrupará a todo o profesorado que imparta docencia nel, e encargarse de organizar e desen-

volver, baixo a coordinación da xefatura de estudos, as ensinanzas propias do dito ciclo educativo. Os equipos de ciclo regularanse pola normativa que lles resulte aplicable.

Artigo 13º.- *Titor ou titora do grupo.*

1. Unha mestra ou mestre de cada grupo de alumnas e alumnos exercerá o labor de titoría e deberá, baixo a dirección da xefatura de estudos, coordinarse para unha acción común co profesorado especialista e mestres con función de apoio e reforzo do mesmo grupo de alumnos.

2. A persoa titora de cada grupo será designada pola dirección por proposta da xefatura de estudos, entre o profesorado que imparta máis horas de docencia nel. Garantirase a súa continuidade co mesmo grupo de alumnado ao longo do ciclo.

Artigo 14º.- *Profesorado especialista.*

1. Cada grupo de alumnas e de alumnos, ademais dunha persoa titora, recibirá docencia por parte, polo menos, do profesorado especialista de lingua estranxeira do centro e de ensinanzas de relixión, de ser o caso.

2. As ensinanzas de lingua estranxeira e relixión serán impartidas por profesorado coa especialización ou cualificación correspondente.

3. Os mestres especialistas que impartan lingua estranxeira, participarán no desenvolvemento da programación da área de linguaxes: comunicación e representación naqueles aspectos da dita programación referidos á lingua estranxeira.

4. O profesorado que imparta as ensinanzas de relixión será o responsable do desenvolvemento da programación destas ensinanzas.

5. Outros mestres especialistas do centro exercerán o seu labor docente no segundo ciclo de educación infantil, cando as ensinanzas impartidas ou a aplicación da normativa vixente o requiran.

CAPÍTULO IV

Atención á diversidade

Artigo 15º.- *Medidas de atención á diversidade.*

1. As propostas educativas para atender a diversidade basearanse en principios inclusivos, integradores e non discriminatorios.

2. Todo o persoal do centro educativo considerará no seu labor a diversidade do alumnado, adaptando todas as súas actuacións e a práctica educativa ás características persoais, necesidades, intereses e estilo cognitivo das nenas e dos nenos, dada a importancia que nestas idades adquiren o ritmo e o proceso de maduración.

3. Os centros deseñarán, a través do departamento de orientación, accións e recursos encamiñados á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe. Así mesmo, facilitarase a coordinación de cantos axentes interveñan na atención deste alumnado.

4. As medidas de atención á diversidade que adopte cada centro docente formarán parte do seu proxecto educativo.

CAPÍTULO V

Medidas de apoio para o desenvolvemento do currículo

Artigo 16°.- *Formación permanente do profesorado e demais profesionais da educación infantil.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria garantirá a formación permanente a través dunha oferta de actividades dirixida ao profesorado e demais profesionais da educación adecuada á demanda efectuada polos centros docentes, ás directrices establecidas pola propia consellería e ás necesidades que se desprendan dos programas educativos desenvolvidos. Favorecerase preferentemente a formación en centros, a autoformación e o traballo en equipo.

Artigo 17°.- *Investigación, experimentación e innovación educativa.*

1. Incentivarase a creación de equipos de mestras e mestres, a colaboración coas universidades galegas e/ou outras institucións para impulsar a investigación, a experimentación, a elaboración de materiais e a innovación educativa.

2. Desde a administración educativa promoverase a participación de centros que impartan o segundo ciclo de educación infantil en programas de innovación educativa así como a divulgación de boas prácticas.

Artigo 18º.- *Materiais e recursos de apoio.*

A Administración educativa promoverá e favorecerá a elaboración de materiais de apoio que desenvolvan o currículo e orientará o traballo nese sentido do profesorado e demais profesionais da educación infantil.

CAPÍTULO VI

Avaliación

Artigo 19º.- *Carácter da avaliación.*

1. A avaliación na educación infantil constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto no ámbito individual coma no colectivo.

2. A avaliación, que formará parte inseparable do proceso educativo, será global, continua e formativa.

3. Será global en canto deberá referirse ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos da etapa, adecuados ao contexto sociocultural do centro e ás características propias do alumnado.

4. Terá un carácter continuo, pois considerárase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal os profesionais que atenden as nenas e os nenos recollen de forma continua información sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.

5. A avaliación terá, en consecuencia, un carácter formativo, regulador e orientador do proceso educativo, ao proporcionar unha información constante que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa.

6. Servirá para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, así como as aprendizaxes. Para estes efectos, os cri-

terios de avaliación utilizaranse como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumna e cada alumno e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas.

Artigo 20°.- *Desenvolvemento do proceso de avaliación.*

1. A coordinación do proceso de avaliación da aprendizaxe do alumnado corresponderalle á persoa que exerza a titoría, que recollerá a información proporcionada polos outros profesionais que participan no proceso educativo de cada grupo ou dalgún alumno ou alumna en particular e que deberá deixar constancia das observacións e valoracións sobre o grao de adquisición das aprendizaxes de cada nena e de cada neno.

2. A valoración do proceso de aprendizaxe expresarase en termos cualitativos, recollendo os progresos efectuados polas nenas e nenos e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

3. A observación directa e sistemática, a análise das producións das nenas e dos nenos e as entrevistas coas familias ou titores legais constituirán as principais técnicas e fontes de información do proceso de avaliación.

4. As consideracións derivadas do proceso de avaliación deberán ser comunicadas periodicamente ás familias ou titores legais co obxectivo de facelos copartícpes do proceso educativo das súas fillas e fillos.

5. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente.

6. Co fin de analizar e valorar o proceso de ensino que ten lugar nas aulas e adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado, a avaliación na educación infantil terá en conta aspectos tan relevantes como:

a) A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.

b) A coordinación entre os profesionais dun mesmo ciclo e a coherencia entre os ciclos.

c) A regularidade e calidade da relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.

d) A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.

e) A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias básicas.

f) A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.

7. As sesións de avaliación son as reunións que mantén o profesorado titor co resto de profesionais que atende o grupo de alumnas e alumnos. Realizaranse as seguintes sesións de avaliación: unha inicial e tres ao longo do curso. De cada unha das sesións de avaliación, a titora ou o titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento da sesión, na cal se fará constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e os acordos adoptados, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das nenas e dos nenos e da práctica docente e ás propostas de mellora.

Artigo 21°.- *Avaliación inicial.*

1. Cando o alumnado se incorpore ao segundo ciclo de educación infantil, as persoas titoras dos grupos realizarán unha avaliación inicial de cada un. Así mesmo, esta avaliación realizarase cando unha alumna ou un alumno se traslade dun centro a outro. A avaliación recollerá os datos máis destacados do seu proceso de desenvolvemento, terá en conta os datos relevantes achegados pola información das familias na entrevista inicial e, se é o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar. E, de ser o caso, os informes de escolarización anteriores.

2. A avaliación inicial completarase coa información obtida na observación directa por parte dos profesionais que atenden as nenas e nenos sobre o grao de desenvolvemento das capacidades básicas correspondentes á súa etapa evolutiva durante o período de adaptación ao centro escolar.

3. O equipo educativo adoptará as decisións relativas ao tipo de información que se precisa neste momento inicial da avaliación, así como ás técnicas ou instrumentos que se van empregar para recoller e consignar a dita información. Estas decisións quedarán reflectidas no proxecto educativo.

Artigo 22°.- *Avaliación continua.*

1. Ao longo do ciclo, e de forma continua, a persoa que exerza a titoría utilizará as distintas situacións educativas para analizar os progresos e as dificultades do seu alumnado, co fin de axustar a intervención educativa para estimular o proceso de aprendizaxe.

2. Os criterios de avaliación constituirán o punto de referencia inmediato da avaliación continua e permitirán seleccionar os procedementos de avaliación máis axeitados.

Artigo 23°.- *Avaliación final.*

1. Ao remate de cada curso, a titora ou o titor elaborará o informe anual de avaliación individualizado, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. O dito informe recollerá o grao de consecución dos obxectivos establecidos, así como as medidas de reforzo e adaptación que, se é o caso, fosen empregadas.

2. Á finalización do ciclo, co fin de garantir unha atención individualizada e continuada, recollerase nun informe o progreso global de cada nena e cada neno. Nesta valoración considerárase o avance na consecución dos obxectivos correspondentes do ciclo e no grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas. Así mesmo, faranse constar os aspectos máis salientables do seu progreso educativo e, se é o caso, as medidas de reforzo e adaptación que se adoptasen. O informe final anual correspondente ao último curso do ciclo pode ser substituído por este informe final de ciclo, a criterio do equipo docente.

Artigo 24°.- *Documentos de avaliación.*

1. Ao inicio da escolarización, en cada un dos ciclos da educación infantil, o centro abrirá un expediente persoal do alumnado cuxa custodia e arquivo lles corresponde aos centros educativos. Neste expediente consignaranse cando menos:

- a) O informe persoal
- b) O informe de avaliación inicial
- c) O informe anual de avaliación individualizado
- d) O informe individualizado de final de ciclo.

2. Informe persoal

O informe persoal do alumnado recollerá os datos de identificación da nena ou do neno, así como os datos familiares, psicopedagóxicos, médicos e sociais máis significativos.

O resumo da escolaridade do segundo ciclo de educación infantil, que formará parte deste informe, reflectirá os cursos escolares realizados e o centro en que a alumna ou alumno estivo escolarizado cada curso académico.

Axustarase ao modelo establecido no anexo I desta orde.

3. Informe de avaliación inicial

O informe de avaliación inicial recollerá os datos achegados na entrevista pola familia, as observacións relevantes durante o período de adaptación e as achegas dos períodos de escolarización anteriores, se os houber. O dito informe axustarase ao modelo establecido no anexo II desta orde.

4. Informe anual de avaliación individualizado

A titora ou o titor elaborará un informe anual de avaliación individualizado ao rematar cada curso a partir dos datos obtidos a través da avaliación continua, segundo se establece no artigo 23.1 desta orde, e de acordo co modelo que se xunta como anexo III.

5. Informe individualizado de final de ciclo

Ao finalizar o segundo ciclo de educación infantil, a titora ou o titor recollerá os datos mais relevantes dos informes de cada curso nun informe individualizado de cada alumna ou o alumno segundo se establece no artigo 23.2 desta orde e de acordo co modelo que figura como anexo III.

No caso dos centros que impartan as etapas de educación infantil e de educación primaria, o dito informe será posto á disposición da persoa titora na nova etapa e servirá de orientación para a avaliación inicial.

Cando unha alumna ou alumno se traslade a outro centro, a secretaria deste solicitará ao centro de procedencia o seu informe persoal, así como os informes de avaliación individualizados correspondentes á escolarización nesta etapa educativa. Cando o traslado se produza sen finalizar o ciclo, o centro de procedencia proporcionará o derradeiro informe de avaliación individualizado. O informe de traslado axustarase ao anexo IV.

Artigo 25°.- Información ás familias.

Corresponde á titora ou ao titor informar regularmente aos pais e nais ou titores legais sobre os progresos e dificultades detectados e ter en

conta as informacións que estes proporcionen, segundo os procedementos establecidos no proxecto educativo.

A información recollida da avaliación continua trasladarase ás familias, como mínimo, nun informe escrito trimestral e de forma persoal cantas veces se estime oportuno para lograr establecer unha coordinación adecuada no desenvolvemento do proceso educativo das súas fillas e fillos. Os centros educativos establecerán o contido e formato do documento de información ás familias nos cales se comunicarán os datos sobre os progresos e dificultades detectados na consecución dos obxectivos establecidos no currículo, sobre o proceso de integración socioeducativa, sobre o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas e, de ser o caso, sobre as medidas de apoio e reforzo educativo adoptadas ou propostas.

Disposición adicional

PRIMEIRA.-GARANTÍAS DE SEGURIDADE E CONFIDENCIALIDADE.

A obtención e tratamento dos datos persoais do alumnado e, en particular, os contidos nos documentos oficiais de avaliación, a súa cesión duns centros a outros e a adopción de medidas que garantan a súa seguridade e confidencialidade estarán sometidas ao disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e na Disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

SEGUNDA.-REXISTRO ELECTRÓNICO DOS DOCUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Os centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan o segundo ciclo da educación infantil e calquera outra das ensinanzas de réxime ordinario, cubrirán electronicamente os documentos oficiais de avaliación, a través dos módulos correspondentes incorporados ao sistema informático XADE.

Disposición transitoria

ÚNICA.—ELABORACIÓN OU ADAPTACIÓN DO PROXECTO EDUCATIVO E DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

1. Os centros docentes adaptarán o proxecto educativo e as programacións didácticas ao previsto nesta orde ao longo do curso 2009/2010.

2. Cando se elabore por primeira vez o proxecto educativo, por trátarse dun centro de nova creación, o centro disporá dun período de dous cursos académicos para realizar esa tarefa.

Disposición derogatoria

ÚNICA.—DERROGACIÓN DE NORMATIVA.

Queda derogada a Orde do 6 de maio de 1992 pola que se regula o procedemento para a implantación do segundo ciclo da educación infantil e se ditan instrucións en materia de organización escolar e avaliación para aqueles centros onde se imparte dito ciclo; a Orde do 5 de maio de 1993, pola que se regula a avaliación da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia; a Orde do 30 de abril de 2007, pola que se convoca a realización de proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo de educación infantil; así como tantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposicións derradeiras

PRIMEIRA.—DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.

Autorízase a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para ditar as disposicións que sexan precisas para a execución e desenvolvemento do establecido nesta orde.

SEGUNDA.-ENTRADA EN VIGOR.

Esta orde entrará en vigor o día 1 de setembro de 2009.

Santiago de Compostela, 25 de xuño de 2009.

Jesús Vázquez Abad

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I INFORME PERSOAL

DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO			
CENTRO		CÓDIGO	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	PROVINCIA	CP	
1	DATA DE APERTURA	Nº DE EXPEDIENTE	CÓDIGO XADE
DATOS PERSOAIS DA ALUMNA/DO ALUMNO			
APELIDOS	NOME	DATA DE NACEMENTO	
	DNI/NIE/PASAPORTE		
LUGAR DE NACEMENTO	PROVINCIA	PAÍS	NACIONALIDADE
ENDEREZO	LOCALIDADE	CONCELLO	CP
	PROVINCIA		
APELIDOS E NOME DO PAI/TITOR LEGAL		TELÉFONOS	
APELIDOS E NOME DA NAI/TITORA LEGAL			
		E-CORREO	
RESUMO DE ESCOLARIDADE			
CURSO ACADÉMICO	CENTRO	CICLO E NIVEL	DATA, SELO E SINATURA DO DIRECTOR/DA DIRECTORA

4	CAMBIO DE ENDEREZO
NOVO ENDEREZO	TELÉFONO

5	DATOS MÉDICOS, SOCIAIS E PSICOPEDAGÓXICOS RELEVANTES
NOTA: DE EXISTIREN INFORMES MÉDICOS, ASISTENCIAIS, AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA DE POSIBLES NEE E PROPOSTA CURRICULAR, XUNTARANSE A ESTE EXPEDIENTE.	

6	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
	CURSOS
REFORZO EDUCATIVO	
FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN	
OUTRAS	

7	TRASLADO DE CENTRO
CON DATA ----- / ----- / ----- TRASLÁDASE AO CENTRO -----CÓDIGO -----	
----- TELÉFONO ----- LOCALIDADE ----- CONCELLO -----	
----- PROVINCIA -----	
REMÍTESE INFORME PERSOAL POR TRASLADO	SI
	NON

8	OBSERVACIÓNS

..... de de

V. E PRACE DO DIRECTOR/DA
DIRECTORA

SELO DO CENTRO

SECRETARIO/A

ANEXO II

INFORME DE AVALIACIÓN INICIAL

1	DATOS PERSOAIS DA ALUMNA/DO ALUMNO			CÓDIGO XADE
APELIDOS		NOME		DATA DE NACEMENTO
		DNI		
LUGAR DE NACEMENTO		PROVINCIA	PAÍS	NACIONALIDADE
ENDEREZO		LOCALIDADE	CONCELLO	CP
		PROVINCIA		
NOME DO PAI/TITOR LEGAL			TELÉFONOS	
NOME DA NAI/TITORA LEGAL			ENDEREZO ELECTRÓNICO	

2	DATOS RECOLLIDOS NA ENTREVISTA Á FAMILIA
DATOS SANITARIOS (enfermidades, alerxias, hospitalizacións, medicación, alteracións sensoriais e físicas...)	
DATOS MOTORES (idade en que empezou a andar, dominancia lateral, axilidade...)	
DATOS LINGÜÍSTICOS (idade en que empezou a falar, lingua en que se expresa, lingua empregada no seu contorno...)	
3	DATOS RECOLLIDOS DA OBSERVACIÓN NA AULA
PERÍODO DE ADAPTACIÓN	
RELACIÓNS QUE ESTABLECE (cos compañeiros e compañeiras, co mestre/a, con outras persoas adultas)	
LINGUAXE (comprensión e expresión)	
HÁBITOS E AUTONOMÍA (control de esfínteres, vestido, asco, comida...)	

..... de de

SELO DO CENTRO

SINATURA DA TITORA/DO TITOR

ANEXO III

INFORME ANUAL DE AVALIACIÓN INDIVIDUALIZADO

DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO			
CENTRO		CÓDIGO	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	PROVINCIA	CP	

1	DATOS PERSOAIS DA ALUMNA/DO ALUMNO			CÓDIGO XADE
APELIDOS	NOME		DATA DE NACEMENTO	
	DNI			
LUGAR DE NACEMENTO	PROVINCIA	PAÍS	NACIONALIDADE	
ENDEREZO	LOCALIDADE	CONCELLO	CP	
	PROVINCIA			
NOME DO PAI/TITOR LEGAL			TELÉFONOS	
NOME DA NAI/TITORA LEGAL			E-CORREO	

2	APRECIACIÓN DO GRAO DE ADQUISICIÓN DAS CAPACIDADES ENUNCIADAS NOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA			
COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL				
O CORPO E A PROPIA IMAXE				
XOGO E MOVEMENTO				
A ACTIVIDADE COTIÁ				
O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE				

COÑECEMENTO DO CONTORNO	
MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA	
ACHEGAMENTO Á NATUREZA	
CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE	
LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN	
LINGUAXE VERBAL	ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR
	LINGUA ESTRANXEIRA
	APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA
	ACHEGAMENTO Á LITERATURA
LINGUAXE ARTÍSTICA	PLÁSTICA
	MUSICAL
	CORPORAL
LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN	
ENSINO RELIXIOSO/ATENCIÓN EDUCATIVA	
3	DIFICULTADES ATOPADAS NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE EN RELACIÓNS CO GRAO DE ADQUISICIÓN DAS CAPACIDADES ENUNCIADAS NOS OBIECTIVOS XERAIS DA ETAPA
	DIFICULTADES ATOPADAS
	ORIXE E CAUSAS
4	APLICACIÓN, SE FOR O CASO, DAS MEDIDAS EDUCATIVAS COMPLEMENTARIAS QUE SE COIDAN NECESARIAS
	DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS
	VALORACIÓN (1)
Propostas de medidas educativas complementarias sobre atención personalizada á alumna ou ao alumno. (1): 1: Pouco axeitadas; 2: Aceptable pero require revisión; 3: Axeitada; 4: Boa; 5: Excelente	
5	OUTRAS OBSERVACIÓNS

..... de de

V. E PRACE DO DIRECTOR/DA DIRECTORA

SELO DO CENTRO

TITOR/TITORA

INFORME INDIVIDUALIZADO FINAL DO 2º CICLO DE EI

INFORME INDIVIDUALIZADO FINAL DO 2º CICLO DE EI

DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO			
CENTRO		CÓDIGO	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CONCELLO	PROVINCIA	CP	

1	DATOS PERSOAIS DA ALUMNA/DO ALUMNO			CÓDIGO XADE
APELIDOS	NOME		DATA DE NACEMENTO	
	DNI			
LUGAR DE NACEMENTO	PROVINCIA	PAÍS	NACIONALIDADE	
ENDEREZO	LOCALIDADE	CONCELLO	CP	
	PROVINCIA			
NOME DO PAI/TITOR LEGAL			TELÉFONOS	
NOME DA NAI/TITORA LEGAL			CORREO ELECTRÓNICO	

2	APRECIACIÓN DO GRAO DE ADQUISICIÓN DAS CAPACIDADES ENUNCIADAS NOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA			
COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL				
O CORPO E A PROPIA IMAXE				
XOGO E MOVEMENTO				
A ACTIVIDADE COTIÁ				
O COIDADADO PERSOAL E A SAÚDE				

COÑECEMENTO DO CONTORNO	
MEDIO FÍSICO: ELEMENTOS, RELACIÓNS E MEDIDA	
ACHEGAMENTO Á NATUREZA	
CULTURA E VIDA EN SOCIEDADE	

LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN		
LINGUAXE VERBAL	ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR	
	LINGUA ESTRANXEIRA	
	APROXIMACIÓN Á LINGUA ESCRITA	
	ACHEGAMENTO Á LITERATURA	
LINGUAXE ARTÍSTICA	PLÁSTICA	
	MUSICAL	
	CORPORAL	
LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN		
ENSINO RELIXIOSO/ATENCIÓN EDUCATIVA		

3	DIFICULTADES ATOPADAS NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE EN RELACIÓN CO GRAO DE ADQUISICIÓN DAS CAPACIDADES ENUNCIADAS NOS OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA	
	DIFICULTADES ATOPADAS	ORIXE E CAUSAS

4	APLICACIÓN, SE FOR O CASO, DAS MEDIDAS EDUCATIVAS COMPLEMENTARIAS QUE SE COIDAN NECESARIAS	
	DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS	VALORACIÓN (1)

Propostas de medidas educativas complementarias sobre atención personalizada á alumna ou ao alumno.

(1): 1: Pouco axeitadas; 2: Aceptable pero require revisión; 3: Axeitada; 4: Boa; 5: Excelente

5	OUTRAS OBSERVACIÓNS

..... de de

V. E. PRACE DO DIRECTOR/DA
DIRECTORA

SELO DO CENTRO

TITOR/TITORA

ANEXO IV

INFORME PERSOAL POR TRASLADO EN EDUCACIÓN INFANTIL

Decreto 330/2009, do 4 de xuño

DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO		
CENTRO		CÓDIGO
TELÉFONO	FAX	E-CORREO
ENDEREZO		LOCALIDADE
CONCELLO	PROVINCIA	CP

Dona/D. como
 titora/titor do curso / grupo FAGO CONSTAR
 que a alumna/o alumno código
 XADE e con data de nacemento / / cursa durante o ano académico ...
 os estudos correspondentes ao nivel do 2º ciclo de educación infantil, cos resultados parciais que
 figuran no cadro que se xunta:

OBSERVACIÓNS SIGNIFICATIVAS SOBRE A ALUMNA OU ALUMNO

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Indícanse as que están sendo aplicadas e orientacións para aplicar outras, se for o caso

NIVEL SEGUNDO CICLO		
	1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN
	VALORACIÓN	VALORACIÓN
Área de coñecemento de si mesmo e autonomía persoal		
Área de coñecemento do contorno		
Área de linguaxes: comunicación e representación <small>(NOTA: consignarase a información relativa á lingua estranxeira)</small>		
Ensinanzas de relixión/Atención educativa		

..... de de

V. E PRACE DO DIRECTOR/DA
DIRECTORA

SELO DO CENTRO

TITOR/TITORA

ANEXO V

PROPOSTA METODOLÓXICA PARA O ENSINO DE INGLÉS EN EDUCACIÓN INFANTIL

A introdución temperá de linguas estranxeiras ou adicionais debe ser entendida en relación co contexto educativo en que ten lugar. Para o alumnado de educación infantil da Comunidade Autónoma de Galicia, o inglés é a terceira lingua dentro do seu sistema de educación bilingüe. O modelo de introdución do inglés en infantil na Comunidade Autónoma de Galicia engade o inglés ás dúas linguas ambientais en tres períodos semanais de vinte minutos e supón unha exposición inicial á terceira lingua, que progresivamente será maior nas seguintes etapas educativas. Esta exposición inicial debe basearse no principio do que é a aprendizaxe en educación infantil: o enfoque globalizado e integrador das aprendizaxes. Débese lembrar que o alumnado de educación infantil se atopa nun período pre-operacional, o que quere dicir que o seu mundo se constrúe en función da súa realidade inmediata no tempo e no espazo. Xa que logo, a percepción e a experimentación coa realidade presente e tanxible serán o referente fundamental para deseñar as actividades.

A terceira lingua integrarase, desde un punto de vista lúdico e partindo do traballo en grupo, non só na área Linguaxes: comunicación e representación como as linguas ambientais, senón a través de todas as áreas, traballando e desenvolvendo as competencias básicas a través dun enfoque globalizado baseado en tarefas e proxectos nos cales as TIC deben estar presentes, xa que a nena ou o neno constrúe as bases das súas futuras aprendizaxes.

O alumnado vai ser quen constrúa a súa aprendizaxe lingüística coa axuda e mediación da profesora ou profesor, do contorno, das compañeiras e compañeiros, etc. Isto supón que a lingua deberá practicarse en contextos comunicativos reais e funcionais nos cales o alumnado se implique e participe activamente nun clima de intercambio. É necesario crear un ambiente en que o alumnado sinta pracer por escoitar e participar, evitando o risco de que se canse ou se inhiba. Para que a súa participación sexa comprensiva é necesario aproveitar experiencias significativas, rutinas, imaxes, personaxes de ficción dos debuxos animados ou contos, cancións, etc., tendo en conta que, na educación infantil, os aspectos afectivos e de relación adquiren un relevo especial, polo que é imprescindible a creación

dun ambiente cálido, acolledor e seguro, no cal o alumnado se sinta querido e confiado para poder afrontar as novas aprendizaxes. Sen dúbida, é necesario potenciar o maior número de ocasións para usar a lingua, aproveitando as rutinas e a vida da aula, pois a aprendizaxe prodúcese e xeneralízase co seu uso. Desde esta metodoloxía a énfase recae na significatividade das tarefas, na resolución de problemas, na experimentación e no aprender facendo. Á hora de planificar as actividades teranse en conta os diferentes tipos de contidos e procurarase que a súa construción progresiva se faga desde a actuación da nena e do neno, arredor de problemas e situacións concretas en que poida encontrar sentido porque conecten cos seus intereses e motivacións.

Deben iniciarse na aprendizaxe da nova lingua a través da imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos sempre cunha intención lúdica, reparando que, na educación infantil, no xogo conflúen, por unha parte, o carácter motivador e, por outra, importantes posibilidades para que a nena e o neno establezan relacións significativas, ao mesmo tempo que o profesorado pode organizar contidos diversos e sempre con carácter global.

A comprensión e a expresión oral deben ser o punto de partida para o ensino da primeira lingua estranxeira, que o alumnado ten que aprender de maneira natural e a través do xogo, escoitando, practicando e participando o maior tempo posible coa primeira lingua estranxeira. As destrezas básicas desenvolvidas serán as receptivas e darase prioridade ao uso comunicativo e funcional da lingua. Insistirase no uso do idioma, é dicir, na posibilidade do falante de comunicar unha mensaxe. Por iso, os erros consideraranse parte natural do proceso de aprendizaxe e, como tales, serán tratados de xeito didáctico e como fonte de coñecementos.

A aprendizaxe da nova lingua será intuitiva, polo que se lle presentarán ao alumnado mensaxes reais ou adaptadas vinculadas aos seus intereses: producións multimedia coas que teñan que interaccionar, fotografías, contos, dramatizacións, cancións, xogos, etc. A variedade de producións ou modelos presentados será fundamental, non só para manter a motivación, senón tamén para atender as diferenzas de nivel, de desenvolvemento e de formas de aprender.

Outra das estratexias para a aprendizaxe dun novo idioma consiste en recrear situacións e contextos nos cales o alumnado teña que responder actuando: resposta física total (TPR: Total Physical Response). Trátase dun modelo similar ao que se emprega para o ensino da lingua materna,

baseándose no desenvolvemento das destrezas orais. Este modelo basea a súa crenza en que a comprensión auditiva debe ser desenvolvida na súa totalidade antes de calquera participación oral. Considérase que as habilidades na lingua estranxeira poden ser rapidamente asimiladas se se estimula o sistema cinestésico-sensorial e deféndese que a comprensión da linguaxe falada debe ser desenvolvida antes da expresión oral desta. Considérase necesario presentar propostas en que se exixa unha resposta de movemento, de aí que as interaccións que aparecen durante a práctica de xogos, actividades plásticas, musicais e físico-deportivas se revelen como valiosos instrumentos cognitivos para a adquisición da competencia comunicativa na nova lingua. Propóranse actividades que combinen e propicien o uso da lingua e a acción física implicada pola orde emitida. A metodoloxía das sesións consistirá na introdución gradual de mandatos por parte do docente ou mediante cancións e rimas, pedindo ao alumnado que responda a elas. Estableceranse unhas rutinas como marco de referencia para desenvolver as actividades que se van realizar durante as sesións, posto que os nenos e nenas se senten máis seguros cando coñecen o ambiente en que se moven. As actividades que se realicen deben ser atractivas para as nenas e nenos, facendo que se sintan integrados ao tempo que intenten potenciar as súas destrezas orais. Ademais repetiranse con certa frecuencia ao comezo da sesión, para reforzar o aprendido, e ao final dela, para insistir nos novos termos.

Tratarase de poñer en práctica un ensino integrado no cal se aborden todos os aspectos que inflúen no desenvolvemento das alumnas e dos alumnos nos eidos expresivo, psicomotor, social e intelectual, de tal xeito que as aprendizaxes se complementen entre si, para tratar de facilitar a súa asimilación por parte do alumnado, de xeito que a primeira lingua estranxeira non será unha materia illada, senón que terá que estar relacionada co resto das materias.

Deste xeito, a variedade e riqueza das experiencias que lle pode achegar a escola permitiranlle prepararse para a súa inserción na actual sociedade plural.

O obxectivo estará centrado no achegamento das nenas e dos nenos a unha nova lingua e cultura. A linguaxe debe ser entendida como unha capacidade que o alumnado debe desenvolver e que debe estar dirixida á comunicación. Por isto, entendemos que, na liña do tratamento integrado das linguas ou do meu primeiro portfolio, tanto a lingua estranxeira como as linguas ambientais deben desenvolverse paralelamente nesta etapa, xa que a primeira, segunda e terceira linguas conviven, nótrense e retroali-

méntanse nun contexto de completa normalidade. Cómpre construír todas as linguas baixo un mesmo marco conceptual, polo que os obxectivos e contidos da lingua estranxeira quedan integrados na área Linguaxes: comunicación e representación a través da comunicación oral.

3. AVALIACIÓN: INDICADORES OBSERVABLES ESPECÍFICOS

3.

Avaliación: Indicadores observables específicos das diferentes áreas

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Escala de valoración:

- Con dificultade
- Sen dificultade
- En proceso

O corpo e a propia imaxe	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	<ul style="list-style-type: none">• Sinala as partes principais do seu corpo.• Identifica e nomea elementos de segmentos corporais.• Sinala correctamente partes e detalles do corpo (talón, pestanas, cellas...).• Nomea as partes do corpo sobre si mesmo/a e sobre as outras persoas.• Recoñece e acepta as súas características persoais.• Pode describir características e circunstancias persoais.• Fai unha descrición axeitada doutra persoa.• Capta e describe diferenzas e semellanzas entre persoas.• Logra un esbozo da figura humana, diferenciando: cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pes.

O corpo e a propia imaxe	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Chega á representación completa do esquema corporal. • Debuxa a figura humana respectando as proporcións. • Representa o esquema corporal en diferentes posicións.
<p>- Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ten unha boa coordinación de movementos. • Globalmente móvese con axilidade. • Controla o corpo en movemento, adaptando a resposta motriz ás dimensións e elementos do espazo. • Salta sen dificultade • Confía nas súas posibilidades de acción e movemento. • É capaz de coordinar a súa acción coa das demais compañeiras e compañeiros cando o xogo o require. • Mantén o equilibrio estático: sobre un pé, nas puntas... • Mantén o equilibrio nos desprazamentos, nos saltos... • Mantén o equilibrio cando transporta algún obxecto. • Esfórzase e pon a proba a súa habilidade motriz. • É capaz de relaxarse con facilidade. • É capaz de relaxarse e descansar cando hai un ambiente propicio. • É capaz de relaxar segmentos independentes do seu corpo.

O corpo e a propia imaxe	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
- Recoñecer os sentidos e identificar percepcións e sensacións.	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica os sentidos e os seus órganos como fontes de sensacións para o descubrimento propio e do seu contorno. • Identifica diferentes sensacións táctiles e descríbegas. • Discrimina obxectos polo seu tacto: rugoso-liso. • Discrimina obxectos polo seu tacto: áspero-suave. • Discrimina obxectos polo seu tacto: duro-brando. • Distingue temperaturas: xeadado, frío, morno, quente e moi quente. • Identifica diferentes sensacións gustativas e descríbegas. • Recoñece os catros sabores fundamentais (doce, salgado, amargo e ácido). • Identifica diferentes sensacións olfactivas e descríbegas. • Recoñece olores agradables e desagradables. • Identifica nos olores intenso-suave. • Identifica diferentes sensacións visuais e descríbegas. • Identifica as cores. • Identifica diferentes sensacións auditivas, diferenciando e identificando diferentes tipos de son e a súa intensidade. • Discrimina silencio-son. • Localiza unha fonte sonora fixa, sen apoio visual. • Localiza unha fonte sonora en movemento, sen apoio visual. • É quen de manifestar verbalmente o seu agrado ou molestia ante determinadas situacións. • Verbaliza as súas percepcións. • É capaz de mostrar preferencias.

O corpo e a propia imaxe	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>-Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e acepta as súas características persoais. • Ten confianza nas súas posibilidades nas tarefas habituais. • Ten autonomía nas accións encamiñadas á satisfacción das necesidades básicas: a alimentación, a hixiene e o coidado propio do seu contorno. • Mostra constantemente desexos de superación. • Mostra satisfacción polas súas accións e producións. • Gústalle facer encargos e ter responsabilidades. • É quen de solicitar axuda cando a precisa. • Aмосa confianza ante persoas e situacións novas aceptando a súa axuda. • Actúa por iniciativa propia. • Ten iniciativa e intenta executala. • Ten en conta os riscos e inhíbese. • Amósase espontáneo/a nos seus comportamentos cotiáns. • Actúa con decisión cando realiza unha actividade ou xogo e controla os riscos. • Organízase de acordo coas súas posibilidades. • Móstrase prudente ante os desafíos. • Proponlle novas ideas ao grupo. • Persevera na realización das súas actividades e na busca de estratexias para a resolución dos problemas cotiáns. • Intégrase en xogos de grupo, cooperando cos demais nenos e nenas.

O corpo e a propia imaxe	
Craterios de avaliación	Indicadores específicos
-Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade.	<ul style="list-style-type: none"> • Verbaliza e acepta diferenzas físicas entre as persoas. • Non mostra actitudes discriminatorias ante as diferenzas. • Identifica características diferentes nun compañeiro ou nunha compañeira e adopta posturas non discriminatorias. • Percibe cambios físicos en si mesmo/a. • Percibe cambios físicos nos/as demais. • Identifica as características do seu sexo e participa en xogos, actividades, etc., independentemente do xénero.
- Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender os das demais persoas.	<ul style="list-style-type: none"> • Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes emocións. • Expresa e identifica nel/a mesmo/a diferentes estados de ánimo. • Acepta e amosa afecto, recoñecendo os sentimentos das demais persoas. • Identifica nas demais persoas estados de ánimo e emocións. • Amósase sensible aos sentimentos das outras persoas e préstalles axuda cando as ve en apuros. • Progresa no control dos seus sentimentos e emocións. • Controla as emocións e impulsos negativos. • Resolve positivamente os conflitos cotiáns, regulando os seus impulsos e emocións. • Fai uso das posibilidades expresivas na vida cotiá. • Recoñece e acepta mostras de afecto das persoas adultas e de nenas e nenos. • Non se enfada sen motivo. • Contrólase e cálmase facilmente. • Solicita axuda para resolver conflitos.

Xogo e movemento	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Elixe con facilidade o xogo. • Coñece diferentes xogos propios de Galicia. • Propón libremente xogos novos. • É capaz de propoñer variacións pequenas nos xogos. • Soluciona autonomamente as necesidades que xorden durante o xogo. • Fai percorridos diversos mantendo o equilibrio. • Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor, como carreiras ou saltos. • É quen de coordinar a súa acción coa das compañeiras e compañeiros, cando o xogo o require. • Recolle pelotas coas dúas mans. • Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...). • Pode facer variacións bruscas na marcha ao escoitar un sinal. • Presenta unha boa motricidade fina. • Abotóase correctamente. • Manexa as tesoiras axeitadamente. • Realiza encaixes e quebracabezas. • Mostra habilidade nas construcións e na manipulación de pezas pequenas. • Oriéntase e localiza lugares significativos. • Oriéntase ben en espazos exteriores e pouco coñecidos (saídas, excursións...). • Segue itinerarios óptimos para se desprazar. • Recolle e coloca os obxectos habituais da clase. • Sitúa os obxectos e localízaos: diante-detrás, dentro-fóra, arriba-abaixo, preto-lonxe, enriba-debaixo, primeiro-derradeiro. • Representa con material diverso espazos coñecidos. • Sabe colocar varios obxectos na mesma posición na que foron mostrados. • Localiza aproximadamente nun plano lugares significativos.

Xogo e movemento	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
- Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.	<ul style="list-style-type: none"> • Intégrase en xogos de grupo. • Acepta ter que esperar a súa quenda. • Acepta as regras dos xogos. • Móstrase conciliador/a nos conflitos que xorden no xogo. • Pide perdón cando molesta ou cando lle fai dano a unha compañeira ou compañeiro. • Acepta os seus erros e procura mellorar a súa actuación. • Mantense participando nun mesmo xogo un tempo importante. • Supera o feito de non gañar nos xogos de competición. • Participa nos xogos cunha postura colaborativa e non dominante nin submisa. • Amosa interese polos xogos cooperativos. • Amosa interese polos xogos de parellas.

A actividade cotiá	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coñece e respecta as normas da escola. • Distingue os diferentes momentos e situacións dentro da aula e adáptase a eles. • Participa activamente nas actividades e tarefas. • Actúa autonomamente. • Acepta os seus erros e procura mellorar a súa actuación. • Acepta e cumpre coas responsabilidades que se lle asignan. • Defende os seus dereitos ante o grupo. • Respecta os compañeiros e compañeiras e persoas adultas. • Séntese a gusto e está adaptado/a ao ritmo da aula. • Entende as consignas e ségueas. • Amosa unha actitude positiva ante as propostas de actividade. • É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade. • Amósase constante na súa actividade. • Participa e colabora nas actividades de grupo. • Amósase ordenado/a nas súas tarefas. • Esfórzase na realización das tarefas. • Remata as tarefas e actividades que empeza. • Ten unha boa capacidade para organizarse nas actividades. • Participa na planificación dos proxectos desenvolvidos na aula. • Fai propostas de actividades para realizar. • Planifica e coordina a súa acción coa dos compañeiros e compañeiras. • Soluciona pequenos problemas da vida cotiá.

O coidado persoal e a saúde	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	<ul style="list-style-type: none"> • Coida e asea as diferentes partes do corpo con axuda dunha persoa adulta. • Coida e asea as diferentes partes do corpo coa supervisión dun adulto. • Identifica as necesidades dos hábitos de hixiene diario. • É autónomo/a no coidado de si mesmo/a. • Aséase cando se sente sucio/a. • Emprega axeitadamente o lavabo. • Emprega axeitadamente o servizo. • Usa axeitadamente o xabón. • Sóase correctamente. • Vai só ao WC. • Vístese só/a. • Íspese só/a. • Mostra desgusto ou malestar cando está sucio/a ou desaliñado/a. • Ten interese por manter un aspecto limpo e aseado/a. • Come só/a sen ensuciarse. • Recoñece as necesidades básicas do corpo. • Recoñece a alimentación necesaria para a vida. • Ten interese por probar novos alimentos. • Soluciona autonomamente as necesidades que xorden na comida. • Amosa interese por descubrir os ingredientes e coñecer a procedencia dos alimentos. • Toma conciencia da necesidade de alimentarse de forma saudable. • Entra na aula con orde. • Sae da aula con orde. • Desprázase de forma autónoma, advertindo os perigos e amosando actitudes prudentes.

O coidado persoal e a saúde	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
- Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	<ul style="list-style-type: none">• Coloca a roupa na súa percha.• Gústalle que o material de traballo estea no seu sitio.• Ao rematar unha actividade individual, ordena o material.• Ao rematar unha actividade de pequeno grupo, colabora para ordenar o material.• Ordena o que ve desordenado.• Procura manter limpos os espazos.
- Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas.	<ul style="list-style-type: none">• Identifica situacións perigosas e evítalas.• Identifica obxectos perigosos adoptando as precaucións apropiadas en cada caso.• Aмосa cautelada ante situacións descoñecidas.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

Escala de valoración:

- Con dificultade
- Sen dificultade
- En proceso

Medio físico: elementos, relacións e medida	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza exploracións e experimentacións cos materiais que se lle ofrecen. • Experimenta cos obxectos e materiais para obter información e observar as reaccións. • Identifica as propiedades físicas empregando os seus sentidos. • Sabe describir algún atributo dun obxecto. • Compara os obxectos segundo as súas propiedades físicas. • Clasifica os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo. • Agrupa os obxectos atendendo á posesión dalgún atributo. • Describe propiedades e características de obxectos e coleccións con base en diversos criterios. • Pode reunir diversos obxectos de xeitos diferentes, cambiando o criterio de agrupamento. • Agrupa obxectos por semellanzas. • Pode facer comparacións a partir de semellanzas. • Pode facer comparacións a partir de diferenzas. • Pode ordenar un conxunto de obxectos empregando diversos criterios sucesivamente (forma, cor, tamaño...).

Medio físico: elementos, relacións e medida	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado. • Enumera diferenzas e semellanzas entre obxectos pola cor. • Enumera diferenzas e semellanzas entre obxectos pola forma. • Enumera diferenzas e semellanzas entre obxectos polo material. • Enumera diferenzas e semellanzas entre obxectos polo tamaño. • Recoñece con que criterio se estableceu unha colección. • A partir dunha colección feita cun criterio, agrupa os elementos noutras dúas ou tres seguindo un novo criterio. • Ordena obxectos segundo un criterio: tamaño, forma... • Ordena coleccións polo número de elementos que ten, de maior a menor. • Ordena coleccións polo número de elementos que ten de menor a maior. • Nunha ordenación verbaliza cal vai "antes de", "despois de", "entre". • É quen de introducir un elemento máis nunha colección ordenada, no lugar axeitado. • Recoñece o criterio de ordenación nunha colección.

Medio físico: elementos, relacións e medida	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega os cuantificadores básicos (máis, menos, igual). • Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá. • Identifica os diferentes usos e funcións dos números. • Fai agrupacións de obxectos atendendo a unha determinada cantidade. • Asocia algúns números coas cantidades que representan. • Representa cantidades empregando diferentes estratexias (debuxando os obxectos, raias, et.). • Coñece a serie numérica. • Escribe os números convencionalmente. • Emprega a acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico. • Emprega os cuantificadores para resolver problemas matemáticos por estimación (máis que, tanto como, menos que). • Participa en xogos de mesa sinxelos. • Fai uso do número en situacións funcionais e cun valor notacional en actividades como: realización dunha axenda de teléfonos, matrícula dos coches, calendario... • Fai uso do número en situacións funcionais e cun valor conceptual como: indicar as cantidades dos ingredientes dunha receita, recoller o número de nenos que asisten a unha excursión, compoñentes dun equipo... • Compara e ordena axeitadamente as cantidades.

Medio físico: elementos, relacións e medida	
Craterios de avaliación	Indicadores específicos
- Propoñer e resolver problemas sinxelos.	<ul style="list-style-type: none"> • Resolve situacións problemáticas realizando estimacións. • Busca estratexias para resolver situacións problemáticas. • Resolve situacións problemáticas localizando datos numéricos. • Resolve situacións problemáticas facendo reparticións. • Resolve manipulativamente pequenos problemas e situacións problemáticas concretas relacionados coa súa vida diaria que implican a aplicación de operacións de calculo sinxelas. • Realiza cálculos mentais sinxelos.
- Empregar e comparar magnitudes de peso, lonxitude e capacidade coa finalidade de resolver problemas relacionados con situacións cotiás.	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza estimacións de medidas de peso (comparando, sopesando, observando...). • Realiza estimacións de medidas de lonxitude (comparando, sopesando, observando...). • Realiza estimacións de medidas de capacidade (comparando, sopesando, observando...). • Realiza estimacións de medidas de tempo (comparando, sopesando, observando...). • Mide empregando as mans, os brazos e os pés. • Mide obxectos e ordénaos: máis grande que, máis pequeno que. • Emprega medidas arbitrarias de lonxitude (varas, cordeis...) para resolver situacións problemáticas. • Emprega medidas arbitrarias de capacidade (mans, cuncas, botellas...) para resolver situacións problemáticas. • Comproba a diferente capacidade de recipientes transvasando o seu contido. • Identifica a capacidade de recipientes empregando diferentes unidades de medida. • Iníciouse no emprego, en situacións significativas, de sistemas de medición convencionais, como regras, termómetros, reloxos, pesas, calendario, etc.

Medio físico: elementos, relacións e medida	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos –liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos–</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Explora lúdicamente as propiedades e as características dalgúns corpos xeométricos elementais. • Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo. • Recoñece aspectos xeométricos: liña, punto. • Recoñece aspectos xeométricos das figuras xeométricas: rectángulos, cadrados, triángulos, círculos (lados, forma...). • Recoñece aspectos xeométricos da esfera e do cubo. • Representa as formas xeométricas básicas. • Asocia as figuras xeométricas coas formas presentes no seu contorno.
<p>- Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación cos obxectos e as demais persoas, usando vocabulario topolóxico elemental.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Coloca os obxectos e localízaos empregando as nocións: dentro-fóra. • Coloca os obxectos e localízaos empregando as nocións: preto-lonxe. • Coloca os obxectos e localízaos empregando as nocións: abaixo-arriba. • Coloca os obxectos e localízaos empregando as nocións: diante-detrás. • Coloca os obxectos e localízaos empregando as nocións: ao lado (un lado e outro lado), no medio. • Emprega as nocións espaciais para explicar a localización dalgún obxecto ou persoa. • Representa e interpreta o espazo empregando debuxos, fotografías, planos, mapas... • Representa os espazos nos que se desenvolve (plano da aula, plano do centro, itinerarios...). • Localiza aproximadamente nun plano lugares significativos.

Medio físico: elementos, relacións e medida	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza estimacións temporais. • Ordena as accións máis relevantes do día. • Ordena temporalmente as súas descricións utilizando correctamente as nocións: onte, hoxe, mañá. • Diferenza os días da semana en relación coas actividades que se fan habitualmente. • Capta a periodicidade dos sucesos e situacións asociadas á súa actividade. • Anticipa e recorda unha secuencia de eventos. • Pode relacionar feitos concretos cunha determinada época do ano (estacións do ano). • É consciente da constante repetición dalgúns feitos. • Asocia tempos horarios con determinadas accións (saída ao recreo, xantar, durmir...). • Diferenza as nocións temporais de: día-noite. • Diferenza as nocións temporais de: antes-despois-agora. • Diferenza as nocións temporais de: onte-hoxe-mañá. • Diferenza as nocións temporais de: pola mañá-pola tarde-pola noite. • Iniciouse no emprego do calendario para sinalar feitos significativos da súa vida.

Achegamento á natureza	
Craterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conserva-la.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Ten curiosidade por todo o que o rodea. • É meticoloso/a nas súas observacións. • Descubre aspectos novos a través das súas observacións. • É quen de rexistrar as súas observacións. • A observación lévao a formular interrogantes e a buscar explicacións. • Fai preguntas sobre obxectos, situacións, persoas e fenómenos. • Mantén unha actitude observadora, o que lle permite ter moitos coñecementos dos elementos do medio. • Diferenza entre ser vivo e obxecto inerte. • Identifica algunha característica e función vital dos seres vivos. • Describe características físicas (partes, forma, cor...) e funcionais (alimentación, desprazamento...) de animais e plantas. • Relaciona determinados animais co seu hábitat natural. • Valora a utilidade e a importancia dos animais e plantas para o home. • Coñece os coidados básicos que requiren animais e plantas para vivir. • Busca explicacións sobre as causas e as consecuencias de fenómenos do medio natural e dos producidos pola acción humana. • Sabe diferenciar e describir consecuencias de fenómenos atmosféricos habituais (sol, choiva, xeo...). • Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula. • Toma a iniciativa para manipular e probar solucións.

Achegamento á natureza	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relacións sinxelas de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conserva-la.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Formula hipóteses e contrástaas coas das outras persoas antes de pasar á realización • Extrae conclusións. • Traduce o que observou ou experimentou á linguaxe verbal ou xestual. • Representa con debuxos o observado ou experimentado. • Relaciona as explicacións da persoa docente con experiencias concretas súas. • Anticipa as distintas fases dun proxecto ou acción. • Goza ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. • Nas saídas, móstrase prudente e evita situacións de perigo. • Identifica normas básicas para a conservación do contorno. • É respectuoso/a co medio no que vive. • Amósase sensible cara á conservación e mantemento de ambientes limpos e non contaminados. • Adopta actitudes críticas ante prácticas que entorpecen a conservación e o coidado do medio (vertido de ríos, corta de árbores...).
<p>- Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e noutros seres vivos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica que os seres vivos seguen un ciclo vital: nacen, medran, reproducense e morren. • Identifica características e cambios nos procesos de crecemento e etapas de desenvolvemento das persoas e outros seres vivos. • Identifica as necesidades nas etapas de desenvolvemento das persoas e doutros seres vivos (alimentación, hixiene...).

Cultura e vida en sociedade	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Nomea os membros da súa familia. • Comprende e sabe explicar as relacións máis básicas entre familiares. • Coñece o seu propio lugar dentro da familia. • Coñece as persoas do seu marco social e os seus nomes. • Recoñece e respecta os diferentes tipos de familias. • Conta cousas das súas experiencias familiares. • É quen de transmitir mensaxes da escola á casa e da casa á escola. • Acepta e respecta as normas de funcionamento da aula. • Adapta o seu comportamento ás regras dos diferentes contextos. • Da explicación do sentido das normas. • Coñece as rutinas da aula. • Recoñece o persoal que traballa nas dependencias escolares e explica a súa función. • Ten en conta as demais persoas nas súas accións e rutinas diarias. • Busca a seguridade das persoas adultas próximas e desenvolve empatía e hábitos cooperativos cos iguais. • Colabora co resto dos compañeiros e compañeiras na vida da aula. • Ten capacidade para xogar cos compañeiros e compañeiras chegando a acordos. • Ten capacidade para propoñer e organizar xogos. • Maníféstase integrador/a: comparte material, cede ante os conflitos, colabora co resto do grupo... • Amósase conciliador/a cando xorde un conflito.

Cultura e vida en sociedade	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica o rol do profesor na aula. • Identifica o rol dos pais na súa casa. • Gústalle compartir xogos cos compañeiros e compañeiras. • Asume as responsabilidades que lle son asignadas. • Maniféstase colaborador/a, coidadoso/a e sensible nas relacións que establece. • Busca a relación coa persoa docente para: contarlle as súas cousas, vivencias, pedir axuda e pedir ou comprobar información sobre temas diversos.
<p>- Recoñecer, identificar e poñer exemplos sinxelos dalgúns servizos comunitarios.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diferenza establecementos comerciais pola súa función e polos produtos que teñen. • Coñece distintos oficios e recoñece o seu valor na sociedade. • Coñece os medios de transporte e comunicación. • Valora os diferentes servizos sociais e comunitarios do seu contorno (mercado, atención sanitaria, medios de transporte...). • Ten superados os estereotipos sexistas referidos a persoas usuarias dalgún servizo comunitario e dos profesionais que alí desenvolven os seu traballo.

Cultura e vida en sociedade	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Recoñecer algunhas manifestacións culturais próximas e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mostra interese polas celebracións ou eventos da escola, familia ou localidade. • Participa e recoñece as festas populares que se celebran no seu contorno. • Coñece feitos, costumes e obxectos relacionados coas celebracións. • Identifica algunhas manifestacións culturais próximas. • Identifica e valora manifestacións culturais doutras realidades. • Sente curiosidade por achegarse ao coñecemento de sucesos relevantes da historia da comunidade galega, de España e do mundo. • Sente curiosidade por achegarse ao coñecemento de persoas relevantes da historia da comunidade galega, de España e do mundo.

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Escala de valoración:

Con dificultade

Sen dificultade

En proceso

LINGUAXE VERBAL: escoitar, falar e conversar	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	<ul style="list-style-type: none">• Manifesta interese por comunicarse con outras persoas.• Comunicase coas persoas adultas.• Comunicase cos compañeiros e compañeiras.• Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar.• Participa activamente nas conversas da aula.• Fai achegas coherentes ás conversas en grupo.• Mantén unha actitude de escoita e respecto cara ás demais persoas.• É quen de solicitar axuda verbalmente cando a precisa.• Recorda feitos e situacións vividas na clase e participa na súa narración.• Expressa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias.• É preciso nas súas explicacións.• Pregunta o significado das palabras.• Emprega con precisión o vocabulario que posúe.• Incorpora ao seu vocabulario as palabras novas.• Ten un vocabulario rico.• Usa frases de construción sinxela.• Exprésase con frases correctas e terminadas.• Emprega estruturas afirmativas, negativas, interrogativas, admirativas... axeitadamente e con entoación correcta.

LINGUAXE VERBAL: escoitar, falar e conversar	
Craterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Estrutura ben as frases: concordancia singular/plural. • Estrutura ben as frases: concordancia masculino/feminino. • Estrutura ben as frases: concordancia suxeito/verbo/complementos. • Fai correctamente as concordancias regulares (artigos, pronomes, verbos, adxectivos...). • Ten unha linguaxe fluída. • Emprega expresións convencionais de cortesía para saudar: ola, bos días, boas tardes e boas noites. • Emprega expresións convencionais de cortesía para despedirse: adeus, ata mañá, ata logo. • Emprega expresións convencionais de cortesía para agradecer: grazas. • Emprega expresións convencionais de cortesía para solicitar axuda: por favor. • Emprega expresións convencionais de cortesía para escusarse: perdón, síntoo, desculpa. • Emprega axeitadamente cumprimentos socialmente establecidos na relación cos seus compañeiros e compañeiras. • Adecúa o seu ton de voz á situación. • Emprega sinais extralingüísticos (xesto, entoación, expresión) para reforzar o significado das súas mensaxes.
<p>- Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Presta atención ás informacións que lle transmiten outras persoas. • Comprende instrucións sinxelas. • Comprende as explicacións que se dan na clase. • Comprende a idea central dunha explicación. • Comprende as ordes e consignas habituais. • Comprende ordes complexas que implican dúas ou tres accións consecutivas. • Diferenza o que son ordes, desexos e preguntas.

Lingua estranxeira	
Critérios de avaliación	Indicadores específicos
- Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	<ul style="list-style-type: none">• Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.• Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.• Amosa interese por coñecer aspectos da lingua e cultura estranxeira.• Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.• Gusta de participar nas actividades lúdicas propostas de imitación e repetición de sons, palabras e enunciados significativos.• Participa activamente nas actividades que combinan o uso da lingua e a resposta corporal implicada pola orde emitida.• Amosa interese por coñecer cancións e rimas noutra lingua.• Emprega expresións convencionais de cortesía de saúdo, na lingua estranxeira.• Emprega expresións convencionais de cortesía de despedida na lingua estranxeira.• Emprega expresións convencionais de cortesía para desculparse na lingua estranxeira.• Emprega expresións convencionais de cortesía de agradecemento na lingua estranxeira.

Aproximación á lingua escrita. Achegamento á literatura	
Craterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Mostra interese polos textos escritos presentes no seu contorno. • Percibe que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais teñen unha funcionalidade determinada. • Solicita que lle lean para obter información. • Formula hipóteses sobre o que pode estar escrito en diferentes textos. • Asocia producións escritas con significados. • Recoñece que os signos escritos comunican e expresan informacións. • Fai preguntas para coñecer o que está escrito en carteis, revistas... • É quen de inventar e interpretar o que pon un texto deducíndoo da súa finalidade e do contexto. • Recoñece a funcionalidade dos textos enumerativos (localizar informacións concretas), como carteis, listas... • Recoñece a funcionalidade dos textos informativos (coñecer ou transmitir explicacións e informacións de carácter xeral), como noticias de prensa, correspondencia persoal... • Recoñece a funcionalidade dos textos literarios (entretemento e diversión), como contos, lendas, poesías... • Recoñece a funcionalidade dos textos expositivos (comprender ou transmitir novos coñecementos), como biografías, libros de consulta... • Recoñece a funcionalidade dos textos prescritivos (regular a acción para a consecución dalgún obxectivo), como receitas de cociña, regras de xogo....

Aproximación á lingua escrita. Achegamento á literatura	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece algunha propiedade significativa dos textos enumerativos (relación co real, estrutura, modo de lectura...). • Recoñece algunha propiedade significativa dos textos informativos (formato, estrutura, extensión...). • Recoñece algunha propiedade significativa dos textos literarios (relación título contido, estrutura, personaxes...). • Recoñece algunha propiedade significativa dos textos expositivos (formato, estrutura, modo de lectura...). • Recoñece algunha propiedade significativa dos textos prescritivos (formato, estrutura, modo de lectura...). • Recoñece o seu nome. • Recoñece o nome das compañeiras e compañeiros. • Percibe diferenzas e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cuantitativas (cantidade de letras, palabras longas e curtas). • Percibe diferenzas e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cualitativas (variedade de grafías).

Aproximación á lingua escrita. Achegamento á literatura	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
-Producir diferentes textos individualmente ou en grupo –con escritura convencional ou non–, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, entretemento...	<ul style="list-style-type: none"> • Iníciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais. • No proceso de aprendizaxe da lingua escrita atópase na etapa indeterminada. • No proceso de aprendizaxe da lingua escrita atópase na etapa silábica sen correspondencia. • No proceso de aprendizaxe da lingua escrita atópase na etapa silábica-alfabética. • No proceso de aprendizaxe da lingua escrita atópase na etapa alfabética. • É respectuoso e acepta as escrituras das compañeiras e compañeiros que escriben cunha hipótese menos evolucionada. • Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) para transmitir información. • Gusta de facer uso da escritura (convencional ou non) para escribir un conto. • Reproduce, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos. • Reescribe, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos. • Recrea, tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, textos. • Iníciouse no uso do teclado para a codificación.

Aproximación á lingua escrita. Achegamento á literatura	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
- Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...	<ul style="list-style-type: none">• Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...• Comparte coas compañeiras e compañeiros interpretacións, sensacións, emocións e opinións tras a escoita de textos literarios.• Gusta de participar e compartir en incipientes faladoiros literarios.• Gusta de participar en xogos lingüísticos –encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...– acompañados de respostas corporais.
- Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo e de entretemento.	<ul style="list-style-type: none">• Respecta e coida a biblioteca da aula.• Ten unha actitude activa ante a lectura.• Gústalle mirar e “ler” libros autonomamente.• Fai uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.• Fai uso da biblioteca valorándoa como espazo no que se divirte.

LINGUAXE ARTÍSTICA: plástica, musical e corporal	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais	<ul style="list-style-type: none"> • Participa con interese en actividades expresivas. • Combina diferentes recursos expresivos de maneira orixinal. • Descubre as posibilidades expresivas do seu propio corpo. • Comprende os xestos e as manifestacións corporais como unha forma de comunicación. • É orixinal na súa expresión. • Gusta de explorar sensorialmente os elementos presentes no contorno. • Aмосa imaxinación e iniciativa nas súas producións plásticas. • As súas producións están organizadas. • As súas producións plásticas son orixinais e creativas. • Valora e respecta as producións dos compañeiros e compañeiras. • Fai valoracións estéticas. • Emprega todas as cores. • Mestura as cores. • Fai uso de elementos da linguaxe plástica para lles dar maior expresividade ás súas producións (liña, forma, cor, textura, espazo e volume). • Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais (papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro...) como recurso e medio de expresión. • Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos útiles (rasquetas, cepillos, esponxas, pinces...) como recursos e medio de expresión. • Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos soportes (pantalla do ordenador, mesa de area, retroproxeutor, encerado dixital...) como recursos e medio de expresión.

LINGUAXE ARTÍSTICA: plástica, musical e corporal	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Fai uso do debuxo como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias... • Fai uso da pintura como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias... • Fai uso da colaxe como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias... • Fai uso do modelado como medio de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias... • Emprega os recursos expresivos coñecidos en situacións novas. • Gusta de experimentar coa luz, as sombras e a cor facendo uso de lanternas, lámpadas, proxector... e descubrindo as súas posibilidades creativas e plásticas. • Traballa con interese con calquera tipo de material. • Utiliza todo o espazo gráfico. • Valora as diferentes obras plásticas presentes na aula e no contorno, museos e exposicións. • É quen de expresar a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que lle producen as obras plásticas. • Sinala gustos persoais indicando que obras lle gustan e cales non. • Participa na planificación do proceso de elaboración dunha obra. • Realiza diferentes bosquejos na creación dunha obra, nos que vai realizando melloras. • Explora as propiedades sonoras do corpo. • Explora as posibilidades sonoras da voz. • Explora as posibilidades sonoras de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.

LINGUAXE ARTÍSTICA: plástica, musical e corporal	
Cráterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Diferenza son e silencio. • Recoñece sons do contorno natural e social. • Reproduce esquemas rítmicos. • Gústalle imitar sons e ritmos diversos. • Participa cando se fan actividades musicais. • Produce sons e ritmos empregando instrumentos musicais. • Mostra unha actitude de atención e relaxación diante da escoita de distintas obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. • Acórdase das cancións e fragmentos de música traballados.
<p>- Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Participa activamente nas representacións e no xogo dramático. • Coordina as súas accións coas das demais nenas e nenos. • Expresa emocións con xestos e expresións. • Participa activamente e goza en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal. • Participa activamente na interpretación de cancións e xogos musicais. • Participa activamente na interpretación de danzas colectivas e individuais. • Colabora na elaboración dos elementos necesarios para a ambientación das actividades de dramatización, danzas...

LINGUAXE AUDIOVISUAL E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.</p>	<ul style="list-style-type: none">• Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.• Fai uso das tecnoloxías da información e da comunicación, na procura de información para o desenvolvemento de proxectos na aula.• Fai uso do ordenador na produción de textos, a través de programas de edición de textos.• É quen de prender e apagar o ordenador.• Manexa o rato do ordenador.• Identifica e usa as iconas para acceder aos programas.• Recoñece a utilidade do escáner.• É quen de imprimir unha creación.• Recoñece a utilidade da cámara fotográfica como ferramenta para captar a realidade.• Utiliza, na medida das súas posibilidades, as ferramentas tecnolóxicas como medios de expresión.• Fai un uso moderado das ferramentas tecnolóxicas.

ENSINANZA DE RELIXIÓN

Escala de valoración:

- Con dificultade
- Sen dificultade
- En proceso

Relixión Católica	
Criterios de avaliación	Indicadores específicos
- Saber observar os referentes relixiosos do seu contorno.	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece algúns signos e manifestacións das festas do Nadal. • Identifica algúns costumes e tradicións propias do Nadal. • Recoñece que o máis importante do Nadal é celebrar o nacemento de Xesús, o Fillo de Deus. • Participa na celebración do nacemento de Xesús. • Participa no canto de panxoliñas para expresar a alegría e a ilusión que esperta o Nadal. • Identifica o acontecemento que celebramos en Semana Santa: a morte e a resurrección de Xesús. • Identifica a Eucaristía como a acción máis importante dos cristiáns, na que se comparte a fe. • Amosa alegría e ganas de participar nas festas. • Identifica a Igrexa como a comunidade dos que creen en Xesús.


Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Saber o significado das palabras con sentido relixioso máis usuais no seu propio vocabulario.</p>	<ul style="list-style-type: none">• Escoita con interese os diferentes relatos lidos na aula.• Valora a acción de compartir de Xesús no relato da multiplicación dos pans e dos peixes.• Sabe que quen comparte fai o mesmo que Xesús fixo e ensinou a facer.• Recoñece na parábola da ovella perdida que Xesús nos quere e nos coida.• Coñece o relato do nacemento de Xesús e o anuncio do anxo aos pastores.• Coñece o relato da visita dos Magos a Xesús.
<p>- Respetar os signos e os símbolos relixiosos do seu contorno.</p>	<ul style="list-style-type: none">• Identifica o templo ou igrexa como a casa onde se reúnen os amigos de Xesús.• Recoñece a cruz como símbolo que nos lembra a Xesús.• Recoñece o domingo como día de descanso para gozar coa familia e cos amigos.• Identifica o domingo como a gran festa relixiosa para os amigos de Xesús.• Entende a Eucaristía como a celebración máis importante das festas cristiás.• Recoñece o significado do cirio pascual como símbolo de Xesús resucitado e da súa presenza entre nós.• Recoñece a auga como signo fundamental do sacramento do Bautismo.• Comprende que o Bautismo nos fai fillos de Deus, membros da Igrexa e amigos de Xesús.• Identifica algúns símbolos presentes no rito do Bautismo.• Identifica o Noso Pai como a oración que nos ensinou Xesús.

Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Respetar os signos e os símbolos relixiosos do seu contorno.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Valora a oración como a mellor maneira de falar con Deus. • Coñece a existencia da Biblia como o libro máis importante para os cristiáns. • Amosa interese por coñecer a vida de Xesús e de María. • Identifica os evanxeos como os catro libros que están na Biblia e que contan as cousas máis importantes que Xesús fixo e dixo. • Coñece algúns feitos relativos á paixón, morte e resurrección de Xesús.
<p>- Familiarizarse cunha primeira síntese de fe.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica que Deus creou todas as persoas e que é o noso Pai. • Interésase por coñecer a historia do nacemento de Xesús e o recoñece como o Fillo de Deus. • Recoñece o amor como o supremo valor cristián. • Recoñece a figura de María como a muller elixida por Deus para ser a nai de Xesús. • Recoñece a María como nai de Xesús e dos cristiáns. • Recoñece o sentido e o valor dalgunhas das festas en honor a María. • Recoñece a Deus como creador e Pai. • Amosa, mediante a canción, alegría e gratitude a Deus porque nos deu a vida, uns pais, unha familia...

Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Adquirir o gusto polo bo obrar.</p> <p>- Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.</p>	<ul style="list-style-type: none">• Respecta os seus compañeiros e compañeiras de aula.• Participa nas diferentes actividades e amósase colaborador/a coas compañeiras e compañeiros.• Amósase xeneroso/a cos compañeiros/as.• Gusta de ter novos amigos e amigas.• Valora o feito de ter amigos e amigas.• Interésase por facer e compartir actividades con outros nenos e nenas.• Ten actitudes de respecto e agarimo cara aos amigos e amigas.• Aмосa unha actitude de axuda e colaboración cara aos amigos e amigas.• Recoñece a alegría que produce axudarlles aos demais.• Aprecia o valor da amizade.• Expresa sentimentos de agarimo cara a Xesús.• Valora todas as cousas que facemos cos nosos novos amigos.• Recoñece a Xesús como amigo de todas as persoas, especialmente dos nenos e das nenas.• Recoñece a Xesús como un amigo que nos quere e nos axuda.• Recoñece os apóstolos como os amigos de Xesús.• Expresa, mediante a canción, a alegría de ter a Xesús como amigo.• Evita situacións nas que se xeran conflitos.• Intervén pacificamente na resolución de conflitos.• É quen de pedir perdón.• Recoñece a importancia que ten na nosa vida perdoarnos e sermos perdoados.

Criterios de avaliación	Indicadores específicos
<p>- Adquirir o gusto polo bo obrar.</p> <p>- Apreciar os valores cristiáns que facilitan a convivencia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Valora a importancia de pedir perdón e de facer as paces para sentirse ben. • Coñece a capacidade de Xesús para facer o ben e axudar os demais. • Recoñece no noso día a día situacións cotiás en que lles pode amosar aos demais o seu cariño e coidado. • Entende o significado e a importancia dos agasallos e o valor que teñen no compartir. • Experimenta a alegría que produce compartir. • Identifica a familia como espazo de agarimo. • Identifica a propia familia e describe os membros que a compoñen. • Identifica a familia como as persoas que comparten as súas vidas e se queren. • Séntese membro dunha familia. • Expresa satisfacción pola familia que ten. • Amosa actitudes de agradecemento cara ás persoas que nos queren e nos coidan. • Entende o amor como o máis importante nunha familia. • Amosa agradecemento pola atención que recibimos. • Exprésalle agradecemento a Deus pola súa familia. • Valora a importancia de ter unha familia que nos quere, protexe e axuda. • Recoñece a importancia da nai de Xesús e todo o que fai polo seu fillo. • Coñece os membros da familia de Xesús. • Gusta de escoitar detalles da vida de Xesús cando era neno.

Criterios de avaliación	Indicadores específicos
- Valorar a obra de Deus	<ul style="list-style-type: none">• Observa e distingue algúns elementos da natureza.• Respecta e coida a natureza.• Amosa admiración pola beleza da natureza.• Valora a natureza como un agasallo de Deus a todas as persoas.• Recoñece que Deus creou este mundo tan bonito.• Valora ás persoas como o máis importante que creou Deus.• Amosa admiración e agradecemento a Deus por todo o creado.• Exprésalle agradecemento a Deus, a través de cancións e oracións, pola creación e por darnos a vida.



4. ORIENTACIONES METODOLÓGICAS PARA O SEGUNDO CICLO DA EDUCACIÓN INFANTIL

4.

Orientacións metodolóxicas

Estas orientacións metodolóxicas son na súa maioría de tipo xeral e refírense a máis dun obxectivo ou contido. Varían no seu nivel de especificación, dependendo da complexidade dos obxectivos ou do grado de innovación destes respecto das prácticas habituais na educación infantil. Enfatizan as actitudes e as respectivas accións que as persoas docentes deben realizar, co fin de xerar ambientes propicios para o logro das aprendizaxes esperadas. Destaca, así mesmo, a necesidade de variación dos recursos pedagóxicos, a partir de diferentes criterios, como forma de promover a motivación nas nenas e nos nenos.

ÁREA DE COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Favorecerase o achegamento á diversidade de recursos, coa finalidade de que as nenas e os nenos exploren e descubran os obxectos de interese e potencien a súa psicomotricidade. Ao respecto, convén subliñar que se considerará o emprego de materiais e recursos de diversos pesos, volumes, tamaños, texturas, cores e formas que permitan efectos distintos e interesantes, como botar e rebotar, amorear, encaixar, mover, levantar, lanzar, empurrar, combinar entre eles...
- Deberíase pensar en ofrecer diversidade de superficies, en diferentes escenarios, para os xogos e propostas de desprazamento que, sendo seguros, lles supoñan desafíos e novas experiencias ás nenas e aos nenos.

- É importante que as nenas e os nenos sintan que as persoas adultas que lles son significativas confían nas súas capacidades para establecer novas relacións e é recomendable que, ademais de xerar as condicións axeitadas de interaccións –xogar en parellas, pequenos grupos, gran grupo, con iguais, con persoas adultas...–, se lles incentive verbal e xestualmente a facelo.
- Para promover o desenvolvemento da motricidade e da coordinación, as persoas docentes favorecerán diferentes tipos de movementos asociados a actividades lúdicas e recreativas. Nas experiencias e propostas que se lle fagan ao alumnado evitarase que estean enmarcadas en modelos de comportamentos estereotipados, asociados ao xénero masculino ou feminino, así como a técnicas empregadas por determinados deportes ou actividades físicas totalmente dirixidas.
- En relación coa identidade de xénero, que se vai formando inicialmente no contexto familiar, é moi importante non potenciar estereotipos "isto é de nenas", "isto é de nenos", senón máis ben ampliar o coñecemento dos roles e funcións que na sociedade actual desenvolven homes e mulleres. Todas e todos podemos facer calquera cousa dentro das nosas posibilidades persoais, se temos oportunidades para experimentalas e facelo.
- É importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Para iso, pódense empregar diversas estratexias e recursos: a través de preguntas, follas de planificación, cos seus propios debuxos, opinións e propostas nos tempos de faladoiro e mesmo a través da caixa de suxestións.
- Para potenciar no alumnado actos independentes e iniciativas, as persoas adultas deben dar confianza e brindar diversas oportunidades, permitíndolles que cometan erros, dándolles o tempo necesario e a posibilidade de que ensaien novas alternativas como parte do seu proceso de aprendizaxe persoal. Os xuízos e valoracións que se fagan serán construtivos e positivos, acompañándoos nas reflexións e fuxindo de actitudes descualificadoras.
- En relación con favorecer nas criaturas a identificación das experiencias e situacións que lles son gratas e aquelas que lles incomodan, porque lles dan medo ou inseguridade, é necesario fomentar que as expresen e comuniquen, para telas en conta en novas propostas, ava-

liar as causas e tomar as medidas que corresponda de acompañamento ou axuda.

- É de grande importancia para a autovaloración positiva que cada nena e cada neno poida comprobar a través das súas propias experiencias que son capaces, que poden, que teñen habilidades e competencias para realizar as actividades propostas, para expresalas, para sentir, para comunicar, para descubrir novas posibilidades...
- A educadora ou educador velarán por crear un ambiente educativo onde prime a valoración positiva nas interaccións, evitando as comparacións, a desvalorización, estigmatizar ou ridiculizar. É importante favorecer que as nenas e os nenos expresen libremente as súas opinións, os seus sentimentos e suxestións e que os adultos creen condicións para que sexan escoitados, aceptados e respectados nas súas diferenzas.
- As persoas adultas deben ter altas expectativas nas posibilidades das nenas e dos nenos en todos os planos e darlles sinais claros das súas potencialidades, animando e preocupándose de que as criaturas poidan superar desafíos, perseverando e desenvolvendo a tolerancia e a frustración.
- Para favorecer que as nenas e os nenos descubran e respecten tanto as súas características e intereses persoais como as características e intereses das demais persoas, é necesario que expresen, en situacións variadas e a través de diferentes formas de comunicación e linguaxes, o coñecemento que van adquirindo das súas características físicas, gustos, temas que lles interesan e das persoas que lles son significativas. Para favorecer esta expresión, empregaranse xogos, mímicas, cantos e representacións o máis ricas posibles.
- Na educación infantil, moitas das actividades desenvolveranse en grupo e será a educadora ou o educador coas súas actitudes e habilidades quen as guiarán, ao mesmo tempo que terán a destreza para manter o equilibrio entre a atención individual e o grupo. Esta alternancia continuada entre o individual e do grupo permite adiantarse aos conflitos, avaliar o benestar e o grao de actividade, identificar as necesidades de axuda, sen deixar de prestar atención personalizada.
- Xerárase un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lles permita ás criaturas sentirse cómodas, seguras e acollidas. Seleccionaremos elementos do

medio natural e sociocultural que favorezan a vinculación coa súa identidade e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que ten ao seu dispor.

- O coñecemento é un feito perceptivo, que ten como canles os datos táctiles, auditivos, visuais, cenestésicos, olfactivos, gustativos, etc. A través da actividade, do xogo, das experiencias e vivencias individuais e de grupo o alumnado vai descubrindo o propio corpo como vehículo de expresión, comunicación e relación, ata chegar a construír a propia imaxe corporal.
- Terase especialmente en conta que o xogo é unha das vías privilexiadas no acceso ao coñecemento. A través do xogo libre ou organizado, individual ou colectivo, explórase, descóbrese, experimentase, compréndese e consolídase a aprendizaxe: xogo coas outras persoas, xogos con obxectos, xogos simbólicos, xogos de exploración autónoma, xogos dramáticos, xogos colectivos en pequenos ou grandes grupos, xogos de regras...
- Conxuntamente co xogo, a expresión a través de múltiples linguaxes de accións libres ou guiadas, a participación en situacións cotiás e as interaccións entre iguais son unha fonte privilexiada de actividade cargada de potencial educativo. As outras persoas serán compañeiras e compañeiros de actividade e de xogo, modelos a imitar, persoas a quen ensinar, apoios ou resistencias á propia acción e estímulo para a diversión e para o autocontrol.
- En relación coa prevención de riscos, é necesario xerar tempos habituais de conversas co alumnado para que individualmente ou conxuntamente falen e expoñan posibles situacións de risco ou inseguridade, anticipando algunhas accións para realizar neses casos e mesmo elaborar un documento coas regras e acordos de seguridade.
- Cando a un grupo de nenas e nenos se lles confiren responsabilidades de progresiva complexidade en relación con ámbitos referidos a si mesmos, ás demais persoas e ao medio ambiente, estamos abrindo-lles a posibilidade de que aprecien e valoren os seus logros e esforzos e os das outras persoas, avanzando no proceso de autonomía persoal.
- É igualmente importante ofrecerlles ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe que incentiven e potencien a realización das súas

propias propostas, a toma de decisións, así como a posibilidade de anticipar as súas accións, a organización das actividades, os materiais e recursos para empregar, facéndolles ver que todas e todos poden realizar accións por si mesmos e compartilas cos demais.

- Tendo en conta que o alumnado vai coñecendo e vivenciando algúns elementos da súa cultura familiar e comunitaria, é doado propiciar que coñezan que outras criaturas e persoas adultas teñen costumes, xogos e xeitos de facer diferentes que tamén son valiosos.
- As cativas e os cativos, mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman –formas, tamaños, espazos, volumes–, establecen relacións, deseñan situacións e invisten a acción coa súa emocionalidade e simbolismo, manifestan a través desta actividade lúdica as súas vivencias e experiencias e van aprofundando en novos niveis de relación e de interacción.
- É importante no desenvolvemento psicomotor posibilitar un medio rico en sensacións e percepcións, rico en contrastes e en retos cognitivos. Para as criaturas, é importante introducir paulatinamente na dinámica de xogo corporal novos elementos que acheguen complexidade perceptiva, riqueza manipulativa, vivencias variadas no espazo en relación coa orientación, o equilibrio e o movemento e tendo tamén en conta as achegas e a riqueza dos sons, da música e do ritmo.
- Terase en conta que calquera déficit sensitivo ou perceptivo pode levar a unha elaboración da imaxe corporal incompleta, mal estruturada ou mesmo limitada. Non esquezamos que a integración dos datos perceptivos permite a construción do esquema e da imaxe corporal. Para que se elaboren positivamente estes aspectos, propiciaranse as praxes axeitadas nas que influirán as persoas adultas, o contexto educativo creado, así como os materiais e os recursos empregados.
- O equilibrio permite unha mellor eficacia manipulativa e de control postural, xa que este é froito das informacións do propio corpo –propioceptivas– e do medio no que se realiza a acción –exteroceptivas–. Para contribuír á elaboración dunha boa equilibración tanto estática como dinámica, realizada individualmente ou na compañía doutras persoas, xerárase un contexto de seguridade na exploración do espazo e dos obxectos.

- O esquema corporal constrúese a partir das sensacións e percepcións do propio corpo en relación e interacción cos datos que recibe do medio, das demais persoas e dos obxectos. As experiencias que cada nena e neno ten das partes do seu corpo, dos seus límites, da súa mobilidade, son as que dun xeito progresivo vai adquirindo a partir das múltiples accións e impresións recibidas a través dos sentidos e do seu propio corpo. Este vai ser o referente para organizar e adquirir novos coñecementos e estruturar o espazo.
- É de grande importancia que as persoas docentes consideren os distintos significados que a actividade psicomotora pode ter para as nenas e os nenos. Isto contribuirá a guialos e a apoialos no desenvolvemento dunha percepción axeitada dos seus recursos corporais e das súas posibilidades e limitacións. As mestras e mestres favorecerán e xerarán as condicións adecuadas para que as cativas e os cativos poidan expresarse con liberdade e progresar pouco a pouco nas súas habilidades psicomotoras, favorecendo diferentes tipos de movementos asociados a actividades lúdicas e recreativas en contextos libres ou organizados, seguros e, na medida do posible, en espazos amplos, abertos e da natureza.
- Potenciaremos no alumnado o desenvolvemento psicomotor, cara a un progresivo dominio e control corporal, dende a motricidade xeral ao afinamento muscular da motricidade fina, desenvolvendo a súa acción nun tempo e nun espazo.
- O desenvolvemento das relacións socioafectivas facilitarán o descubrimento da propia identidade e a súa inserción social, así como a adquisición de hábitos, actitudes e normas que rexen e organizan a vida do grupo. Potenciarase no alumnado relacións interpersoais positivas –baseadas no respecto ás persoas, nas diversas comunidades ás que pertence, así como nas normas e valores da sociedade–, comportamentos solidarios e de cooperación cara a promover actitudes non discriminatorias relacionadas co sexo, a orixe racial, cultural, relixiosa, a capacidade persoal, etc.
- Terase en conta que o xeito no que as persoas adultas median nas dificultades e conflitos entre o alumnado é un referente que os orientará na adquisición progresiva de estratexias pacíficas e de diálogo á hora de enfrontarse con estas situacións. É importante conversar coas nenas e cos nenos sobre as situacións conflitivas que se expliciten e negocien cara a favorecer prácticas democráticas.

- Nesta etapa educativa, o alumnado avanzará na comprensión e aplicación das normas sociais que regulan o funcionamento dos xogos e actividades colectivas, así como na integración progresiva, a través da práctica cotiá, dos valores e normas básicas para unha convivencia democrática: a negociación dos acordos, o consenso para a elección e/ou organización dos xogos, a selección dos proxectos colectivos, as votacións democráticas...; búscase que as nenas e os nenos descubran na práctica a necesidade das normas e acordos.
- En relación coa organización do tempo, planificaranse períodos estables, diarios e semanais, o que posibilitará a secuenciación e a planificación das propostas educativas e a integración das secuencias temporais, tanto da escola coma da súa vida cotiá. Queda aberta a posibilidade de acoller e presentar variacións en relación cos intereses e coas necesidades do alumnado,
- É importante que as mestras e os mestres creen as condicións físico-ambientais que poñan o alumnado en situacións de coidado e preocupación pola súa saúde. Este aspecto pode abordarse a partir de múltiples actividades cotiás: hixiene persoal, coidado e limpeza dos espazos e dos materiais de uso cotián, nos momentos de alimentación e no desenvolvemento de exercicio e actividade.
- Cara a promover estilos de vida saudables, é importante que as nenas e os nenos relacionen hábitos, ambientes e alimentos cun crecemento san, nun contexto no que se aprecie e valore o coidado da natureza e das persoas –facendo visitas ao comercio, organizando talleres de cociña, creando un horto escolar...–. Favorecerase e potenciarase o consumo responsable de alimentos, así como darlles a coñecer as maneiras de optimizar o valor nutritivo dos alimentos que inxiren diariamente.

ÁREA DE COÑECEMENTO DO CONTORNO

- É fundamental que a mestra e o mestre sexan quen de potenciar no seu alumnado unha serie de habilidades de pensamento que lle axuden a encontrar sentido á súa experiencia; isto é, involucrarse en proxectos con xogos e actividades que lle fagan observar, pescudar,

imaxinar, adiviñar, buscar alternativas, formular hipóteses, anticipar consecuencias..., habilidades esenciais todas elas para conectar as experiencias presentes coas pasadas, formular problemas, facer estimacións, medir..., ademais de proporcionarlles ás nenas e aos nenos ferramentas que lles permitan evolucionar nos coñecementos e nas habilidades que desenvolveron, co fin de garantir a construción de novas aprendizaxes.

- A mestra e o mestre, partindo da información que teñen sobre os coñecementos previos das criaturas, propoñerán actividades que atraian o seu interese e que poidan relacionar coas súas experiencias anteriores; para iso, planificaranse proxectos, actividades, tarefas e xogos que teñan un sentido claro para as criaturas.
- Para avanzar no desenvolvemento do pensamento matemático, as mestras e os mestres terán presente que as nocións numéricas, as de localización espacial, as de xeometría ou as de medición se favorecen cando as criaturas manipulan, comparan, observan e, sobre todo, expresan as súas ideas e estas son tomadas en conta para saber como interpretan, como perciben o mundo e como se ven a si mesmas como parte del.
- Terase presente que resulta innecesario apresurar a aprendizaxe de conceptos formais ou de formas de representación convencional que se traducen na transcripción de símbolos, cando non se comprenden os significados deses conceptos. Proporcionaránselle ao alumnado situacións didácticas que favorezan a adquisición de nocións e evítanse aquelas accións na aula que só se limiten á manipulación de obxectos sen unha intención definida, sendo conscientes de que as actividades relacionadas co desenvolvemento do pensamento matemático non teñen unha intención propedéutica en relación co que aprenderán na escola primaria, senón que buscan favorecer a adquisición e a evolución das nocións que serán a base para acceder á comprensión de significados cada vez máis amplos e complexos.
- Así mesmo, remárcase a importancia de que os recursos que se seleccionen sexan sempre vinculados con situacións o máis naturais posibles, evitando artificialismos esaxerados; terase en conta non só o natural e elaborado existente nos espazos do centro escolar onde as nenas e os nenos levan a cabo as súas experiencias de aprendizaxe habituais, senón que se incorporarán tamén os espazos externos que serán, segundo corresponda, os que a través das súas rúas, parques,

hortos, ribeiras, museos, exposicións, monumentos, bibliotecas, videotecas..., entre outros, se converterán en contextos de aprendizaxes variadas, significativas e actuais, e será ademais posible e recomendable coñecer outras realidades empregando as tecnoloxías da información e da comunicación.

- Aproveitarase o potencial educativo das saídas e das visitas, planificadas detidamente, para sacar delas o maior partido educativo posible. É importante que a persoa docente teña moi claros cales son os contidos que pretende traballar coa visita, e non saír por saír, ou pretender observar e explorar todos os elementos do contorno presentes neste. En calquera caso, sempre existirá unha finalidade –traducida en obxectivos–, un deseño e unhas actividades que estean inseridas na programación xeral e que permitan aproveitar ao máximo este recurso. O aproveitamento da actividade non finaliza coa volta ao centro. Durante o día ou os días seguintes, pódense crear situacións de comunicación e intercambio do que se viu e do material recollido –material de refugallo, froitos, insectos, fotografías, materiais ofrecidos polas persoas do lugar...–, así como animar os cativos a que o expresen mediante distintas linguaxes. Todo iso dará lugar a suscitar actividades que provoquen novos interrogantes e reforcen certas adquisicións.
- A organización de proxectos, consensuados, negociados e levados a cabo colectivamente polo grupo, a realización de asembleas para comentar acontecementos –o nacemento dunha criatura humana ou animal, as primeiras flores, a entrada na clase dunha nova ou novo alumno, sobre todo cando este pertence a outra cultura distinta, etc.– ou discutir e decidir determinados aspectos da actividade diaria, repartimento de tarefas, planificación dunha saída..., as reunións en grupo para contar un conto ou cantar unha canción, etc. constitúen valiosas estratexias que a persoa docente utilizará porque son altamente motivadoras e favorecen o desenvolvemento das relacións interpersoais, o establecemento de vínculos afectivos, así como que a nena e o neno se sintan membros do grupo participando activamente nel.
- De igual forma, a persoa docente propiciará experiencias onde teñan cabida as relacións con nenas e con nenos doutras aulas e con persoas adultas, xa que así non só se contribúe en gran medida a que as criaturas vaian ampliando as súas relacións, senón que permiten des- centrar positivamente a tarefa educativa da persoa docente e da

aula. A realización conxunta de actividades con outras clases, a presenza dun pai ou dunha nai e outras persoas colaboradoras para lles ensinar ás criaturas un procedemento concreto –facer un pastel, sementar no horto...–, ou a visita dunha persoa que conte cousas do seu traballo, representan valiosas experiencias que fan posible as interaccións das nenas e dos nenos co medio social e, polo tanto, enriquecen o seu proceso de socialización.

- Potenciarase a capacidade das criaturas para descubrirse e sentirse como exploradores activos, poñendo á súa disposición os medios que llo possibiliten, como por exemplo aumentando as posibilidades dos seus sentidos mediante lupas, microscopios, anteollos de longa vista, amplificadores de sons..., así como tamén o acceso a obxectos ou a novas fontes de coñecementos: persoas, instrumentos, libros, fotos, vídeos, CD, internet... e a través da confianza que as persoas adultas deben transmitir sobre as súas posibilidades e das oportunidades efectivas de acción que xere. Especialmente importante é propiciar a formulación de preguntas, como un recurso para descubrir novos aspectos dos obxectos.
- O manexo por parte das nenas e dos nenos de bibliotecas de aula, con sistemas sinxelos de clasificación e localización, tanto de libros de consulta, como daqueles elaborados na aula, é un recurso importante para o desenvolvemento de actitudes indagatorias; ao igual que favorecer que consulten bibliotecas externas, físicas ou virtuais, e outras fontes de preservación do patrimonio e, polo tanto, da información, como son os museos e galerías de arte.
- Como formas de apoiar o rexistro e busca de información por parte das criaturas, animaráselles a debuxar, calcar, montar álbums, facer coleccións..., entre outras.
- Os procesos de adquisición das nocións matemáticas básicas –numéricas, espaciais, de forma e de medida– involucran actividade, pensamento e fala como parte de algo que as criaturas xa fan informalmente e acotío.
- É importante para desenvolver o pensamento lóxico-matemático ofrecerlles a oportunidade de resolver pequenos problemas e situacións problemáticas concretas relacionados coa súa vida diaria; por exemplo, chegar a recoñecer as medidas reais dun cadro que estamos vendo nunha ilustración, nos que constrúan explicacións e analicen

información utilizando diversos cuantificadores. Isto implica poder ofrecerlles un conxunto de información, incentivándoos a que observen e que formulen preguntas, que fagan estimacións, que busquen os datos que necesitan, identificando os diferentes camiños que se poden seguir para contestar unha pregunta dada.

- É preciso considerar que o medio ofrece múltiples alternativas para aproximar naturalmente a nena e o neno ás primeiras nocións matemáticas. No contorno inmediato, é posible atopar e descubrir similitudes e diferenzas, series distintas de elementos, agrupacións, organizacións e cantidades.
- Terase en conta que cando as criaturas chegan á escola xa teñen un percorrido no seu coñecemento lóxico-matemático. Este comeza cos primeiros esquemas perceptivos e motores na manipulación dos obxectos. A partir desta manipulación, vai formando novos esquemas máis precisos que lle permiten coñecer cada obxecto individualmente e distinguilo dos outros, establecendo as primeiras relacións entre eles. Unha actividade posterior, básica para a lóxica, é a agrupación dos obxectos. Esta primeira selección é a orixe da clasificación, cuxos criterios van dende os máis subxectivos e arbitrarios, ata outros máis convencionais. As nenas e os nenos van elaborando progresivamente novas relacións entre os obxectos e así aparece o establecemento de semellanzas e diferenzas e das relacións de equivalencia. Estas, pola súa vez, dan paso ás relacións de orde e ás súas primeiras seriacións de elementos, guiadas por criterios cada vez máis complexos. A partir de todas estas actividades, as nenas e os nenos van adquirindo o concepto intuitivo de cantidade e poderán utilizar algunhas nocións –cuantificadores– previas ao concepto de número. Un concepto básico para asentir o coñecemento lóxico-matemático é o de conservación da cantidade. Van organizando o espazo e adquirindo nocións topolóxicas básicas, asociadas ás temporais, aínda que a construción do concepto de tempo é un proceso lento e gradual que as criaturas realizarán a partir das súas propias secuencias temporais.
- No descubrimento dos números e do seu sentido, é esencial favorecer que as nenas e os nenos constaten a súa existencia e achega á súa vida cotiá en diferentes actividades, xogos, visitas e saídas que realicen a distintos lugares. As nocións numéricas e a súa expresión deben contextualizarse en situacións que impliquen agregar, reunir, quitar, igualar, comparar e combinar.

- Para favorecer o establecemento das relacións espaciais, é importante considerar que as nenas e os nenos adquiren as primeiras nocións en función do seu propio corpo e, progresivamente, transfírenas aos obxectos e ao seu contorno inmediato. Por iso, todas aquelas actividades lúdicas, tales como xogos corporais, bailes, percorridos que establezan distintas posicións e direccións..., a realización de sinxelos planos e mapas de situación, son propostas adecuadas para desenvolver este aspecto.
- En canto ao descubrimento de figuras e corpos xeométricos e as súas diversas variacións segundo a posición en que se sitúen, é fundamental provelos de experiencias que lles permitan observarlos dende diferentes perspectivas e en distintos lugares, favorecendo comentarios sobre o que sucede e representándoos graficamente.
- Nas formas de medición, cabe considerar os medios primarios a través dos cales as criaturas poden facelo: coas mans para lonxitude, peso ou superficie ou a través dos seus brazos ou pés en traxectos ou volumes máis extensos; tamén se poden utilizar unidades tales como: medidas arbitrarias de lonxitude –varas, cordeis...–, de superficie –follas, baldosas, ladrillos...–, de capacidade –mans, cuncas, botellas...–. Posteriormente, incentivarase que se inicien en sistemas de medición convencionais, como regras, termómetros, reloxos, pesas, etc.
- Fomentarase a súa capacidade de comprensión axudándolles a establecer relacións entre as calidades e as características das persoas e dos obxectos: comparando tamaños, texturas, formas, figuras; agrupándoos segundo algún criterio de clasificación; buscando correspondencia entre os elementos e ordenando secuencias en patróns.
- Como medios para favorecer a aprendizaxe da noción do transcurso do tempo, é importante recorrer á historia persoal, familiar e comunitaria das criaturas. Para isto, suxírese desenvolver conversacións con diferentes membros da súa familia e da comunidade, observar fotos e obxectos persoais seus e dos seus proxenitores, avós... Posteriormente, pódese construír unha árbore xenealóxica realizando liñas de tempo, empregando fotos e debuxos dos momentos máis significativos da súa vida.
- En relación con apoiar a comprensión do medio natural nas nenas e nos nenos, son recursos claves promover diferentes opinións sobre

feitos e fenómenos, estimular a discusión entre eles, suscitarlles preguntas e invitalos a formular hipóteses, considerando as causas, para que anticipen posibles efectos.

- É relevante propiciar nas nenas e nos nenos un interese crecente por ampliar a comprensión do mundo, dos fenómenos e dos seres vivos que o rodean, dándolles a oportunidade de escoller de acordo coas súas inquietudes persoais ou de grupo entre diferentes actividades. Para iso, débenselles suscitar desafíos de maior complexidade, entregándolles instrumentos e materiais atractivos e tendo unha actitude activa para guiar e axudar os seus descubrimentos e as súas aprendizaxes.
- Para a exploración do medio, é fundamental favorecer a realización de variadas coleccións de pedras, follas, sementes, cunchas, etc. En relación cos animais e vexetais, é necesario promover o respecto polos seres vivos e a natureza en xeral, para non danala. Polo tanto, suxírese aproveitar os elementos que cumpriron o seu ciclo de vida, e desenvolver ambientes –terrarios, acuarios, invernadoiros, etc.– adecuados para aqueles seres ou vexetais que vivan neles.
- É fundamental favorecer a identificación das características e cambios que se producen nos seres vivos a través do tempo e en diferentes lugares. Para iso, na medida en que sexa posible, débese tratar que as nenas e os nenos vivan os cambios coidando plantas ou animais e facendo as súas propias observacións respecto deles mesmos.
- Para facilitar o descubrimento das características naturais e as transformacións de diferentes zonas xeográficas, suxírese que a partir de visitas sobre o terreo se promovan actividades de recolección de elementos naturais e da acción do ser humano, enriquecéndoo por parte da persoa docente con textos expositivos, imaxes impresas e proxectadas, vídeos, etc.
- Xunto co coñecemento do medio natural, dos seus compoñentes e das súas características, é esencial favorecer a comprensión das interdependencias que existen e como afectan os ambientes inadecuados a toda a cadea de vida –augas contaminadas–peixes contaminados–persoas doentes–, á vez que se favorecerá o coñecemento de estratexias de coidado, conservación e desenvolvemento do medio, tales como a reciclaxe.
- En relación co descubrimento dos estados da materia ou das propiedades dos elementos da natureza, é importante darlles oportuni-

des de coñecelos en diferentes situacións e experimentar con eles. Por exemplo, o aire e os seus diferentes estados: vento, correntes, burbullas de aire en auga...

- É importante afianzar a capacidade de observación das nenas e dos nenos a través de situacións tales como os cambios durante o día –a posición do sol, a luminosidade ou o clima– ou en períodos maiores, como as estacións do ano, facendo rexistros pertinentes: fotos, debuxos ou outros recursos que axuden ao recordo e á comparación.
- A capacidade das criaturas de participar nos grupos cos que se relaciona e identificar a diversidade de relacións que mantén cos demais desenvolverase a partir do descubrimento dos principais grupos sociais dos que é integrante, das súas características, das principais relacións que entre eles se establecen, do interese por participar neles, da súa valoración, etc.
- As persoas que forman parte do contorno das criaturas teñen especial interese: saber en que traballan, cales son os seus papeis sociais e que funcións desempeñan –persoal de servizos postais, do sector da banca, de servizos médicos, servizos de seguridade e benestar...–; son aspectos que lles interesan ás nenas e aos nenos e cuxo coñecemento lles permite entender as relacións do seu medio social e cultural. A mestra e o mestre planificarán visitas que poidan realizar as criaturas aos lugares de traballo.
- A observación dos sucesos e acontecementos que teñen lugar nos establecementos da comunidade –bancos, supermercados, carnicerías, bibliotecas, centros de saúde...– facilitará que as nenas e os nenos valoren a súa utilidade para a vida humana, que discriminen os comportamentos e as actitudes máis adecuados en cada lugar e que vaian construíndo o significado de tales servizos, o que lles permitirá actuar neles de forma cada vez máis axustada e autónoma.
- A vivencia do medio social facilitaralles ás nenas e aos nenos un achegamento ás festas, tradicións e costumes, de forma que ao finalizar esta etapa educativa poderán ser capaces de participar e gozar nelas, valorándoas como manifestacións culturais do seu contorno.
- En relación co coñecemento das diversas obras e invencións humanas, é esencial conversar coas criaturas sobre as posibles razóns que levaron a esa creación, destacando a importancia das boas ideas, do enxeño, a solidariedade, a curiosidade, o esforzo, a cooperación, entre

outras, valorando todo tipo de achegas, dende un poema, un muiño, un aeroxerador..., ata un transbordador espacial. É importante favorecer que as nenas e os nenos vaian descubrindo todo tipo de creacións feitas polo ser humano a partir das necesidades que as orixinaron.

- A selección de feitos do que sucede no mundo debe facerse tendo presente os seus intereses, a súa capacidade de comprensión, de expresión e de representación do que acontece. Noticias sobre feitos de solidariedade, avances no seu medio, descubrimentos que se poidan comentar e analizar a partir de programas de TV, recortes significativos de diarios, revistas, fotos, Internet son recursos adecuados para este propósito.

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- A mestra ou mestre posicionarase como mediadora entre as criaturas e a cultura, atendendo á diversidade do alumnado e contemplando situacións que requirirán, ás veces, dirixir, suxerir e outras acompañar.
- É preciso unha observación do que vai ocorrendo para poder facer un seguimento e unha intervención diferenciada e coherente.
- A partir da observación do que saben, podemos intervir en cada caso de xeito máis próximo aos seus coñecementos –axudar a reflexionar sobre o modo de indagar o que di un texto, buscar pistas, buscar coherencia, etc.–.
- O máis axeitado será unha organización que favoreza interaccións a distinto nivel: en relación co grupo-clase, en relación cos grupos de traballo, interaccións individuais da propia criatura con textos, láminas, etc.
- Para ofrecer unha intervención que conecte co saber, co saber facer e co saber estar de cada criatura, é necesario partir dos esquemas de coñecemento do alumnado, en relación coa lectura e coa escritura, e do significado que lle atribúen.

- Débese evitar valorar máis os acertos que os erros e corríxilo todo. Cambiar a idea de evitar os erros pola de empregar os erros, e tamén os acertos, como fonte de información dos coñecementos das criaturas.
- Crear un clima de aceptación e respecto mutuo no que equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, no que cada criatura se sinta retada e ao tempo con confianza para pedir axuda.
- A aceptación e a valoración das achegas de cada criatura, tanto por parte da persoa docente como por parte do resto de compañeiras e compañeiros, deben poder ser acollidas en calquera momento, favorecendo así a creación dun clima de estimulación e seguridade afectiva.
- Aceptar aquilo que as criaturas interpretan sobre o que di o texto e interesarnos máis por saber que fixeron para descubrir o que este di que corríxir o que está mal.
- Será conveniente que a mestra ou o mestre se sitúe a miúdo á expectativa, cunha actitude de espera con respecto ás respostas do alumnado e cunha actitude de escoita activa.
- Diseñar tarefas que permitan que o alumnado poida acceder a elas dende diversos puntos de partida e compartir tamén o obxectivo de cada tarefa.
- Planificar situacións que supoñan para o alumnado pequenos retos que actúen como estímulos para avanzar.
- Orientar o alumnado cara á busca de solucións, abrindo camiños para que, co tempo, cada nena e neno sexan autónomos.
- Compartir a maneira de aprender para lles axudar ás criaturas a confirmar as súas propias estratexias e a imaxinar e probar outras novas, facilitando a posta en común das diferentes estratexias que emprega cada persoa e sistematizalas.
- Crear situacións de comunicación adaptadas ás posibilidades de cada nivel evolutivo establecendo un clima de confianza e afecto, no que as criaturas experimenten o pracer e a necesidade de comunicarse.
- As mestras e os mestres ofrecerán un modelo de linguaxe rico e correcto, xa que a competencia lingüística da nena ou neno depende da calidade e riqueza da linguaxe que escoita ao seu arredor.

- A persoa docente exercerá como modelo de escritora e lectora competente, pero non como unha práctica pouco programada senón de maneira sistemática, durante toda a educación infantil e toda a educación primaria, escribindo notas informativas, recollendo propostas, escribindo textos colectivos, individuais..., lendo contos, cartas, textos científicos... e será modelo realizando tanto escrituras e lecturas en voz alta coma en silencio.
- Para enriquecer a comprensión e a produción lingüística mediante a linguaxe oral, é recomendable propiciar permanentemente actividades relacionadas coa lectura de libros, dramatizacións, recordos, narracións...
- A formulación de preguntas abertas por parte da mestra ou mestre acerca de determinados feitos ou situacións, á parte de estimular a linguaxe infantil, contribúe eficazmente a ensinalles ás criaturas a facerse interrogantes pertinentes e a buscar respostas axeitadas.
- Promoverase o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se estea investigando na aula.
- O conto e o relato nunca deben ser considerados como unha actividade de recheo, senón como unha acción didáctica chea de sentido. Os contos, relatos e lendas son fontes valiosas para que as criaturas fagan inferencias simples sobre características dos personaxes, os seus sentimentos e actitudes e da trama en si mesma.
- Recoméndase incentivar a produción oral –contos, chistes, anécdotas, receitas, etc.– e transcribila en presenza das criaturas, exercendo así como modelo de persoa escritora.
- A lectura periódica de contos seleccionados, polo seu valor literario e interese das criaturas, é unha boa oportunidade para coñecer, escoitar con atención, comentar e promover o interese pola lectura.
- É fundamental expoñer as criaturas con moita frecuencia á audición de narracións e poemas cuidadosamente escollidos, respondendo aos intereses das nenas e dos nenos e á calidade da linguaxe.
- Brindaráselles ás criaturas oportunidades para que creen os seus propios textos, con diferentes recursos –escritura non convencional ou si, debuxos, ditándolles a unha persoa escritora competente para que transcriba...– e con diferentes propósitos.

- Para favorecer que as criaturas fagan hipóteses e interpretacións sobre o contido de diferentes textos –receitas, noticias, etiquetas, contos...–, é importante que as claves de lectura tales como: formato, tipografía, relación título-contido, relación imaxe-texto... sirvan de referentes para interpretalo.
- Para fomentar a lectura nas criaturas, a mestra e o mestre poden implementar distintas estratexias: ler diariamente textos, organizar recantos de lectura, favorecer o funcionamento e o uso da biblioteca de aula e visitar con eles bibliotecas reais e virtuais.
- Organizaranse os contidos tendendo cara a un “enfoque globalizador”, entendéndose como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situación globalis –situacións comunicativas, conflitos ou cuestión sociais, problemas de calquera tipo...–, nas que se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas.
- É preciso que o uso que se faga do ler e do escribir, independentemente do grao de complexidade, sexa real e adquiera significación.
- Para poder atender á diversidade do alumnado e á aprendizaxe de contidos de distinta natureza, organizaranse diversas formas de agrupamento contemplando as potencialidades de cada unha delas:
 - O gran grupo é apropiado cando se trata de planificar conxuntamente as actividades, exposicións, lectura dalgúns textos, distribución de tarefas, explicacións, presentación de modelos, debates, asemblea, conferencias, etc.
 - O grupo pequeno é o ideal para favorecer a interacción cooperativa, permite asignarlle a cada un deles tarefas concretas e estruturadas, de tal xeito que a mestra ou mestre poida prestar as axudas axeitadas segundo o grao de realización da tarefa. Deben ser variables, homoxéneos e heteroxéneos. A organización en parellas acostuma a ser moito máis rendible, polo grao de implicación que comporta –elaborar listas, buscar información, escribir notas, etc.–.
 - A actividade individual é un bo recurso para a interacción máis específica coa persoa docente, ao tempo que promove as estratexias de planificación da acción, a responsabilidade, a autonomía e a autoxestión –elección dun libro para ler e argumentar a elección, poñer a data no encerado tendo que localizala nos calend-

rios da aula, ilustrar unha pasaxe dun texto considerando a relación imaxe-texto, etc.–.


- A distribución da aula establecendo diversos espazos posibilita que o alumnado desenvolva ao mesmo tempo tarefas diferentes.
- Para dinamizar os tempos de falar e as conversas en grupo, prevémos un espazo onde o alumnado poida ver as expresións faciais e os xestos de todas as persoas mentres se dialoga.
- Crearanse recantos da biblioteca, das mensaxes, das noticias, do ordenador, de letras, das audicións, de teatro, da arte, etc., como espazos confortables que inviten a desenvolver actividades neles e contando con material axeitado e ao seu alcance.
- Para desenvolver actividades individualmente, dado que require máis concentración persoal, sería aconsellable ofrecer a posibilidade de que cada nena e neno escolla o lugar que prefira e no que se atopa máis a gusto.
- Para favorecer o contacto permanente con libros, recoméndase crear espazos onde as criaturas poidan frecuentemente realizar actividades de lectura silenciosa.
- É necesario pensar nun recanto tranquilo e atractivo onde situar o da biblioteca de aula con diferentes tipos de textos –contos, poemarios, enciclopedias, dicionarios, revistas, guías telefónicas, periódicos...–, para ler, mirar ou consultar. Para facilitar a escolla dos libros, colócanse de tal xeito que sexa visible a súa portada.
- Preverase o uso da biblioteca do centro polo alumnado de educación infantil.
- Considerarase o espazo de fóra da escola como privilexiado para a ensinanza e a aprendizaxe da lectura e escritura, xa que ofrece múltiples posibilidades de contacto co texto escrito –rótulos, carteis, valos publicitarios, tendas, escaparates, etc.–.
- Será necesario organizar o tempo baixo presupostos de flexibilidade, de xeito que lle permitan ao profesorado axestalo ás características das tarefas.
- Os materiais curriculares axestaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e

consecuentemente ás características individuais do alumnado. Estes materiais permiten distintos graos de lectura ou uso, para iso serán o máis diversos posibles, ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento.

- Potenciarase ao máximo o uso de todo aquilo que o contorno nos ofrece para o achegamento á lingua escrita –cromos, folletos, carteis, periódicos, revistas...– e ao mínimo os materiais específicos para ler, escribir e debuxar.
- En relación coa linguaxe plástica, en especial coa pintura e co debuxo, é necesario que as criaturas comprendan que os efectos que elas xeran sobre as súas producións dependen das cores que empregan, do tipo de pintura, dos movementos que realizan, da presión que exercen, dos materiais e dos formatos que escollen.
- Para potenciar as capacidades de representación das criaturas, é necesario apoialas e motivalas a través de comentarios e suxestións que lles permitan tomar unha maior conciencia dos diferentes aspectos da súa realidade.
- Fronte ás creacións e expresións artísticas das criaturas, é importante que as persoas adultas aprecien todas estas manifestacións validándooas e valorándooas como orixinais, particulares e propias de cada persoa.
- Farase un rexistro sobre a evolución creativa de cada criatura, valorando tanto os procesos coma os produtos.
- Para favorecer a creación, suxírese organizar actividades nas cales as criaturas propoñan os seus proxectos persoais, optando polo que desexen expresar, de que xeito o van a facer e que materiais van empregar.
- Para fortalecer nas nenas e nos nenos a confianza sobre a súa capacidade creativa, é importante que teñan a oportunidade de perfeccionar diferentes técnicas e combinalas creando outras, facendo uso de variados soportes que impliquen diferentes posicións corporais –cabaletes, sentados, deitados...–.
- As persoas adultas poden axudar a formar o sentido estético, dándooles oportunidades ás criaturas de tomar contacto con distintos estilos artísticos e apreciando a beleza e a diversidade das cousas.

- As diversas formas de expresión artística –plásticas, corporais e musicais– non serán tan só un medio para representar a realidade, senón tamén unha fonte inspiradora de significados. A posibilidade de asistir a exposicións de arte, escoitar distintos repertorios musicais, observar esculturas, danzas e vídeos son experiencias que enriquecen o coñecemento do seu contorno nas súas distintas dimensións.
- A intervención da persoa docente –guiando, animando, apoiando, abrindo novos camiños, suxerindo...– estimulará a creatividade da criatura e contrarrestará estereotipos e convencionalismos.
- En ningún caso, as actividades relacionadas coa linguaxe plástica, musical, dramática ou corporal poden considerarse un complemento a outras actividades ou un recheo entre tarefas, teñen valor educativo por si mesmas.
- Aínda que os aspectos de elaboración e de produción primarán na etapa da educación infantil, non hai que perder de vista a vertente máis contemplativa inherente á produción plástica, musical, dramática e corporal –visitar exposicións, asistir a concertos, a representacións culturais...–, nin o carácter de manifestación xenuína da cultura que posúe.
- A persoa adulta será prudente á hora de facer valoracións sobre as producións infantís para preservar a espontaneidade da creación fronte aos estereotipos e aos criterios preestablecidos de beleza ou perfección.
- Os materiais plásticos axudaránlle ao alumnado a ampliar os campos sensorio-perceptivos e expresivos. O contacto con materiais específicos –lapis de cor, pinturas de cera, barro, útiles de pintura e modelado...– e inespecíficos –follas, pedras, cunchas, cortizas, alimentos...–proporcionaránlle moitas sensacións visuais, táctiles, olfactivas, auditivas e gustativas e abriránlle asemade o campo da creatividade na produción de "obras de arte".
- Para apreciar os diferentes elementos do son e da música, é conveniente que as criaturas exploren distintos instrumentos musicais para coñecer as súas características.
- Nas actividades plásticas, musicais e corporais, é esencial que as criaturas gocen coa súa práctica.

- O xogo é un elemento educativo de primeira orde para desenvolver os contidos referidos a estas linguaxes, polo seu carácter motivador, polas posibilidades que lle ofrece á criatura para que explore distintas maneiras de expresión e por permitir a interacción entre iguais e coa persoa adulta.
- Co descubrimento da capacidade que ten o corpo para emitir sons e ritmos, temos ante nós un abano amplo de posibilidades rítmico-lúdicas que producirán gran leducia en nenas e nenos e irán creando actitudes de gusto e gozo cara a este tipo de actividades.
- É conveniente dispor dunha selección musical axeitada cara á representación de actividades expresivas e cara á estimulación que se desexe conseguir –relaxación, descritiva, de movemento...–.
- Nas planificacións recolleranse momentos dedicados á observación, ao diálogo e á reflexión, á experimentación, á creación e á avaliación.
- É interesante, para constatar a evolución de cada criatura, na conceptualización do noso sistema de notación alfabética, gardar as producións realizadas por cada nena e neno, en diferentes datas, dunha mesma actividade de escritura –título dun conto, mensaxe curta, etc.–.
- Non é suficiente con avaliar as aprendizaxes que desenvolve o alumnado, senón que é necesario, ademais, avaliar a nosa propia actuación como persoas educadoras e as actividades de ensinanza-aprendizaxe que planificamos e desenvolvemos coas nenas e nenos.
- Potenciarase que o alumnado reflexione sobre os seus progresos mostrándolle as súas producións dunha etapa anterior e realizando unha coavaliación. Isto resulta sempre satisfactorio e un motivo de fortalecemento da autoestima.



**5. ACHEGA DA ETAPA DA
EDUCACIÓN INFANTIL Á
ADQUISICIÓN DE
COMPETENCIAS BÁSICAS**

5. Achega da etapa da educación infantil

A LOE establece oito competencias básicas que o alumnado de ensino obrigatorio debe acadar e enténdese por competencias básicas o conxunto de destrezas, coñecementos e actitudes axeitadas ao contexto que todo o alumnado debe adquirir para lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, establecéronse oito competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática.
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
- Tratamento da información e competencia dixital.
- Competencia social e cidadá.
- Competencia cultural e artística.
- Competencia para aprender a aprender.
- Autonomía e iniciativa persoal.

O currículo para a educación básica incorpora este novo elemento e, aínda que estas veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie dende o comezo da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente. Estas competencias, polo tanto, orientarán e impregnarán o currículo de educación infantil e teranse como referentes que guíen a práctica educativa e condicionen o tratamento das áreas.

Así, dende as diferentes áreas do currículo de educación infantil, contribuírase á súa adquisición. Tanto os obxectivos como a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas e os criterios de avaliación servirán de referencia para valorar o progreso nestas competencias.

DEFINICIÓN E CONTRIBUCIÓN DENDE AS ÁREAS DE EDUCACIÓN INFANTIL AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Competencia en comunicación lingüística

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico, xerar ideas, estruturar o coñecemento, darlle coherencia a un discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral ou escrita, todo o que contribuírá ademais ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.

Tendo en conta estes aspectos, dende as diferentes áreas do currículo de educación infantil contribúese á adquisición desta competencia como segue:

- Poténciase o uso da lingua para unha comunicación positiva cos iguais e coas persoas adultas, segundo as diferentes intencións comunicativas.
- Foméntase o uso da lingua para evocar e relatar feitos, para adquirir coñecementos, para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións e para facer peticións.

- Recoñécese que a comunicación lingüística debe ser motor da resolución pacífica de conflitos, de aí que a lingua dende educación infantil se converta en mecanismo para regular a propia conduta e a dos demais.
- Trabállase a comprensión de mensaxes orais, facendo fincapé na necesidade de manter unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- Introdúcese unha lingua estranxeira en situacións de comunicación reais e funcionais, desenvolvendo actitudes positivas cara a esa lingua.
- Favorécese o achegamento á lingua escrita, valorándoa como medio de comunicación, información e gozo, presentando na aula situacións significativas, tanto de lectura coma de escritura, con diferentes finalidades: coñecer, transmitir, localizar ou procurar información, recordar datos, comunicar resultados, como entretemento e diversión, explicar como facer determinada tarefa...
- Dende as diferentes linguaxes, impúlsase o interese das criaturas por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir cos demais as experiencias creativas, estéticas e comunicativas, empregando para iso diferentes medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.
- Promóvese a verbalización e a expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- Facilitase o uso da linguaxe como instrumento de autorregulamento da conduta, facendo fincapé na necesidade de que as nenas e os nenos comprendan, acepten e valoren as regras do xogo, amosen disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo de forma cada vez máis autónoma e intenten comprender a posición, dereitos e sentimentos das outras persoas.
- Favorécese a adquisición de habilidades que melloren a interacción, colaboración e establecemento de relacións de afecto coas persoas adultas e cos iguais.
- Impúlsase a estruturación do coñecemento mediante a investigación e estudo, empregando diversas fontes de información –tex-

tos expositivos, documentais, familia, persoas expertas, Internet...– e contrastando datos entre compañeiras e compañeiros.

- Poténciase a formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas e buscando respostas e explicacións a diferentes fenómenos.
- Participase en proxectos de grupo de investigación, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.
- Establécese un achegamento a algúns acenos de identidade cultural, sucesos e persoas relevantes da historia da súa comunidade, do seu país e do mundo, mediante relatos, narracións, visitas reais ou virtuais, libros, Internet...

Contribuirase á mellora da competencia lingüística dende a educación infantil, fomentando a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que se anime a ler, escribir e conversar.

Competencia matemática

Consiste na habilidade para empregar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático, tanto para producir e interpretar distintos tipos de información, como para ampliar o coñecemento sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e co mundo laboral. Así mesmo, esta competencia implica o coñecemento e manexo dos elementos matemáticos básicos –distintos tipos de números, medidas, símbolos, elementos xeométricos, etc.– en situacións reais ou simuladas da vida cotiá e a posta en práctica de procesos de razoamento que levan á resolución dos problemas ou á obtención de información.

Así, dende as diferentes áreas do currículo de educación infantil, contribúese á adquisición desta competencia como segue:

- Pártese da consideración da linguaxe matemática como un instrumento para o coñecemento do contorno e a interacción co mundo.

- Poténciase o desenvolvendo de determinadas habilidades lóxico-matemáticas en situacións contextualizadas e significativas.
- Proponse explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles, recoñecendo os seus atributos e calidades.
- Facilítaselles ás criaturas a posibilidade de establecer coleccións, agrupando, clasificando e ordenando segundo distintos criterios.
- Faise un tratamento e uso dos números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.
- Formúlanse estratexias para a verificación de resultados.
- Proponse a resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá, que sexan significativas para as criaturas e nas que estea presente o número.
- Poténciase o razoamento e a reflexión, partindo de actividades lúdicas como os xogos de mesa e os xogos populares.
- Faise o achegamento, a través da estimación, ás magnitudes de peso, lonxitude, capacidade e tempo, coa finalidade de resolver problemas relacionados con situacións cotiás.
- Proponse a resolución de sinxelos problemas da vida cotiá, para o que se fai necesario formular hipóteses, buscar alternativas, solucións, novas posibilidades e anticipar consecuencias e para cuxa resolución pode ser preciso aplicar operacións, como engadir, quitar, repartir, medir, ordenar...
- Proponse o recoñecemento dalgúns aspectos xeométricos básicos, como as liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas e cubos.
- Suxírese a vivenciación e posterior representación e interpretación do espazo, facendo uso de planos, mapas...

Contribuirase á mellora da competencia matemática na educación infantil, na medida en que os elementos e razoamentos matemáticos se empreguen para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen.

Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

Esta competencia refírese á habilidade para interactuar co mundo físico, de modo que facilite a comprensión de sucesos, a predición de consecuencias, así como o coidado do medio ambiente e a protección da saúde individual e colectiva. Así mesmo, a competencia de interactuar co espazo físico leva implícito ser consciente da influencia que ten a presenza das persoas no espazo, a súa actividade, as modificacións que introducen e as paisaxes resultantes, así como da importancia de que todos os seres humanos se beneficien do desenvolvemento e de que este procure a conservación dos recursos e a diversidade natural, mantendo a solidariedade global e interxeracional. Supón, así mesmo, demostrar espírito crítico na observación da realidade e na análise das mensaxes informativas e publicitarias, así como uns hábitos de consumo responsable na vida cotiá. En definitiva, esta competencia supón o desenvolvemento e a aplicación do pensamento científico-técnico para interpretar a información que se recibe e para predicir e tomar decisións con iniciativa e autonomía persoal nun mundo no que os avances que se van producindo nos ámbitos científico e tecnolóxico teñen unha influencia decisiva na vida persoal, na sociedade e no mundo natural.

Tendo en conta estes aspectos, dende as diferentes áreas do currículo de educación infantil contribúese á adquisición desta competencia como segue:

- Impúlsase a práctica de accións e o recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e a adquisición de hábitos saudables: a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable, o descanso..., así valorarase o gusto por participar en actividades que favorecen un aspecto persoal coidado, un contorno limpo e esteticamente agradable e por colaborar na creación dun ambiente xerador de benestar.
- Estableceranse as correspondencias entre os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e os factores que os producen, iniciándose na formulación de hipóteses. Así, buscaranse respostas e explicacións para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.

- Desenvolveranse actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na conservación do contorno, valorando a necesidade de moverse en espazos saudables e identificando iso as condicións que os caracterizan.
- Potenciarase que as criaturas asuman un enfoque proactivo cara á súa seguridade e o benestar.
- Fomentarse a adquisición de hábitos de prevención, tanto de enfermidades como de accidentes domésticos, identificando situacións de risco e actuando coherentemente ante elas.
- Fomentarse unha valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiás que favorecen a saúde, como poden ser: o paseo, o xogo ao aire libre, o exercicio físico controlado... e por aqueles que non a favorecen, como poden ser: o sedentarismo, o tabaquismo, o uso inapropiado do teléfono móbil, o uso ilimitado de televisión, vídeo-consolas ou xogos de ordenador...
- Procurarase a sensibilización cara ao compromiso e cara á toma de conciencia en relación coa colaboración en diferentes proxectos sociais –ONG, asociacións ecolóxicas, asociacións etnográficas e arqueolóxicas...– de protección e conservación do patrimonio e do medio natural e social.
- Iniciaranse no coñecemento, coidado e uso dalgunha ferramenta tecnolóxica, como o ordenador, a cámara fotográfica, encendido dixital interactivo, gravadoras..., desenvolvendo unha actitude crítica ante a veracidade da información que proporcionan.

Contribuirase, polo tanto, á adquisición desta competencia dende a educación infantil iniciando as criaturas no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias, observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predicir, xerar novas ideas e solucións...

Tratamento da información e competencia dixital

Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse. Está asociada coa busca, selección, rexistro e tratamento ou análise da información, utilizando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á que se acuda e o soporte que se empregue –oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia–.

O tratamento da información e a competencia dixital implican ser unha persoa autónoma, responsable, crítica e reflexiva, ao seleccionar, tratar e utilizar a información, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas. Tamén ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario e respectando as normas de conduta acordadas socialmente para regular o uso da información.

Así, dende as diferentes áreas do currículo de educación infantil, contribúese á adquisición desta competencia como segue:

- Faise un achegamento á lingua escrita, entre outras funcións, como medio de comunicación e información. Así, traballarase con variedade de textos informativos en diferentes soportes: libros, enciclopedias, páxinas web..., sempre en contextos reais e significativos da aula.
- Potenciarase o uso, na medida das súas posibilidades, da linguaxe audiovisual e das tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación, empregando as diferentes ferramentas tecnolóxicas –ordenador, cámara web, cámara fotográfica, encerado dixital interactivo, gravadoras e reprodutores de imaxe e son...–.
- Promoverase a identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías –videotecas, coleccións de CD, ordenadores, Internet...– como fontes de información, de comunicación..., desenvolvendo unha actitude crítica ante a veracidade da información que proporcionan.

- Contarase coa biblioteca como espazo privilexiado de procura de información.
- Facilitarase o emprego de diversas fontes de información –textos expositivos, documentais, familia, persoas expertas, Internet...– e de instrumentos tecnolóxicos para o afondamento en estudos de proxectos de aula.

Se dende a educación infantil se quere contribuír a mellorar esta competencia, é preciso que se propoñan situacións onde sexa necesario resolver problemas reais, para o cal se recorrerá ao tratamento da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles, mellorando así a competencia dixital.

Competencia social e cidadá

Esta competencia posibilita comprender a realidade social na que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora. Nela están integrados coñecementos diversos e habilidades complexas que permiten participar, tomar decisións, elixir como comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das eleccións e decisións adoptadas.

En consecuencia, entre as habilidades desta competencia destacan coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio e tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo. Ademais, implica a valoración das diferenzas, á vez que o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.

Igualmente, a práctica do diálogo e da negociación para chegar a acordos como forma de resolver os conflitos, tanto no ámbito persoal coma no social.

En definitiva, esta competencia supón comprender a realidade social na que se vive, afrontar a convivencia e os conflitos empregando o xuízo ético baseado nos valores e prácticas democráticas e exercer a cidadanía,

actuando con criterio propio, contribuíndo á construción da paz e da democracia e mantendo unha actitude construtiva, solidaria e responsable ante o cumprimento dos dereitos e obrigas cívicas.

Tendo en conta estes aspectos, dende as diferentes áreas do currículo de educación infantil contribúese á adquisición desta competencia como segue:

- Potenciarase a identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas, facendo uso da expresión oral para regular a propia conduta, para relatar vivencias, razoar, resolver situacións conflictivas, facer valoracións, comunicar os seus estados anímicos e compartilos.
- Iniciaranse nas normas que rexen as situacións comunicativas –respectar quendas de intervención, escoitar atentamente, respectar a opinión das demais persoas...– e no emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas –saúdos, despedidas, formulas de cortesía, cumprimentos...–.
- Farase fincapé na necesidade de avanzar na xestión progresiva dos propios sentimentos e emocións, co fin de controlar as rabechas, resolver pacificamente os conflitos e chegar á aceptación das normas.
- Impulsarase a valoración positiva e o respecto polas diferenzas, aceptando a identidade e as características das demais persoas e evitando actitudes discriminatorias.
- Manterase unha actitude crítica ante os estereotipos sexistas ofertados a través da publicidade e doutros medios de comunicación social.
- Propoñerase o xogo como vía de relación e será necesario manter unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas, comprendendo e aceptando as regras para xogar e valorando positivamente tanto os xogos propios da nosa cultura coma os doutras.
- Desenvolveranse as habilidades necesarias para a interacción e a colaboración, farase fincapé na necesidade de manter unha acti-

tude positiva nas relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade.

- Iniciarase as criaturas na autoxestión do seu comportamento, tendo en conta as necesidades das outras persoas e as normas de funcionamento do grupo.
- Favorecerase a integración e vinculación afectiva aos grupos sociais de pertenza máis próximos e a acomodación da súa conduta aos principios, valores e normas que os rexen, recoñecendo e valorando a necesidade destas para convivir.
- Farase fincapé na necesidade de avanzar na incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, amosando disposición para compartir e para resolver conflitos cotiáns mediante o diálogo de forma cada vez máis autónoma.
- Ampliarase o contexto de relacións das criaturas, establecendo variedade de relacións con iguais e persoas adultas próximas, doutros lugares e de diferentes culturas, a través dos diversos medios de comunicación virtuais e ordinarios.

Así, dende a educación infantil, contribuírase ao desenvolvemento desta competencia traballando as habilidades sociais –estas baséanse fundamentalmente no dominio das habilidades de comunicación e requiren dunha boa autoxestión emocional– que permiten mediar nos conflitos da convivencia, que axudan a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía.

Competencia cultural e artística

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e gozo e considéralas como parte do patrimonio dos pobos. Apreciar o feito cultural en xeral, e o feito artístico en particular, leva implícito dispoñer daquelas habilidades e actitudes que permiten acceder ás súas distintas manifestacións, así como habilidades de pensamento, perceptivas e comunicativas, sensibilidade e sentido estético para poder comprendelas, valoralas, emocionarse e gozalas.

Así, dende as diferentes áreas do currículo de educación infantil contribúese á adquisición desta competencia como segue:

- Promóvese o recoñecemento dalgunhas manifestacións culturais presentes e doutras realidades, valorando a súa diversidade e riqueza.
- Trátase de que as criaturas amosen unha actitude positiva cara a aprendizaxes das linguas, como elementos da cultura, amosando interese por participar en interaccións orais, en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.
- Achéganse as nenas e os nenos ás manifestacións artísticas, facilitándolles distintos medios, materiais e técnicas propias das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais que lles permitan expresarse e comunicarse e, asemade, desenvolver a súa sensibilidade estética e actitudes positivas cara ás diferentes producións.
- Favorecerase o contacto dos nenos e nenas con diferentes tipos de obras plásticas presentes no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesás, coa finalidade de que vaian formando un criterio de gusto propio e de que sexan quen de indicar o que lles gusta e o que non de cada obra e de manifestar as emocións e as sensacións que lles producen, as ideas que lles suxire...
- Potenciarase a audición de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas.
- Fomentarase a participación activa e o gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais.
- Proporcionarase un achegamento á literatura, coa finalidade de gozar das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen, iniciando as criaturas nos faladoiros literarios, onde compartirán interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.

Dende a educación infantil, contribuírase ao desenvolvemento desta competencia cando o centro estea aberto ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdose nun espazo no que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais, onde se potencie o emprego dalgúns recursos da expresión artística para realizar creacións propias; onde se

manteña unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais e onde se impulse cultivar a propia capacidade estética e creadora das criaturas e o interese por participar na vida cultural e por contribuír na conservación do patrimonio.

Competencia para aprender a aprender

Aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo cos propios obxectivos e necesidades. Esta competencia ten dúas dimensións fundamentais: a adquisición da conciencia das propias capacidades –intelectuais, emocionais, físicas–, do proceso e as estratexias necesarias para desenvolverlas e ser consciente do que se pode facer por un mesmo e do que se pode facer con axuda doutras persoas ou recursos. Significa ser consciente do que se sabe e do que é necesario aprender, de como se aprende e de como se xestionan e controlan de forma eficaz os procesos de aprendizaxe, optimizándoos e orientándoos a satisfacer obxectivos persoais.

Tendo en conta estes aspectos, dende as diferentes áreas do currículo de educación infantil contribúese á adquisición desta competencia como segue:

- Planifícanse situacións de comunicación nas que sexa preciso argumentar e xustificar as respostas.
- Farase uso das bibliotecas de centro e de aula como espazo privilexiado de recursos para o coñecemento.
- Formularanse interrogantes acerca de determinados aspectos da realidade, para cuxa resolución será preciso que as criaturas:
 - planifiquen a súa acción en función do logro dun obxectivo desexado,
 - prevexan os posibles resultados,
 - busquen a información que necesitan,
 - colaboren na resolución dos problemas,

- valoren a pertinencia das solucións atopadas,
 - desenvolvan procedementos de intervención no medio
 - e anticipen e valoren posibles secuencias.
- Favorecerase a formación dunha imaxe persoal axustada e positiva, a capacidade para utilizar os recursos propios, o coñecemento das súas posibilidades e limitacións, a confianza para emprender novas accións e a superación das dificultades.
 - Desenvolveranse hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de iniciativa e de esforzo.
 - Potenciarase que as criaturas teñan iniciativa, planifiquen e secuencien a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá.

Así, dende a educación infantil, contribuírase á mellora desta competencia deseñando unha práctica educativa que incida na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte das criaturas a planificación e organización da tarefa para realizar e a selección e o tratamento da información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos.

Autonomía e iniciativa persoal

Esta competencia refírese, por unha parte, á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o autoconhecimento e a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, de calcular riscos e de afrontar os problemas, así como a capacidade de demorar a necesidade de satisfacción inmediata, de aprender dos erros e de asumir riscos. Por outra parte, remite á capacidade de elixir con criterio propio, de propoñer proxectos e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver as opcións e plans persoais –no marco de proxectos individuais ou colectivos–, responsabilizándose deles tanto no ámbito persoal, coma social e laboral.

Así, dende as diferentes áreas do currículo de educación infantil contribúese á adquisición desta competencia como segue:

- Establécese como obxectivo da educación infantil acadar por parte das criaturas maior autonomía persoal e iniciativa e ser capaces de ir pouco a pouco regulando o propio comportamento, co fin de chegar á resolución pacífica de conflitos, manifestando satisfacción pola realización de tarefas e tomando conciencia da propia competencia.
- Tratarase de progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde.
- Daráselles a oportunidade ás criaturas de que teñan iniciativa, planifiquen e secuencien a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá. Búscase que vaian aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.

Dende a educación infantil, contribúese a mellorar esta competencia cando se permite imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.

O enfoque por competencias modifica os puntos de vista convencionais sobre a forma de aprender e de ensinar, pois o aspecto central non é a acumulación de coñecementos, senón o desenvolvemento das posibilidades que posúe calquera individuo mediante fórmulas "de saber" e "de facer" contextualizadas.

AS COMPETENCIAS BÁSICAS E A SÚA REPERCUSIÓN NA METODOLOXÍA

A incorporación das competencias básicas no currículo obriga a reformular a práctica educativa. Precísase un cambio, débense abandonar os tradicionais modelos de transmisión do coñecemento por modelos que permitan a mobilización de diferentes recursos cognitivos. O paradigma

educacional referente debe ser o de "aprender a aprender" e de "aprender facendo", precisase unha aprendizaxe significativa que se transfira a situacións da vida real e que implique a resolución de problemas na práctica.

Unha xestión docente baseada na formación de competencias ten que asumir estratexias didácticas "que afonden no proceso e que destaquen a función orientadora da mestra e mestre".

Para desenvolver as competencias, é necesario traballar por proxectos e resolvendo problemas; así, propoñeranse tarefas e retos que inciten as alumnas e os alumnos a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

Neste enfoque por competencias, a persoa docente asumirá o rol de organizadora de situacións didácticas e actividades que teñan sentido para o alumnado que o involucre, xerando deste xeito aprendizaxes fundamentais. O papel da persoa docente será, polo tanto, o de organizadora dunha pedagogía construtivista; creará situacións de aprendizaxe e garantirá a súa significatividade, xestionará a heteroxeneidade e regulará os procesos.

Sen dúbida, no traballo por proxectos as nenas e os nenos aprenden porque teñen interese polo que fan, senten curiosidade, o que aprenden ten sentido, está contextualizado e establecen relacións co que xa saben. Trátase dunha aprendizaxe compartida e cooperativa, onde as criaturas planifican a súa acción e definen o que queren facer. Con esta metodoloxía, as propias criaturas organizan, revisan, transforman..., e son cada vez máis autónomas e protagonistas do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe. Ao mesmo tempo, o feito de que un grupo desenvolva unha tarefa sobre o mesmo tema lévaos a compartir, debater, investigar..., producíndose unha verdadeira comunicación entre todas e todos na aula e aprendendo a considerar as diferentes opinións.

Dende a metodoloxía de proxectos, trátase de achegar a escola á vida diaria. Dende un enfoque globalizador aberto, provócanse aprendizaxes significativas, partindo dos intereses das nenas e dos nenos, das súas experiencias e coñecementos previos. Dende a perspectiva didáctica, o proxecto articúlase como un itinerario formativo planificado en situacións de ensino durante as cales se poñen en práctica diferentes competencias básicas.



XUNTA
DE GALICIA



XACOBEO 2010
Galicia

ción
o e fac
ecendo a
es. 3. Para
Administra
mación requir
traciones públic
ción de compet
eles mozos e adu
on. 5. O sistema
over que toda a
ndaria postobriga
s facilitar o acce
te e as r